# NORMAS
# ORTOGRÁFICAS E MORFOLÓXICAS DO IDIOMA GALEGO

# NORMAS
# ORTOGRÁFICAS E MORFOLÓXICAS DO IDIOMA GALEGO

REAL ACADEMIA GALEGA

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

*1ª edición, outubro 1982. 2ª edición, marzo 1983. 3ª edición, outubro 1983. 4ª edición, outubro 1984. 5ª edición, agosto 1985. 6ª edición, agosto 1986. 7ª edición, outubro 1987. 8ª edición, outubro 1987. 9ª edición, outubro 1991. 10ª edición, outubro 1992. 11ª edición, novembro 1993. 12ª edición, outubro 1994. 13ª edición revisada, maio 1995. 14ª edición, xaneiro 1996. 15ª edición, novembro 1996. 16ª edición. decembro 1997. 17ª edición, setembro 2000. 18ª edición revisada, decembro 2003. 19ª edición, febreiro 2004. 20ª edición, febreiro 2005.*

© REAL ACADEMIA GALEGA
© INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

Deseño e maquetación:
DESOÑOS

I.S.B.N.: 84-87987-51-6

Depósito Legal: VG-186-2005

Imprime:
Artes Gráficas Vicus, S. A. L.
Rúa Segovia, 19 - Vigo

# Presentación

*A Lei de Normalización Lingüística (Lei 3/1983), na súa disposición adicional, recoñécelle á Real Academia Galega o criterio de autoridade para establecer a normativa e ditaminar cal é o uso correcto da lingua. Pídelle tamén a súa actualización e revisión en función do proceso de normalización do uso do galego. A nosa Institución, atenta aos cambios que a sociedade demanda, cumpriu este mandato. Nesta liña débense interpretar as modificacións á Norma levadas a cabo en 1995 e as efectuadas, con maior profundidade, no ano 2003.*

*Para levar a cabo esta reforma, e como garantía de maior acerto, a Real Academia Galega nomeou unha Comisión de Estudo, integrada por catro académicos numerarios, tres representantes dos Departamentos de Filoloxía Galega das tres Universidades de Galicia e un representante do Instituto da Lingua Galega. A Comisión estudou durante varios meses os cambios que, ao seu criterio, deberían introducirse na normativa. Os resultados do traballo da Comisión foille presentado á Real Academia Galega, quen os aprobou na sesión plenaria celebrada o 12 de xullo de 2003.*

*O modelo lingüístico proposto baséase fundamentalmente na lingua viva falada polo noso pobo, limpa dos elementos alleos que non son necesarios, tratan de seguir a mellor tradición histórica, buscan que nel se sinta representada a maioría dos falantes, e procura ser coherente coas demais linguas de cultura.*

*A busca da concordia lingüística explica que se introducisen aspectos asumibles doutras propostas normativas. Esta é a razón da inclusión de solucións dobres, algunhas das cales xa estaban presentes nas normas anteriores pero quizais non formuladas coa suficiente claridade.*

*Estamos seguros de que as Normas que hoxe presentamos, que non supoñen cambios radicais con respecto ás anteriores, terán unha acollida social favorable e mesmo entusiasta. Esperamos que sexan un punto de encontro para todos, o que nos permitirá avanzar decididamente no proceso de normalización da nosa lingua.*

Xosé Ramón Barreiro Fernández
**Presidente da Real Academia Galega**

# Nota á décimo terceira edición

Hai xa case trece anos que se aprobou nunha sesión conxunta da Real Academia Galega e do Instituto da Lingua Galega a primeira edición das *Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.* Desde aquela as dúas institucións non cesaron de realizar estudios cada vez mais profundos e documentados sobre a historia e a realidade actual da nosa lingua. A esta altura pareceunos necesario facer un exame pausado do texto normativo que nos levou ó fondo convencemento da súa bondade, da súa solidez científica e da plena validez dos principios que o inspiran.

Non obstante, considerámo-la conveniencia de realizar pequenas modificacións puntuais, de reforzar algúns dos argumentos e, sobre todo, de cubrir algunha lagoas que presentaba a versión do ano 1982.

O resultado é este texto, revisado, actualizado e ampliado, que foi aprobado polo Consello Científico do Instituto da Lingua Galega o día 11 de novembro de 1994, e pola Real Academia Galega en sesión extraordinaria do día 25 de febreiro de 1995.

# Nota á edición de 1982

As presentes normas constitúen o acordo da Real Academia Galega e do Instituto da Lingua Galega en materia de unificación ortográfica e morfolóxica.

A comisión que elaborou a proposta, guiada polos principios expostos na introducción, tivo en conta as normas achegadas por cada unha das institucións, pero considerou oportuno revisalas e amplialas en puntos insuficientemente tratados nas respectivas normativas, así como incorporar outros que non foran nunca obxecto da normativización.

A proposta foi aprobada nunha sesión conxunta da Real Academia Galega e do Instituto da Lingua Galega o 3 de xullo de 1982.

# INTRODUCIÓN

A elaboración das presentes *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* fíxose atendendo aos seguintes principios:

1. A lingua normativa ten que estar ao servizo da cultura dun pobo real e concreto, e por tanto ha de ser necesariamente continuadora da lingua falada pola comunidade e ha de achegarse canto sexa posible a ela, a fin de enraizar sobre bases seguras e vivas. Agora ben, para que estas bases sexan efectivamente sólidas, a norma debe acoller un galego fiel a si mesmo e limpo de canto de alleo innecesario hai incrustado na fala viva pola presión do castelán. É dicir, a lingua común debe ser o máis galega posible, establecida sen sometementos nin dependencias, con atención escrupulosa á estrutura e características lingüísticas do galego.

2. O galego normativo ten que ser o vehículo expresivo común e válido para todo o pobo galego, voz apta e dispoñible para as súas manifestacións tanto escritas coma orais, tanto artísticas coma utilitarias. Consecuentemente, o galego común non pode basearse nun único dialecto, senón que debe prestar atención preferentemente á extensión xeográfica e demográfica das formas para seleccionar as normativas. Ha de ser, pois, supradialectal e lograr que o maior número posible de falantes galegos se identifiquen coas solucións acordadas.

3. O galego común debe seguir as boas tradicións da antiga lingua galega que sexan compatibles coa maneira de ser moderna da lingua, de xeito que as formas tradicionais sexan preferidas ás máis innovadoras e evolucionadas. Debe recoñecer tamén a súa propia literatura e cultura máis recentes, emparentando así con todos os escritores anteriores e aceptando solucións xa consagradas polo uso.

4. As escollas normativas deben ser harmónicas coas das outras linguas, especialmente coas romances en xeral e coa portuguesa en particular, evitando que o galego adopte solucións insolidarias e unilaterais naqueles aspectos comúns a todas elas. Para o arrequecemento do léxico culto, nomeadamente no referido aos ámbitos científico e técnico, o portugués será considerado recurso fundamental, sempre que esta adopción non for contraria ás características estruturais do galego. As escollas deben decidirse de acordo cun criterio de coherencia interna, a fin de que o galego común non resulte arbitrario e incongruente.

Unha lingua común asentada na fala, mais depurada de castelanismos, supradialectal, enraizada na tradición, coherente e harmónica coas demais linguas de cultura, esixe:

1. Excluír o diferencialismo radical porque, aínda querendo ser unha postura de defensa fronte ao castelán, manifesta de feito unha posición dependente e dominada con respecto a esta lingua. Han de excluírse, con maior razón, solucións diferencialistas que só sexan falsas analoxías e vulgarismos.

2. Excluír tamén a evasión cara á lingua medieval: formas definitivamente mortas e arcaicas non deben suplantar outras vivas e galegas.

3. Valorar a contribución do portugués peninsular e brasileiro, mais excluír solucións que, aínda sendo apropiadas para esa lingua, sexan contrarias á estrutura lingüística do galego. O punto de partida e de chegada en calquera escolla normativa ha de ser sempre o galego.

~~~



Para aqueles casos en que se ofrecen varias posibilidades, independentemente de que estas estean na fala ou en usos escritos ou sexan xa de uso xeral, o texto destas *Normas* vai acompañado de notas, impresas en letra máis miúda. Estas notas tratan de explicar as razóns que motivan as propostas normativas, que se apoian, por outra parte, nos principios anteriormente expostos de maneira xerárquica. Nalgún caso moi concreto, debido á presenza forte e tradicional de certas solucións, ofrécese provisoriamente a posibilidade de optar entre unha ou outra proposta normativa, por máis que unha das alternativas apareza presentada como prioritaria. As propias *Normas* foron redactadas escollendo, de entre as dobres alternativas, aquelas opcións que pareceron máis recomendables.
~~~

# 1. O Alfabeto

O alfabeto galego moderno componse das seguintes letras; xunto coa letra e co nome dáse a pronuncia máis representativa:

| LETRA | NOME | PRONUNCIA |
|---|---|---|
| a | a | [a] |
| b | be | [b] |
| c | ce | [θ] (ou [s]), [k] |
| d | de | [d] |
| e | e | [e], [ɛ] |
| f | efe | [f] |
| g | gue | [g] (ou [h]) |
| h | hache | - (cero) |
| i | i | [i] |
| l | ele | [l] |
| m | eme | [m] |
| n | ene | [n] |
| ñ | eñe | [ɲ] |
| o | o | [o], [ɔ] |
| p | pe | [p] |
| q | que | [k] |
| r | erre | [ɾ], [r] |
| s | ese | [s̺] |
| t | te | [t] |
| u | u | [u] |
| v | uve | [b] |
| x | xe | [ʃ], [ks̺] |
| z | zeta | [θ] (ou [s]) |

Na ortografía galega moderna utilízanse tamén os seguintes dígrafos que representan un único fonema:

| DÍGRAFO | NOME | PRONUNCIA |
|---|---|---|
| ch | ce hache | [tʃ] |
| gu | gue u | [g] (ou [ħ]) |
| ll | ele dobre | [ʎ] (ou [ɟ]) |
| nh | ene hache | [ŋ] |
| qu | que u | [k] |
| rr | erre dobre | [r] |

Os nomes románicos das letras proceden, en xeral, do latín. Os elementos consonánticos do alfabeto romano soletreábanse, despois de Varrón, e en moitos casos xa antes, apoiando o son da letra nun e anterior (cando a consoante era fricativa ou líquida: *ef, el, em, er, es*) ou posterior (cando a consoante era oclusiva: *be, ce* [ke:], *de, ge* [ge:], *pe, te*). Para o son oclusivo velar xordo había tamén unha letra grega, *k*, que se chamaba *ka* porque así era a primeira sílaba do seu nome grego (*kappa*). Tamén había unha letra *q*, que aparecía sempre en combinación con *u* para indicar que se pronunciaba [kw], e de aí o seu nome latino *ku* e romance *cu*, que se mudou en *que* por razóns eufemísticas. Todos estes nomes mantéñense en galego con algunha adecuación ocasional: *ef* > *efe*, *em* > *eme* (porque o galego non tolera palabras rematadas en *-f* ou *-m*) e tamén *ele, ene, erre, ese* (por solidariedade).

O *c* latino pronunciábase [k] en calquera posición: COLLUM [kollum], CERAM [ke:ram]. Nas linguas románicas occidentais, incluída a galega, conservouse como [k] ante *a, o, u,* pero ante *e, i* transformouse en [ts] no galego antigo: *cinco* ['tsiŋko], cera ['tseɾa]. No galego moderno resolveuse en [θ] (ou [s] nas áreas seseantes): *cinco* ['θiŋko], *cera* ['θeɾa] (ou ['siŋko], ['seɾa]). Por iso, aínda que non hai documentación ininterrompida do nome desta letra, é verosímil pensar que o nome latino [ke] fose cambiando sucesivamente a súa pronuncia en [tse] e máis tarde en [se] ou [θe] (por non citar outros estadios intermedios), segundo o C + $^{e,\ i}$ ía transformándose en [ts] e [s] ou [θ].

Paralelamente, o *g* latino pronunciábase [g] ante calquera vogal: GALLUM [gallum], GELARE [gela:ɾe]. Nas linguas románicas consérvase como [g] ante *a, o, u*, pero ante *e, i* transformouse en [dʒ] e despois en [ʒ] na época antiga: *gear* [dʒe'ar] > [ʒe'ar]. Na actualidade o [ʒ] medieval enxordeceu en [ʃ], confluíndo, deste modo, co [ʃ] procedente doutras orixes. Entón o nome da letra latina *ge* [ge], aínda que non está documentado de modo ininterrompido, debeu de pasar, entre outras etapas, polas de [dʒe] e [ʒe]. En galego moderno o esperado sería [ʃe], mais resulta incongruente nomear unha letra cun son consonántico que non representa nunca o *g* na grafía galega moderna. Por iso é preferible designala co nome *gue*, adecuándolle o soletreo á pronunciación.

O *h* latino chamábase *ha*, pronunciado [ha] mentres o latín tivo aspiración, e *aha*, pronunciado [aka] ou [akka] (cf. NIHIL > *nichil* > *aniquilar*); de *acca* resultou o italiano *acca* e o francés *ache* (máis tarde *hache* porque parecería incongruente que a letra non figurase no seu nome); do francés pasou o nome da letra a outras linguas, entre elas a nosa; o nome portugués *agá* formouse a partir de *aha* [a'ha], con substitución do son aspirado polo gutural máis próximo.

A letra *z* non existía no alfabeto romano; foi introducida no latín para representar o son [dz] dos préstamos gregos (*baptizare*) e máis tarde foi adoptada para o son románico [dz] procedente das sonorizacións e asibilacións de C + $^{e,\ i}$ (*fazer, juizo*) e doutras similares; este son [dz] pasou a [s] ou [θ] no galego moderno.

Un caso especial é o do *x*. Esta letra chamábase en latín *eks* ou *iks*, pero ningunha lingua románica conserva derivados patrimoniais procedentes daquelas denominacións. No seu lugar aparece o cultismo (máis ou menos adecuado) ou ben unha denominación nova acorde coa pronuncia. Consecuentemente, en galego poderiamos chamarlle *ex* [eks̺] ou *ix* [iks̺] (adoptando o cultismo) ou ben *xe* [ʃe], segundo o modelo *be*, *de* etc., tomando para o soletreo o seu son máis común. Esta segunda solución é a máis axeitada, sen prexuízo de que o cultismo poida tamén ser usado para referirse á pronuncia [ks] dos cultismos.

En latín empregábase un mesmo grafema para o son vocálico [u] e o semiconsonántico [w]: *sub* [sub], *auis* [awis]. Posteriormente [w] converteuse en [β] (['aβe]) e máis tarde en varias linguas en [v] (['ave]); pero non había ningunha letra específica que permitise distinguir este novo son do son vocálico [u]: tanto se escribía *u* en *tua* coma en *uoluer*; para diferenciar o *u* vocálico do consonántico chamóuselle ao último *u ve* e máis tarde *uve*. A partir do Renacemento difundiuse o hábito de representar o *u* consonántico por *v* e desa maneira quedou salvada a ambigüidade gráfica do *u* medieval.

Ademais destas letras úsanse tamén outros signos, como *j* (iota), *ç* (cedilla), *k* (ka), *w* (uve dobre) ou *y* (y grego), que aparecen tanto en palabras tomadas doutros idiomas (*Jefferson, Eça de Queirós, Kant, kantiano, Darwin, darwinismo, wagneriano, byroniano* etc.) coma, nalgúns casos, en textos galegos medievais.

## 1.1. A GRAFÍA *B* E *V*

O *b* e o *v* representan un son único. O galego non ten un son labiodental fricativo [v], distinto de [b] e [β], como teñen o francés ou o portugués. Nestas linguas a grafía actual depende da pronuncia: escríbese *b* cando é bilabial (port. *bala, saber, receber, bico, besta, branco*; fr. *boire, bec, bête, blanc*) e *v* cando é labiodental (port. *vala, dever, vinho, viver, povo, cavalo;* fr. *voire, devoir, vin, vivre, cheval*). No galego moderno, como non hai distinción fonolóxica, téndese á distinción gráfica conforme á etimoloxía (*saber, recibir, gabián, goberno, billa, marabilla, móbil, automóbil, bolboreta, bico, besta, branco, deber, pobo, cabalo, cantabamos, bidueiro, ribeira...*, pero *viño, vivir, avó, avoa, varrer, vasoira, verza, voda, vulto, covarde, esvelto, gravar, avogado...*).

No galego medieval as grafías *b* e *u* (consonántico) non eran arbitrarias; a cada unha delas correspondíalle unha pronuncia e unha etimoloxía diferentes: *b* procede de -P-, B- e -BB- latinos (*saber, boca, abade*) e *u* de V-, -V-, -B-, -F- e -PH- latinos (*uiño, leuar, caualo, devesa, Estevo*). Estas grafías concordan máis ou menos coas que perviven aínda hoxe nalgúns idiomas como o francés e o portugués; pero nestas dúas linguas o *v* é labiodental e por iso practicaron sempre a distinción gráfica entre *b/v*; en galego, como en castelán, en catalán (en xeral), en gascón ou en vasco, parece que nunca houbo labiodental. Posiblemente houbo primeiro unha diferenza entre o fonema /b/, bilabial oclusivo (representado graficamente por *b)*, e /β/, bilabial fricativo (representado graficamente por *v*); esta oposición medieval (calquera que fose o trazo pertinente da correlación) posteriormente desfonoloxizouse. Coa perda desta oposición as grafías *b* e *v* representaban un fonema único, que se realiza como [b] ou [β] segundo o contexto, en distribución complementaria: bilabial oclusivo en posición inicial ou tras nasal e fricativo noutras posicións. Por esta circunstancia xa nos textos galegos medievais aparecen grafías erradas (*b* por *v* as máis das veces). Desde o século XV aumentan estas confusións; modernamente eliminouse a distinción gráfica medieval por ser irrelevante, restituíndose unha grafía etimolóxica: *b* cando a palabra latina tiña B, BB ou -P- e *v* cando tiña V, -F- e -PH-.

## 1.2. AS GRAFÍAS *C*, *QU* E *Z*

As grafías *c, qu* e *z* presentan usos específicos. Úsase *z* para representar [θ] (ou [s] no galego seseante) ante *a, o, u* (*zapato, cazar, zoco, cazo, zurrichar, azul*), *qu* para representar [k] ante *e, i* (*queixo, pequeno, quilo, máquina*), *c* co valor de [k] ante *a, o, u* (*caro, macaco, contra, pouco, cunca, bicudo*) e de [θ] (ou [s] no galego seseante) ante *e, i* (*cento, cocer, cinco, tecido*). Polo tanto, as grafías son: *ca, que, qui, co, cu* e *za, ce, ci, zo, zu.*

## 1.3. A GRAFÍA *G*

As grafías *g* e *gu* son complementarias: ante *e, i* úsase *gu* (*guerra, guiso*); no resto dos casos úsase *g* (*gando, gomo, gume, grolo, ignorar, glosa, tuareg*).

Para explicitar a pronunciación con *gheada* utilízase o dígrafo *gh* (*ghato, ghicho, amigho*).

## 1.4. A GRAFÍA *H*

O *h* é un signo ortográfico sen valor fonético, pero mantense na grafía, tanto en posición inicial coma en interior ou final de palabra (*horta, prohibir, oh, ah*).

Na lingua medieval eliminábase o *h* en moitas palabras que na súa orixe o tiñan, e por iso atopamos grafías como *ome, auer, orta, oje, ora, omildade* etc. (ao lado de *home*, *humildade* etc.); noutras, en troques, aparece un *h* non etimolóxico (*hermida, hermo, ao lado de ermida, ermo*). Desde a época renacentista as linguas románicas de cultura reformaron as súas ortografías en diferentes etapas, sobre todo no século XVIII, con tendencia xeral a reproducir a situación latina; por causas coñecidas o galego non participou no seu momento da citada reforma, mais non parece conveniente apartalo neste punto da solución xeral nas outras linguas irmás.

Mantense o *h* en *haber, home, horta, herba, harmonía* e en cantas palabras o tivesen etimoloxicamente, coa excepción dalgúns casos de non reposición como *España* ou *Xoán*; en troques, escríbense sen *h* palabras como *ermida, ermo, irmán, ola* (interx.), *ombro, orfo, óso* ou *ovo*, que non o tiñan en latín. Esta fidelidade á etimoloxía mantense tanto co *h* inicial coma co medial.

En posición interior de palabra o portugués adoptou unha dobre solución: na maior parte dos casos eliminou o *h* intervocálico (*coabitar, desonrar, inumano* etc.); noutros manteno unindo os prefixos cun guión (*pré-histórico, extra-humano, pan-helénico*). Esta dobre solución, insolidaria coa seguida polas outras linguas, explícase pola relativa frecuencia con que se daría a secuencia *nh*, dígrafo que en portugués representa o son [ɲ], co conseguinte erro de lectura en palabras como *anhelar, inhóspito, inhumano* etc. Por iso, o portugués eliminou o *h* tras *n*, e por extensión en todos os outros casos. Esta eliminación non ten razón de ser en galego, que non representa con *nh* o citado son; desta maneira pódese manter coherentemente unha grafía etimolóxica en todos os casos: *humano* e *inhumano*, *hábil* e *inhábil*, *herdeiro* e *coherdeiro*, *honrar* e *deshonrar* etc. Debe terse en conta ademais que a pronuncia da nasal de *anhelar, inhóspito* etc. é xeralmente velar [ŋ], polo que a grafía é consecuente coa adoptada para este son (*unha, algunha* etc.).



## 1.5. AS GRAFÍAS *LL* E *Ñ*

As consoantes palatais /ʎ/ e /ɲ/ represéntanse, respectivamente, por *ll* e *ñ*.

Tendo en conta que a grafía románica se forma a partir da latina e que moitas palabras románicas son de etimoloxía transparente, os escribas medievais, alfabetizados en latín, adoptaban as letras do alfabeto romano para a representación dos sons románicos correspondentes aos latinos. Pero as consoantes palatais presentan un problema especial, porque o latín, mesmo o latín medieval, as ignoraba, e as que xorden nas linguas románicas teñen, en xeral, orixe múltipla. Isto é o que sucede co /ʎ/ e co /ɲ/. O /ʎ/ galego resulta da palatalización de L nos grupos latinos LI + vogal (FILIUM > *fillo*), LLI + vogal (ALLIUM > *allo*), LLE + vogal (MALLEUM > *mallo*), -LL- + Ī final de palabra (MARCELLI > Marcelle), e tamén dos grupos romances C'L, G'L, T'L e B'L (OCULUM > *oclu* > *ollo*, TEGULAM > *tegla* > *tella*, SITULAM > *sitla* > *sella*, TRIBULUM > *triblu* > *trillo*). O /ɲ/ procede da palatalización de N nos seguintes grupos: NI+ vogal (SENIOREM > *señor*), NE + vogal (VINEAM > *viña*), MNI + vogal (SOMNIARE > *soñar*), LNE + vogal (BALNEUM > *baño*), -GN- (LIGNA > *leña*); tamén acaba reaparecendo como /ɲ/ nas secuencias -INU, -INA > *-iño, -iña* (VINUM > vĩo > *viño*, GALLINAM > gal̃ia > *galiña*). Isto é o que provoca na scripta arcaica (latinizante) certa vacilación de letras: *l, ll* (e ocasionalmente *li*) para /ʎ/ (*filo, fillo, filio*) e *n, nn, ñ* (e ocasionalmente *ni, nni*) para /ɲ/ (*senor, sennor* etc.). Aínda así, esta vacilación sería tolerable se non houbese tamén fonemas non palatais que precisasen daquelas letras; pero estes fonemas tamén os había: eran o /l/ explosivo, procedente de LL, e o /n/ explosivo, procedente de NN, que se representaban tamén por *l* e por *n* (*ela, pano*) ou, conforme á etimoloxía, por *ll* e por *nn* (*ella, panno*). Había ademais as secuencias [li], [ni], [lj] e [nj], romances ou en cultismos, grafadas normalmente como *li* e *ni* (*valia, folia, capelania, animalia, armenio*); e había tamén [ʎi] e [ɲi], grafados, normalmente, *li* ou *lli, ni* ou *nni* (*collia, grunnia*).

Esta *scripta* en que non se fai discriminación gráfica entre /l/ e /ʎ/ nin entre /n/ e /ɲ/, baseada na etimoloxía (con abundancia de solucións ultracorrectas), dura en territorio galego ata o século XIV. Isto significa que as grafías *ll* ~ *l* e

*nn* ~ *n* tanto podían representar un son alveolar (*coitello* ~ *coitelo, castello* ~ *castelo, fallar* ~ *falar, anno* ~ *ano, donna* ~ *dona, enganno* ~ *engano*) coma palatal (*fillo* ~ *filo, batalla* ~ *batala, consello* ~ *conselo, sanna* ~ *saña* ~ *sana, sennor* ~ *señor* ~ *senor*). En territorio portugués sucedía o mesmo, mais aquí empezaron a usarse desde o reinado de Afonso III (1248-1279) *lh* e *nh* (tomadas da *lingua de oc*), co valor específico de /ʎ/ e /ɲ/; desta maneira quedaban reservados *l* e *n* (ou mesmo *ll* e *nn*) para /l/ e /n/. Esta reforma ortográfica debida a Afonso III de Portugal é case descoñecida nos documentos medievais galegos, que a partir do século XIV tenden a especializar *l* e *n* para os fonemas alveolares e *ll* e *nn* (ou a súa forma abreviada *ñ*) para os fonemas palatais. Xa queda advertido que *ll* e *nn* eran meros grafemas sen máis motivación ca a etimolóxica (e non sempre, porque había moitas palabras que se grafaban con *ll* e *nn* de modo ultracorrecto); deste xeito quedaban dispoñibles para seren utilizados co valor especializado de /ʎ/ e /ɲ/. Estas grafías foron as utilizadas de forma practicamente unánime na tradición escrita galega ata hoxe.

Un caso paralelo ao do galego para a representación do /ʎ/ é o do francés, aínda que nesta lingua acabou triunfando a grafía *ill* (*conseiller*); con todo, hai *ll* tras *i* (*fille*).

## 1.6. O *N* E O *M* IMPLOSIVOS

Cando unha consoante nasal está en posición implosiva, gráfase como *m* se lle segue *b* ou *p* dentro da mesma palabra, e como *n* en todos os demais casos: *camba, ambos, campo, tempo;* pero *non bebe, nin pode, convén, inverno, ensinar, condenada, inmigrante, comunmente, alguén* etc. En cultismos e préstamos o *m* pode aparecer tamén en posición final e diante doutras consoantes: *álbum, amnesia.*

A excepción introducida en caso de seguir *p* ou *b* débese a unha reposición latinizante, que vén sendo aceptada de forma unánime por todas as linguas irmás.



Na lingua medieval, calquera consoante nasal implosiva, final de palabra ou non, podía aparecer representada por medio de *n, m* ou un til sobre a vogal precedente: *non, nom* ou *nõ*. A frecuencia de cada unha destas posibilidades varía duns textos a outros, aínda que a terceira parece que era a preferida; nótase tamén que non era totalmente indiferente para a grafía que a sílaba trabada por nasal fose final de palabra ou non, pois *m* é raro en sílaba medial. As tres posibilidades eran usadas indiferentemente, sen unha regra que condicionase o emprego dunha ou outra: *tenpo, emsselado, cãpo.*

En galego moderno, a realización fonética desta consoante en posición anteconsonántica, medial ou final, é velar, pero pode asimilar o seu punto de articulación ao da consoante seguinte. En final de palabra, en posición antevocálica, realízase como velar [ŋ], de non ser cando seguen as formas *o, a, os, as* do pronome ou do artigo a unha forma verbal ou ás palabras *quen, alguén, ninguén, ben, non, tamén, sen* e *nin*; neste caso o *-n* realízase como alveolar (vide 14.1 e 17.2.2).

A grafía que se propón vén esixida polas razóns que se acaban de sinalar. Tamén a esixen as relacións morfofonéticas existentes dentro dunha familia léxica: *león, leonino; san, santa; pan, panificar; irmán, irmandade; san, sanidade, sanitario, sanatorio*... Mesmo nos femininos reaparece o *n* alveolar: *lacazán, lacazana.* Esta é, ademais, a representación tradicional nas outras linguas románicas, que seguen neste punto un criterio etimolóxico. Destas apártase o portugués, que non ten unha consoante nasal en posición final, senón unha vogal nasal; esta nasalidade represéntase por un *-m* ou por un til: *cantaram* [kɐ̃n'taɾɐ̃w], *cantarão* [kɐ̃nta'ɾɐ̃w̃], *lã* [lɐ̃], *assim* [a'sĩ], *mãe* [mɐ̃j], *bem* [bɐ̃j]; nas poucas palabras eruditas en que efectivamente se trata dunha consoante represéntana con *-n*: regímen [rə'ʒimən].

## 1.7. A GRAFÍA *NH*

O dígrafo *nh* representa a consoante nasal velar en posición interior antevocálica: *unha, algunha, ningunha.*

Este son non existía en posición intervocálica en latín nin na lingua medieval; por iso carece de representación antiga. Os primeiros textos da época moderna vacilan entre *ua, umha, un a, un ha, unha* etc., mais axiña se impuxo *-nh-* como forma única, mantida como tal pola tradición escrita moderna ata a actualidade.

### 1.8. As grafías *r* e *rr*

Escríbese sempre *r* en posición inicial de palabra, en posición final de sílaba e cando segue a outra consoante (*rei, cortar, outro, tres, xenro, honra*). En posición intervocálica hai oposición /ɾ/ e /r/, que se traduce graficamente por *r/rr* (*caro / carro, fero / ferro*). Cando a unha palabra que comeza por *r* se lle antepón outra ou un prefixo rematados en vogal, non separados dela por guión, hai que duplicar a consoante: *rítmico / monorrítmico, rogativa / prerrogativa, redor / arredor, rei / vicerrei, románico / iberorrománico.*

### 1.9. A grafía *x*

O grafema *x* ten máis dun valor en galego moderno: nas palabras patrimoniais pronúnciase prepalatal fricativo xordo (*eixe, madeixa, xente, xaneiro*); nos cultismos conserva o valor latino de [ks] (*sexo, taxativo*). Pero a tendencia normal da lingua é pronunciar nestes casos [s̪] (*aproximar, exame, éxito* etc.), especialmente cando vai en posición implosiva (*exterior, externo*). Para a adaptación gráfica de palabras cultas con *x* [ks̪], vide 8.7.

A grafía moderna non corresponde á medieval. O galego arcaico tiña un son prepalatal fricativo sonoro, [ʒ], representado por *g* ou *j* (*gẽsta, geada, gente, janeiro, hoje, beijo*), e un son prepalatal fricativo xordo [ʃ], representado por *x* (*coxo, eixe, feixe, dixo, peixe, caixa, queixa, baixar*). A diferenza do portugués, do catalán, do francés ou do italiano, que conservan os sons sonoros e teñen que os diferenciar graficamente dos xordos á maneira medieval, o galego eliminou o son sonoro desde fins da Idade Media, polo que se fixo innecesaria a dobre grafía, pois a pronuncia é sempre [ʃ]. Por iso debemos escribir da mesma maneira *xente, xaneiro, xesta, hoxe, xeada* e *coxo, eixe, feixe, dixo, peixe, caixa, queixa* etc.



# 2. A acentuación

## 2.1. O acento gráfico

Unhas regras de acentuación deben permitir recoñecer a sílaba tónica en todos os casos, ser facilmente memorizables e esixir un uso mínimo de acentos gráficos.

No galego só se usa un tipo de acento gráfico, o agudo (´).

Noutras linguas úsanse outros tipos de acento gráfico (`,^) para marcar a tonicidade e ao mesmo tempo indicar o timbre das vogais *e, o.* Seguindo esta práctica, tamén se podería marcar en galego a diferenza entre vogal aberta e pechada por medio dun acento naqueles casos en que conforme ás regras de acentuación debesen levalo (*revés* con *e* aberto e *burguês* con *e* pechado, á portuguesa, ou ben *revès/burgués*, como en catalán e francés). Pero isto non nos traería a solución para a indicación das vogais abertas e pechadas, porque a maioría das palabras con *e*, *o* aberto non levan acento gráfico segundo as regras de acentuación propostas, e por iso só unha cantidade mínima destas palabras se beneficiaría da distinción entre dúas clases de acento. Por outra banda, en galego non son raras as palabras que non presentan vogal aberta ou pechada de maneira uniforme en todo o territorio.

Tense tamén usado o acento circunflexo ou o grave para marcar a contracción de *a + a(s), a + o(s): â, ô; à, ò*; desta maneira, segundo os partidarios desta práctica, o acento agudo quedaría reservado para indicar tonicidade, e os outros para indicar contraccións de *a + a*, *a + o*. Pero dado que a función do acento é diacrítica, é dicir, vale para axudar a distinguir dúas palabras que se escriben igual, esta misión realízaa perfectamente o acento agudo tamén nos casos de contracción: *á, ó* (fronte a *a*, preposición ou artigo, e *o*, artigo); isto sen contar con que as contraccións *ó, á* en galego se realizan foneticamente como tónicas.

## 2.2. Palabras agudas

As palabras agudas ou oxítonas acentúanse graficamente cando son polisílabas e rematan en vogal, en vogal + *n*, en vogal + *s* ou en vogal + *ns: mazá, café, alí, tirizó, calacú, irmán, alguén, ninguén, latín, corazón, algún, ningún, mazás, cafés, cadrís, tirizós, calacús, irmáns, reféns, latíns, corazóns, algúns, comúns.*

> Segundo o criterio de máxima economía de acentos gráficos, podería pensarse en prescindir de acento en palabras rematadas en *-í, -ú, -ón, -ún, -ín* e *-ns,* por seren moito máis abundantes ca as graves, pero o criterio da simplicidade das regras aconsella non introducir excepcións.

Non se acentúan cando son monosílabas nin cando acaban en ditongo decrecente (seguido ou non de *n* ou *s*) ou noutra consoante que non sexa *-n* ou *-s*. Así: *xa, la, fe, di, si, cu, Xan, can, len, din, don, fun, tres, amei, amou, seguiu, recibiu, colleu, ademais, capitais, papeis, españois, azuis, capital, papel, cantar, nariz, arroz.*

Para a acentuación de *i*, *u* en hiato, véxase 2.5.

## 2.3. Palabras graves

Levan acento gráfico as palabras graves ou paroxítonas cando rematan en consoante distinta de *-n* ou *-s* e en grupos consonánticos distintos de *-ns.* Así: *móbil, carácter, alférez, fórceps, bíceps, Félix, clímax.* Tamén se acentúan as palabras graves con ditongo decrecente na última sílaba: *amábeis.*

En consecuencia, non se acentúan as palabras graves rematadas en vogal, vogal + *n*, vogal + *s* ou vogal + *ns*. Así: *canta, cantara; cantan, cantaran; cantas, cantaras, lapis; canons, colons, dolmens.*

Para a acentuación de *i, u* en hiato, véxase 2.5.



## 2.4. Palabras esdrúxulas

As palabras esdrúxulas ou proparoxítonas levan sempre acento gráfico: *bárbaro, mágoa, tépedo, tónico, túnica.*

## 2.5. Acentuación de *i, u* en hiato

Con independencia do establecido nas epígrafes precedentes, as vogais *i, u* tónicas acentúanse graficamente cando van inmediatamente antes ou despois dunha vogal átona, para indicar que ambas as vogais pertencen a sílabas distintas e que, polo tanto, non forman ditongo. Así: *acentúo, aínda, baúl, caída, Coímbra, constituíu, egoísmo, miúdo, moía, prexuízo, raíña, raíz, roía, ruído, saía, saín, saír, súa, traía, túa, xuízo* etc. Para os efectos de indicar que non forman ditongo coa anterior, as vogais *i, u* tónicas non se acentúan graficamente cando entre estas e a átona aparece o grafema *h*: *prohibo*.

> Tamén cabería pensar en adoptar para estes casos o sistema de acentuación do portugués, que nos levaría a non marcar a vogal tónica en *recua* 'recúa' ou en *sabia* 'sabía' (en troques, si en *país*), e, consecuentemente, a acentuar *récua* 'recua' ou *sábia* 'sabia' (mais non *saia*).
>
> Esa regra presenta, porén, algúns inconvenientes. Acentuar *sábia* supón considerar proparoxítonas as palabras deste tipo, cousa que resulta discutible, pois tan grave é *sabia* como *saia*, independentemente de que a secuencia *-ia* vaia nun caso precedida de consoante e no outro precedida de vogal. Así pois, se tanto *saia* como *sabia* son palabras paroxítonas, non semella xustificable dispensarlles un tratamento distinto, sobre todo tendo en conta que isto nos levaría a incorrer nunha nova incoherencia, a de acentuar *caía* mais non *valia* 'valía'.
>
> Polo demais, sendo necesario, conforme se dixo antes, acentuar graficamente *Araúxo, cafeína, egoísmo, país* etc., empregando o acento para indicar que a vogal con el marcada é silábica, non hai razón ningunha que aconselle non facelo tamén nos casos de *había, María, río* etc.

Quere isto dicir que, se non levan acento gráfico, as vogais *i, u* tónicas forman ditongo crecente ou decrecente coa vogal que as segue ou que as precede: *bilingüismo, lingüista, puido, partiu, seguiu*.

## 2.6. Acentuación dos estranxeirismos

As palabras estranxeiras de circulación corrente, aínda que non estean plenamente adaptadas ao galego, seguen as regras de acentuación enunciadas anteriormente. Así:

Palabras agudas: *autobús, iglú, obús, organdí, popurrí, puré, ralentí, tabú, vermú, xampú, iglús, purés, xampús; aerosol, anorak, argot, autocar, autostop, ballet, boicot, coñac, fagot, iceberg, leitmotiv, neceser, relax, voleibol.*

Palabras graves: *accésit, béisbol, cénit, ídem, karaoke, líder, álbum, médium, macádam, quórum, réquiem, smóking, superávit, tándem, télex, tótem; harakiri, ioga, lapilli, mitin, pelotari, penalti, pizza, quimono, ravioli, zombi.*

Palabras esdrúxulas: *bádminton, búmerang, cárdigan, déficit, hábitat, hándicap, ínterim, magníficat, párkinson.*

As palabras rematadas graficamente en *-y* teñen o mesmo tratamento ca as rematadas en *-i*: *playboy, spray* (coma *convoi, samurai*), *hóckey, hippy, hobby, rugby, whisky.*

Neste tipo de palabras pódese prescindir do acento gráfico correspondente e manter integramente a grafía propia da lingua de que proceden cando exista conciencia clara de que son estranxeirismos.



## 2.7. Casos especiais de acentuación

### 2.7.1. O acento diacrítico

Utilízase o acento gráfico con función diacrítica para distinguir dúas palabras que teñen a mesma forma na escrita, pero que se diferencian porque a vogal tónica ten distinto timbre ou porque unha palabra é tónica e a outra átona (*póla/pola, dá/da*). En moitos casos non é necesario facer diferenzas gráficas, porque o significado das palabras resulta claro ao apareceren en contextos diferentes: *el colle* (o aberto), *colle ti* (o pechado), *el mete* (e aberto), *mete ti* (e pechado) etc. Outras veces pode haber confusións e por iso cómpre poñerlle acento a unha das dúas formas homógrafas; neste caso pónselle sempre acento gráfico á palabra que ten vogal aberta ou á que é tónica. Así:

| | |
|---|---|
| *á* (*a* + *a* artigo; subst.) | *a* (artigo; pron.; prep.) |
| *ás* (*a* + *as* artigo; subst.) | *as* (artigo; pron.) |
| *bóla* (‘esfera’) | *bola* (peza de pan) |
| *cá* (*ca* + *a*) | *ca* (conx.) |
| *cás* (*ca* + *as*) | *cas* (prep.) |
| *chá* (‘plana’) | *cha* (*che* + *a*) |
| *chás* (‘planas’) | *chas* (*che* + *as*) |
| *có* (*ca* + *o*) | *co* (*con* + *o*) |
| *cós* (*ca* + *os*; subst.) | *cos* (*con* + *os*) |
| *cómpre* (‘é mester’) | *compre* (‘merque’) |
| *cómpren* (‘son mester’) | *compren* (‘merquen’) |
| *dá* (pres. e imp. de *dar*) | *da* (*de* + *a*) |
| *dás* (pres. de *dar*) | *das* (*de* + *as*) |
| *dó* (‘compaixón’) | *do* (*de* + *o*) |
| *é* (pres. de *ser*) | *e* (conx.) |
| *fóra* (adv.) | *fora* (antepret. de *ser* e *ir*) |
| *má* (‘ruín’) | *ma* (*me* + *a*) |
| *más* (‘ruíns’) | *mas* (*me* + *as*) |
| *máis* (adv. e pron.) | *mais* (conx.) |
| *nó* (subst.) | *no* (*en* + *o*) |

| | |
|---|---|
| *nós* (pron. tónico; pl. de *nó*) | *nos* (pron. átono; *en* + *os*) |
| *ó* (*a* + *o*) | *o* (artigo; pron.) |
| *ós* (*a* + *os*) | *os* (artigo; pron.) |
| *óso* (do corpo) | *oso* (animal) |
| *pé* (parte do corpo) | *pe* (letra) |
| *póla* ('rama') | *pola* ('galiña'; *por* + *a*) |
| *pór* ('poñer') | *por* (prep.) |
| *présa* ('apuro') | *presa* ('prendida'; 'presada') |
| *sé* ('sede eclesiástica'; imp. de ser) | *se* (conx.; pron.) |
| *só* (adv. e adx.) | *so* (prep.) |
| *té* ('infusión') | *te* (pron.; letra) |
| *vén* (pres. de *vir*) | *ven* (pres. de *ver*; imp. de *vir*) |
| *vés* (pres. de *vir*) | *ves* (pres. de *ver*) |
| *vós* (pron. tónico) | *vos* (pron. átono) |

Noutros casos o acento só se utilizará en contextos ambiguos e marcando sempre graficamente a palabra con vogal aberta: (*el*) *tén* / *ten* (*ti*). Para os interrogativos e exclamativos véxase 2.7.4.

### 2.7.2. O verbo con pronome enclítico e cos alomorfos do artigo *lo(s), la(s)*

Cando os verbos levan pronomes enclíticos, no tocante á acentuación gráfica compórtanse coma se fosen unha soa palabra. Por iso escribimos *cantará / cantara, cantaraa / cantáraa; beberá / bebera, beberaa / bebéraa; recibirá / recibira, recibiraa / recibíraa; bebérala / beberala; cantárana / cantarana; métese; méteseche; meteuse; metéusenos; tómao; fixéronllelo* etc.

Se se utiliza a combinación verbo + variante alomórfica *–lo* do artigo, acentúase tamén coma se fose unha única palabra: *cóme-lo caldo / come-lo caldo, bebéra-la auga / bebera-la auga* etc.

As formas verbais que levan acento diacrítico manténeno cando van seguidas dunha forma átona do pronome: *é / élle / éa; dáo / dáme / dálle; ti dálo á forza / dáslle; vélo comprar?*



### 2.7.3. Os adverbios en *-mente*. Palabras compostas

Por se tratar de palabras graves rematadas en vogal, resulta innecesario o acento gráfico nos adverbios en *-mente.* Por iso debemos escribir *comicamente, comunmente, dificilmente, friamente, habilmente, rapidamente, rexamente, finxidamente, utilmente*... No caso de apareceren varios adverbios en *-mente* coordinados, esta terminación só aparece no derradeiro, e os anteriores manteñen o seu acento: *cómoda* e *facilmente*.

Tampouco mantén o acento gráfico o primeiro termo das palabras compostas xa soldadas: *Riotorto, fervellasverzas, vichelocrego* etc.

### 2.7.4. Outros casos

A utilización de recursos gráficos para distinguir entre as funcións gramaticais que pode ter unha mesma palabra debe reducirse a aqueles casos que poidan causar problemas de interpretación do texto escrito. Por outra parte, o acento diacrítico utilízase unicamente para diferenciar palabras en principio homógrafas mais non homófonas, polo que o seu uso para diferenciar, por exemplo, *este, ese, aquel* etc. en función substantiva, de *este, ese, aquel* etc. en función adxectiva, supoñería a introdución dun novo criterio non xustificado. De acordo con isto, non se acentúan en ningún caso nin os demostrativos nin o indefinido e numeral *un*: *esta mesa, quero esta, mira esa, colle aquela, un can, un deles, dáme un.*

*Cal, cando, canto, como, onde, que* e *quen* non se acentúan en interrogativas e exclamativas directas: *cal queres?, cando vés?, canto queres?, como che vai?, onde está?, que queres?, quen cho deu?, que desgraza!*

Tampouco se acentúan as formas do interrogativo e exclamativo cando introducen interrogativas indirectas (*pregúntalle cando volve, pregúntalle onde está, preguntoulle cal quería*), agás cando for preciso para

evitar posibles anfiboloxías: *dille qué queres, / dille que queres, xa sabes qué hai? / xa sabes que hai?, xa sabes cánto lle custou / xa sabes canto lle custou* etc.



# 3. O GUIÓN

O guión úsase para partir unha palabra ao final de liña, para separar os dous membros en certas palabras compostas e para unir a variante alomórfica *-lo* do artigo ao adverbio *u*: *dicionario galego-inglés, u-la navalla?* De se usar o alomorfo *-lo* do artigo tras unha forma verbal ou pronominal rematada en *-s* ou en *-r*, únese tamén con guión (cfr. 14.1): *tráiovo-lo libro mañá.*

## 3.1. O GUIÓN NAS PALABRAS COMPOSTAS

A grafía das palabras compostas que son substantivos ou adxectivos está en relación coa súa composición e morfoloxía.

De se realizar a flexión de xénero ou número nas dúas bases, estas escríbense de forma separada: *garda civil, gardas civís; porco bravo, porcos bravos, porca brava; terza feira, terzas feiras.* O mesmo ocorre se a moción afecta ao primeiro elemento: *moble bar, mobles bar; piso piloto, pisos piloto; sofá cama, sofás cama.*

Se a flexión se realiza só no último elemento ou se a palabra composta é invariable, a unión entre os seus compoñentes prodúcese directamente: *cartafol, cartafoles; sapoconcho, sapoconchos; vacaloura, vacalouras; mediodía, mediodías; socioeconómico, socioeconómica; xordomudo, xordomuda; branquiazul, branquiazuis; vagalume, vagalumes; benvida, benvidas; malhumor, malhumores; malpocado, malpocada; lusquefusque, lusquefusques; reirrei, reirreis; fervellasverzas; picafollas; limpachemineas; gardarríos; cabodano, cabodanos.*

Escríbense con guión as palabras en que o primeiro elemento é *non* (*non-intervención, non-proliferación, non-aliñados, non-fumadores*), asociacións ocasionais non fixadas na lingua (*dicionario alemán-galego; estudos xurídico-económicos; condicións político-económicas; maníaco-depresiva; épico-líricos; catalano-aragonesas*), palabras complexas como *les-nordeste, les-sueste, nor-nordeste, nor-noroeste, oés-noroeste, oés-suroeste*, ou, finalmente, algunhas palabras estranxeiras: *foie-gras, fox-terrier, strip-tease, tse-tse, wáter-polo.*

Para a grafía particular dos numerais, véxase 16.1. e 16.2.

## 3.2. O guión en final de liña

Emprégase o guión para partir palabras a final de liña; esta división só pode facerse mantendo íntegras as sílabas dos dous segmentos. Os dous elementos dun dígrafo non se poden separar, por constituíren a representación dun son único: *ce-/rra-/lleiro, ma-/chada, co-/rromper, pre-/rrogativa, algu-/nha, ningu-/nha*, etc. Por razóns estéticas adoita evitarse deixar orfa unha vogal a final ou a principio de liña.

Cando un guión que separa dúas palabras ou dous membros dunha palabra complexa coincide en final de liña, cómpre repetilo ao comezo da liña seguinte: *dicionario galego-/-inglés*.

### 3.2.1. Unha consoante en posición intervocálica

Cando hai só unha consoante intervocálica, esta é sempre comezo silábico: *cla-/ri-/da-/de, cle-/ro, exa-/me, fei-/xe, sou-/to, sei-/xo, sa-/quei.*

### 3.2.2. Dúas consoantes intervocálicas

Nas secuencias de dúas consoantes intervocálicas, na maior parte dos casos a primeira fai sílaba coa vogal anterior. Neste caso, a separación silábica faise entre as dúas consoantes: *ac-/to, pac-/tar, ab-/dominal, ad-/mitir,*



*ec-/cema, excep-/ción, ac-/ción, amíg-/dala, ob-/xec-/to, sub-/título, adap-/tar, sub-/xec-/tivo, et-/nografía, sig-/nificado, rit-/mo, xen-/ro, om-/nipotente, comun-/mente, des-/viar, ad-/herir.*

As secuencias *bl, br, pl, pr, cl, cr, gl, gr, dr, tl, tr, fl* e *fr* intervocálicas forman unha unidade e non se poden separar ao final da liña: *pro-/blema, do-/brado, desa-/plicar, su-/plantar, pro-/clamar, se-/creto, de-/glutir, se-/gredo, ca-/dro, ca-/tro, re-/flexión, re-/fresco, transa-/tlántico.*

### 3.2.3. Máis de dúas consoantes

Cando hai máis de dúas consoantes, se o grupo termina en *l* ou *r*, a consoante que as precede forma sempre sílaba con elas: *en-/trar, ex-/tremo, in-/clinación, ins-/truír, subs-/crición, in-/glés, em-/blema, subs-/trato.* En todos os demais casos faise a separación antes da última consoante: *pers-/picacia, abs-/temio, subs-/tituír, sols-/ticio, cons-/piración, trans-/posición, ins-/titución, supers-/tición.*

### 3.2.4. Prefixos

A pesar do dito en 3.1. e 3.2., en palabras derivadas por prefixación en que aínda non se perdese a conciencia do prefixo, recoméndase facer a partición da palabra ao final de liña entre o prefixo e a base: *bis-/avó, des-/abrigar, inter-/académico, super-/abundante; trans-/oceánico; sub-/rogar, sub-/leñoso, ad-/renal, ad-/ligar* etc.

Non obstante, naqueles casos en que a silabación habitual así o permita, non se considera incorrecta a partición sen ter en conta os elementos mórficos da palabra: *tran-/soceánico, bi-/savó, supe-/rabundante*.

### 3.2.5. Dúas vogais

No caso de haber dúas vogais xuntas, non se poden separar cando forman ditongo crecente ou decrecente: *fei-/xe, sei-/xo, sou-/to, ru-/bio, la-/bial, cien-/cia, espe-/cie, exi-/mia, te-/nue, conti-/nuo, ani-/mais,*

*ambi-/guo, ambi-/gua, bilin-/güe, delin-/cuen-/te, lin-/gua, Ma-/nuel, delin-/quiu, viu, sue-/co.*

Poden separarse cando constitúen hiato: *dí-/as, parti-/amos, ra-/íña, gra-/údo, ca-/ótico, mu-/íño, re-/alidade, co-/ordinar, mi-/údo, afi-/uzar, balu-/arte, xesu-/íta, alu-/arada, perdo-/amos, conclú-/es, conclú-/as, che-/os, are-/al , alde-/án.*

#### 3.2.6. Máis de dúas vogais

Se hai tres ou máis vogais xuntas pode separarse a primeira sempre que non forme parte dun ditongo ou dun tritongo: *ensa-/iar, ensa-/iei, ensa-/iou, afi-/ei, bo-/iei-/ro, la-/ión, xo-/ia, pa-/io-/lo, clare-/ou, are-/ei-/ra, retribu-/íu, ro-/eu, mo-/ia-/mos, cor-/diais, so-/ciais.*



## 4. O uso das maiúsculas

Escríbese inicial maiúscula nos seguintes casos:

a) Ao comezo do escrito, despois de punto e seguido, de punto e á parte e doutros signos (admiración, interrogación e puntos suspensivos) cando equivalen a punto.

b) Nos nomes propios: *Lucía, Seoane, Xocas, Lugo, Vedra, Xúpiter*. Os alcumes reciben o mesmo tratamento: *a Galochas, o Foguetes*.

c) Nas formas abreviadas de tratamento: *Dra., Dr., Dª., Vde*.

d) Na primeira palabra dos títulos de obras literarias e artísticas: *A tecedeira de Bonaval, Follas novas*. As publicacións periódicas adoitan levar maiúscula non só na primeira palabra inicial, senón tamén nas restantes do título que teñan relevancia semántica: *A Nosa Terra, O Correo Galego, O Tío Marcos da Portela.*

e) En todos os substantivos e adxectivos dos nomes de institucións, organismos, empresas e outras entidades formalmente constituídas: *Xunta de Galicia, Consello da Cultura Galega, Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Cooperativa Vitivinícola do Baixo Miño.*

Cando unha palabra con maiúscula inicial comece por un dígrafo, só se escribe en maiúscula o primeiro elemento deste: *China, Quintela, Guillade.*

As siglas escríbense normalmente en caracteres maiúsculos: *ONU, DOG.*

Debe terse en conta que a utilización de caracteres maiúsculos non exime do uso do acento gráfico nos casos prescritos no capítulo 2.

# 5. A DIÉRESE

Úsase coa letra *u* para indicar que se pronuncia esta vogal nas sílabas *güe, güi*, fronte a *gue, gui*: *antigüidade, bilingüe, argüír, argüían, lingüista, lingüística, mingüedes, ungüento* etc.

Úsase tamén coa letra *i* na primeira e segunda persoas de plural dos copretéritos de indicativo dos verbos rematados en *-aer* (*caer, decaer, recaer, traer, atraer, contraer, distraer, extraer*), *-oer* (*roer, corroer, doer, moer, remoer*), *-aír* (*saír, sobresaír*) e *-oír* (*oír*): *caïamos, caïades, doïamos, doïades, moïamos, moïades, oïamos, oïades, saïamos, saïades, traïamos, traïades* etc. A razón de colocar esta diérese é que o *i* forma sílaba en por si (*ca-i-a-mos*), aínda que é átono. Desta maneira distínguense estas formas das do presente de subxuntivo, en que o *i* forma ditongo: *caiamos, caiades* (*ca-ia-mos, ca-ia-des*). Consecuentemente, tamén levan diérese os copretéritos de indicativo dos verbos en *-uír*, aínda que neles non haxa posibilidade de homonimia co presente de subxuntivo: *argüïamos, constituïamos, constituïades*.



# 6. O APÓSTROFO

No galego moderno non se utiliza habitualmente o apóstrofo ('), aínda que se admite o seu uso cando se pretende reproducir fielmente a prosodia do galego oral ou dialectal: *n'é verdade, n'o fixen, ont'á noite*.

Poderá usarse tamén na citación de títulos ou cabeceiras de publicacións cando o artigo inicial se integra coas preposicións *de* ou *en*: *o argumento d'A Esmorga; iso está n'Os Eoas.*

# 7. Os signos de interrogación e de admiración

A entoación interrogativa ou exclamativa márcase ao final do enunciado por medio dos signos ? e !, respectivamente: *Por que non llelo preguntas ti?; Miraches ben?; Vaia, Tomé, por que non calas?; Vaiche boa!; Mira que non o fagas!* Para facilitar a lectura e evitar ambigüidades poderase indicar o inicio destas entoacións cos signos ¿ e ¡, respectivamente.

Na orixe o signo de interrogación situábase só ao remate, e esta segue sendo a práctica máis frecuente entre as linguas do noso ámbito. Mais hai que ter en conta que en moitas delas a frase interrogativa contén marcas gramaticais que sinalan claramente o inicio da interrogación, sexa un elemento oracional específico (fr. *est-ce que,* ing. *do* ou *did* etc.), sexa a inversión entre o suxeito e o verbo (fr. *As-tu mangé?*, ing. *Are you Galician?*, al. *Hast du das Buch?*). Outras linguas, pola contra, carecen destas marcas gramaticais, de xeito que, se non se sinala graficamente o inicio da entoación interrogativa, esta queda en moitos casos sen marcar. Entre estas linguas están o portugués e o italiano (que seguen mantendo o signo de interrogación só ao final, a pesar das dificultades de lectura que isto supón), o castelán (que, pola contra, optou por situar un signo invertido ao inicio), o catalán (que segue unha vía intermedia, sen que haxa acordo total ao respecto, aconsellando o uso do signo inicial cando a súa ausencia poida supoñer un atranco á lectura correcta: se o signo final coincide noutra liña, se a entoación interrogativa non comprende todo o texto, se non hai un adverbio ou pronome interrogativo etc.) e o galego. Na nosa lingua, o único que diferencia unha oración interrogativa doutra enunciativa é a distinta entoación xa desde o inicio; para advertir o lector desta diferenza, é conveniente marcar cun signo de interrogación o punto en que se produce o cambio cando houber calquera dúbida de interpretación: *vou contigo ao teatro, ¿ou queres que quede?; ¿vou contigo ao cine, ou queres que quede?*

En todas as linguas as normas de uso do signo de admiración seguen as dadas para o de interrogación.



# 8. Grupos consonánticos

As palabras patrimoniais establecen cal é a estrutura silábica normal do noso idioma. Pero os préstamos e mais as palabras cultas con frecuencia teñen unha estrutura silábica diferente, e de aí que presenten problemas de adaptación. Debe terse en conta, con todo, que hai préstamos sen apenas acomodación e con pronuncias particulares, mesmo de grafías existentes con outro valor en galego: *allegro* [a'lɛɣɾo], *hippy* ['hipi].

En galego, coma noutras linguas románicas, cómpre distinguir tres clases de palabras, conforme ao momento histórico da súa entrada no idioma e á súa evolución fonética: palabras patrimoniais, semicultas e cultas.

As palabras patrimoniais son as que tiveron continuidade na lingua desde o latín falado e sufriron transformacións de acordo coas leis fonéticas: SALTUM > *souto*, *MANUCULO > *monllo*, TENEBRAM > *tebra*, NOCTEM > *noite*, VETULUM > *vello*, CLAMARE > *chamar*, APERIRE > *abrir* etc.

Xunto a elas existen outras palabras tamén patrimoniais, ou tomadas do latín nos primeiros tempos do idioma, que non evolucionaron de igual forma. Unhas veces a evolución esperable viuse obstaculizada pola influencia da lingua da Igrexa ou doutros ámbitos cultos, e outras por entraren nunha época en que xa deixaran de actuar algunhas leis fonéticas. Son os semicultismos. Así: *ECLESIAM > *igrexa*, CAPITULUM > *cabido*, DOCTOREM > *doutor*, CLAVUM > *cravo* etc.

Ao longo da historia da lingua, o galego incorporou moitas palabras latinas (e tamén gregas) para designar obxectos ou conceptos novos ou para substituír outras xa existentes. Estes vocábulos son os cultismos, que entran no galego coa estrutura que tiñan na lingua de orixe, sufrindo só mínimos

cambios para se acomodaren ao sistema da nosa lingua. Así: PELLICULAM > *película*, DORMITORIUM > *dormitorio*, EXPERIENTIAM > *experiencia* etc.

Debido a este triplo resultado, pódese dar a posibilidade en galego de que teñamos unha mesma palabra latina con tres formas romances ou, máis habitualmente, con dúas. Así: PLANUM deu *chan* 'superficie da terra que pisamos' (pop.), o medieval *de pran* 'certamente, realmente' (semic.) e *plano* 'liso', 'deseño' (culta); PLENUM deu *cheo* (pop.), *prea(mar)* (semic.) e *pleno* (culta); CLAVICULAM deu *chavella* 'peza do carro' (pop.), *caravilla* 'tipo de fecho' (semic.) e *clavícula* 'óso do ombro' (culta). Tamén se poden citar formas alotrópicas coma *artello* (pop.) e *artigo* (semic.), *cabido* (semic.) e *capítulo* (culta), *chave* (pop.) e *clave* (culta), *chamar* (pop.) e *clamar* (culta), *chantar* (pop.) e *plantar* (culta) etc.

No tocante ás agrupacións de consoantes, a adaptación gráfica dos cultismos e dos préstamos faise de acordo cos criterios xerais seguintes:

a) Mantense a grafía *-cc-* nos cultismos cando corresponde á pronuncia [kθ], coma en *acceso, acción, micción* etc.

b) Mantéñense os grupos formados por dúas consoantes que pertencen a sílabas distintas, isto é, que forman grupo heterosilábico, sempre que non se trate dunha consoante dobre: *obxecto, apto, administrar, atmosfera, máximo* [ks̺], *magma, nafta, himno*; *acusativo* (< ACCUSATIVUM), *cominar* (< COMMINARE), *gama* 'serie', 'abano' (< *gamma*), *casete* (< *cassette*). Deste comportamento exceptúanse algunhas palabras de circulación restrinxida ou aínda non plenamente adaptadas, coma *súmmum, gamma* 'letra grega', *enneasílabo, kappa, razzia, pizza,* así coma os derivados formados por un prefixo rematado en *-n* e unha base produtiva iniciada por *n-*: *circunnavegar; connatural, connotar; ennobrecer; innato, innecesario, innegable, innervar, innobre, innomeable, innovar, innumerable*. Téñase en conta que existen formas populares como *connosco, ennegrecer, ennobelar*, ademais das secuencias verbo + pronome persoal átono do tipo *chámannos, víronnos, collerannos*, sempre coa pronuncia [ŋn].



c) Tamén se manteñen en xeral os grupos de dúas consoantes explosivas: *ctenóforos, gnomo, mnemotécnico, pneuma, psicópata, pterodáctilo, atlas, ínclito, perplexo* etc.

d) En posición implosiva normalmente non se admiten grupos de dúas consoantes, salvo cando a segunda é *s*: *obsceno, adscribir, externo* [ks̺], *construír, circunstancia, perspectiva, bíceps, relax* [ks̺]. Nos demais casos normalmente pérdese a segunda consoante do grupo: *ártico* (lat. ARTICUM), *punción* (lat. PUNCTIONEM), *tintura* (lat. TINCTURAM).

Con todo, algúns préstamos estranxeiros manteñen excepcionalmente as dúas consoantes en final de sílaba, polo menos graficamente: *zinc, hínterland, round, lord, golf, windsurf, búmerang, cámping, iceberg, kirsch, sketch, folk, sprint, test.* Da mesma maneira, escríbense con consoante dobre final palabras como *full* ou *jazz*.

## 8.1. GRUPOS *BL*, *CL*, *FL*, *GL*, *PL*, *TL*

Estes grupos mantéñense inalterados nos cultismos e nos préstamos ou formacións recentes: *ablativo, ablegado, ablución, aclarar, atlántico, atlas, atleta, blasfemar, blindar, bloque, bloquear, bloqueo, clamar, clan, claridade, clarificar, clarín, clarividente, claro, clase, clasificar, cláusula, clemencia, clero, clima, cloro, club, exemplo, explicar, flamante, flan, flexión, flor, fluxo, glaciar, gladiador, glándula, glicerina, globo, gloria, glosa, incluír, influír, oblación, oblata, oblicuo, oblongo, obliterar, placa, plano, planta, plasma, plástico, plátano, platino, plaxio, plenario, pluma, plumaxe, plural, problema, proclamar, proclítico, publicar, público, reflexión, subliminar, sublingual, subliñar, templo, troglodita.*

Para a partición de palabras a fin de liña, téñase en conta que nalgún dos exemplos citados *bl* é heterosilábico (*ablegado, obliterar, subliminar, sublingual, subliñar*).

As palabras latinas semicultas e algúns préstamos antigos doutros idiomas mudaron o *l* en *r*: *aprazar, branco, brancura, brando, brasón, compracer, cravar, cravo, cravuñar, cumprir, dobrar, emprazar, empregar, escravo, fraco, fraqueza, frauta, frecha, fretar, frota, frouxo, igrexa, nobre, obrigar, pracer, praga, praia, prata, prato, praza, prazo, preamar, pregar, preito, recruta, singradura* etc.

## 8.2. Grupos *bc*, *bd*, *bm*, *bn*, *bs*, *bt*, *bv* e *bx*

Mantéñense sempre sen alteración: *abdicación, abdicar, abdome, abdominal, abnegación, abnegar, absentismo, ábsida, absolutismo, absoluto, absolver, absorber, absorción, absorto, absurdo, abxurar, insubmisión, obcecar, obnubilar, obsequiar, obsequio, observar, obsesión, obsoleto, obter, obturar, obtuso, obviar, obvio, obxección, obxectividade, obxectivo, obxecto, subcomisión, subconsciente, subdirector, súbdito, submersión, subministrar, subsección, subsidio, subsistir, subsumir, subtítulo, subxectivo, subxugar.*

*Sutil* e a súa familia léxica (*sutileza, sutilidade, sutilmente, sutilizar*) perderon o *b* desde as orixes do idioma.

## 8.3. Grupo *bs* + consoante

Aínda que existe a tendencia popular a eliminar a primeira consoante nas palabras con moito uso, na escrita débese manter a solución culta con conservación do grupo: *abstemio, abstención, absterse, absterxente, abstinencia, abstracción, abstracto, abstraer, obsceno, obstáculo, obstinado, obstruír, subscrición, subscrito, subscritor, substancia, substancial, substantivación, substantivar, substantivo, substitución, substituír, substituto, substrato.*

Deben evitarse as formas **substraer, *substracción, *substraendo*, tomadas do castelán. O verbo latino de que derivan era SUBTRAHERE, polo que, se se adopta o cultismo latino, débese utilizar *subtraer, subtracción* e *subtraendo.*



## 8.4. Grupos -*ct*- e -*cc*-

Os grupos *ct* e *cc* mantéñense nos vocábulos cultos cando os preceden as vogais *a, e, o: abstracción, abstracto, abxección, abxecto, acción, accionar, acta, activo, acto, actor, actual, actualidade, actuar, adxectivo, afección, afectar, afectivo, afecto, arquitecto, arquitectura, artefacto, aspecto, atracción, autóctono, cacto, calefacción, calefactor, carácter, caracterizar, circunspección, circunspecto, coacción, cocción, colección, colecta, colectivo, compacto, confección, contacto, contracción, conxectura, conxecturar, corrección, corrector, defectivo, desinfección, desinfectar, detección, detectar, detractor, dialecto, didáctico, dilección, dilecto, dirección, directo, director, distracción, ecléctico, eclecticismo, elección, electricidade, electricista, equinoccial, equinoccio, estupefacción, estupefacto, exacción, exactitude, exacto, extracción, extracto, facción, fracción, impacto, imperfección, incorrección, incorrecto, indirecto, infección, infectar, insecticida, insecto, inspección, inspector, insurrección, insurrecto, intacto, intelecto, intersección, inxección, inxectar, lactante, lácteo, lección, lectivo, lector, lectura, manufactura, néctar, noctámbulo, nocturno, obxección, obxectivo, obxecto, occidente, octaedro, octosílabo, olfactivo, olfacto, pacto, perfección, perfecto, perspectiva, práctica, practicar, predilecto, prospecto, protección, protector, proxectar, proxecto, proxector, putrefacción, putrefacto, reacción, reactivo, recto, rectitude, redacción, redactor, reflector, refracción, respectar, respecto, resurrección, retrospección, satisfacción, sección, sector, selección, selectivo, sintáctico, táctica, táctil, tacto, tracción, tractor, traxecto, traxectoria, tumefacto, vector.*

Perderon o *c* as palabras *catarata, contratación, contratar, contrato, tratado, tratamento, tratar, trato.*

Suprímese a primeira consoante nos dous grupos cando os preceden as vogais *i* e *u*: *abdución, abdutor, adución, adutor, aflición, aflito, condución, conduta, conduto, condutor, conflito, constrición, constritivo, construción, construtivo, construtor, contradición, contrición, dedución, dedutivo, delito, destrución, destrutor, dicionario, distrito, ditado, ditadura, ditame, ditar, estrito, estrutura, flutuación, flutuar, frutífero, frutificar, frutuoso,*

*indución, indutor, introdutor, introdutorio, lutuoso, obstrución, obstrucionismo, obstrucionista, obstrutivo, produción, produtivo, produto, produtor, reconstrución, redución, reduto, redutor, reprodución, reprodutor, restrición, restritivo, tradutor, vítima, Vítor, vitoria, vitorioso, xurisdición.*

Porén, convén manter esta primeira consoante nalgunhas palabras pertencentes a linguaxes especializadas, de escasa presenza na fala ou para evitar homonimias. Son voces como *adicción, adicto, amicto, anfictión, anfictionia, apodíctico, convicción, convicto, deíctico, dicción, dicterio, dúctil, ductilidade, ducto, edicto, evicción, ficción, ficticio, flictena, fricción, friccionar, ictericia, ictérico, ictiografía, ictioloxía, ictiomancia* (e outras formas con *ictio-*), *indicción, invicto, lictor, micción, nictalope, nictalopía, pictografía, pictórico* (e outras formas con *picto-*), *ricto, succión, succionar, veredicto, vindicta*.

Perderon sistematicamente o *c* as palabras que tiñan en latín cons. + *ct,* como *acupuntura, adxunción, adxunto, antártico, Antártida, Ártico, coartada, coartar, conxunción, conxuntivo, conxunto, conxuntura, defunto, distinto, esfínter, extinto, función, funcionar, instinto, punción, xuntura* etc. A mesma redución afectou tamén a *autor* e aos seus derivados (*autoridade, autorizar* etc.).

Con respecto a estes grupos cultos, non se debe esquecer que hai algúns semicultismos con vocalización da consoante implosiva en *u* ou en *i*: *doutor, doutoramento, doutrina; reitor, reitorado, reitoral, reitoría; seita* (pero *sectario, sectarismo*); *suxeitar* e *suxeito.* Ás veces, ao lado destas formas existe a culta correspondente, cun significado menos restrinxido, como ocorre, por exemplo, en *pauto* / *pacto*.

## 8.5. Grupo *-cn-*

Consérvase en todos os casos: *acne, arácnido, cnidarios, cnitosporídeos, pícnico, picnómetro, picnose, pirotécnico, politécnico, radiotécnico*, *técnica, tecnicismo, tecnocracia, tecnoloxía, zootécnico.*



## 8.6. Grupo *-cd-*

Mantense o grupo en todos os casos: *anécdota, anecdotario, anecdótico, sinécdoque.*

## 8.7. Grupo [ks̺] (grafía *-x-*)

Mantense sempre na grafía como *x: aproximar, asfixia, axila, axilar, axioma, bórax, convexo, elixir, exacto, exame, exceder, excelente, exceso, exclamar, exilio, eximir, éxodo, exótico, explosión, extra, galaxia, hexágono, laxo, léxico, maxilar, nexo, reflexionar, sexo, sexto, sílex, sintaxe, téxtil, texto, tórax, tóxico.*

Na lingua escrita doutros períodos era frecuente representar o x latino nas palabras cultas por *s*, debido á tendencia usual a pronuncialo desta maneira, especialmente en posición implosiva (**testo, *misto, *esame, *esilio* etc.). Convén escribir *x* para non romper a coherencia cos outros grupos que manteñen a consoante oclusiva: *exame, exacto* conforme a *acto, lección, técnica, obsequio, cápsula* etc. Escribindo *s* romperíase a coherencia na mesma familia léxica: de *conexión / conectar, reflexión / reflectir, galaxia / galáctico, profilaxe / profiláctico, sintaxe / sintáctico* etc.

Por todas estas razóns é preferible usar *x*, aínda que esta grafía teña o dobre valor de [ks̺] e [ʃ] e poida haber algúns casos de lectura equívoca. Na maioría deles pódese facer ben a distinción, tendo en conta que no galego común [ʃ] non pode aparecer nunca en posición implosiva (*extensión, excepto, expugnar, excelente*) e que na maioría das palabras en que aparece *x* co valor de [ks̺] se trata de elementos ben coñecidos: *ex-, exo-, extra-, taxi-, xeno-, xilo-* etc. En moi poucos casos a grafía pode levar a unha dobre lectura, sen que, por outra parte, isto afecte á identificación e ao significado da palabra.

Con todo, algunhas voces moi populares, documentadas xa deste modo en textos medievais, así como os seus derivados, deben escribirse con *s*: *escava, escavar, escavación, escavadora; estender (pero extensión, exten-*

*sivo, extenso, extensor); estrañar, estrañamento, estraño, estrañeza; estranxeiro, estranxeiría, estranxeirismo; estremar* 'derregar', *estrema, estremo* 'linde' (pero *extremar, extremidade, extremismo, extremo, extremoso*).

Un caso especial dáse cando na mesma palabra, non composta, aparece dúas veces *x* en posición intervocálica, a primeira vez co valor de [ks̺] e a segunda co de [ʃ]. Nestas palabras pódese optar por substituír o primeiro *x* por *s* (*esaxeración, esaxerar, esaxero, esexese, esexético, esixencia, esixente, esixir* etc.) ou ben por manter inalterado o grupo etimolóxico (*exaxeración, exaxerar, exaxero, exexese, exexético, exixencia, exixente, exixir* etc.). Esta posibilidade de elección non afecta aos prefixos do tipo *ex-* seguidos de consoante nin ás palabras compostas, en que só cabe manter o grupo: *expunxir, lexicoloxía, toxicoloxía* etc.

## 8.8. Grupos -*GM*-, *GN*- e -*GN*-

Manténense sempre nos cultismos: *agnosticismo, agnóstico, apotegma, benignidade, benigno, bregma, cognitivo, cognoscitivo, consignación, consignar, consignatario, designar, diafragma, diagnosticar, diagnóstico, dignar, dignidade, digno, dogma, dogmático, dogmatismo, estigma, expugnar, flegmón, fragmento, gnómico, gnomo, gnomoloxía, gnomólogo, gnose, gnoseoloxía, gnosticismo, gnóstico, ígneo, ignominia, ignorante, ignorar, ignoto, impregnar, impugnar, incógnito, indignar, indigno, insignificante, lignito, magnesio, magnífico, magnolia, persignar, pigmentar, pigmento, pigmeo, pragmática, prognose, prognóstico, pugna, repugnante, repugnar, resignar, segmento, sigma, significado, significar, signo.*

Por seren semicultismos presentan só *-n- asinar, ensinanza, ensinar, ensino, sinalar, sinatura, sino* 'campá' e outras palabras da mesma familia léxica.

O grupo *gn* nas palabras patrimoniais dá como resultado ñ [ɲ] (AGNUM > *año*), en semicultismos elimina o *g* implosivo (SIGNUM > *sino*) e nos cultismos mantense conforme á regra xeral (*dignidade, benigno* etc.). Advírtase que a pronuncia do grupo *gn* segue sendo popularmente [n], con simplificación do grupo, ou, nunha pronuncia máis coidada, [ŋn] ou [gn].

## 8.9. Grupos *MN*-, -*MN*- e -*NM*-

Manténense as dúas consoantes nos cultismos: *alumnado, alumno, amnesia, amnistía, anamnese, autumnal, calumnia, columna, columnata, damnificar, himno, indemne, indemnizar, inmaculado, inmanencia, inmanente, inmaterial, inmaturo, inmediato, inmemorial, inmensidade, inmenso, inmensurable, inmerecido, inmersión, inmerso, inmigración, inmigrante, inmigrar, inminente, inmiscirse, inmóbil, inmobilizar, inmoderado, inmodestia, inmodificable, inmolar, inmoral, inmorredoiro, inmortal, inmune, mnemónica, mnemónico, mnemonizar, mnemotécnica, ómnibus, omnímodo, omnipotente, omnipresente, omnívoro, solemne, solemnidade, ximnasio, ximnasta, ximnástico, ximnocarpo, ximnospermas.*

A secuencia *nm* é habitual dentro da fonética do galego (*víronme, enmagrecer, enmudecer, conmover* etc.), de tal maneira que a súa pronunciación non resulta insólita. O portugués continental compórtase de maneira inconsecuente no tratamento destes grupos, aínda que en xeral os simplifica en favor da segunda consoante: *hino, solene, coluna*, pero *calumnia, indemne, amnesia*. O portugués do Brasil é máis radical na simplificación destes grupos: *calunia, indene, pero amnesia, mnemotécnica.*

## 8.10. Grupos -*MM*- e -*NN*-

O grupo -MM- simplificouse historicamente en *-m-*: *coma, comendatario, cominación, cominar, cominatorio, comisario, gama, xema, xemación, xemíparo* etc.

Con todo, o nome da letra grega *gamma* debe escribirse con *-mm-*, por ser unha voz fixada na terminoloxía internacional da física e da astronomía.

O grupo latino -NN- simplificouse en *-n-* nas voces patrimoniais do galego (lat. CANNAM > *cana*). Tamén se adaptaron ao galego con *-n-* as palabras cultas que tiñan -NN- etimolóxico: *bienio, trienio, cuadrienio, quinquenio, sexenio, decenio, milenio, aniversario, conectar, conexión* etc.

Con todo, convén escribir con *-nn-* algúns vocábulos cultos de circulación moi restrinxida: *connubio, enneágono, perenne* etc.

Un tratamento á parte merecen as palabras derivadas mediante un prefixo rematado en *-n*, que se une a unha base que comeza tamén por *n-*. Neste caso, cando existe no galego a palabra base, consérvase o grupo *-nn-*: *circunnavegar* (*circun* + *navegar*), *connatural* (*con* + *natural*), *innobre* (*in* + *nobre*) etc. O mesmo sucede cando, aínda non estando viva a forma primitiva, esta sexa transparente por existiren outras palabras da mesma familia ou ben por haber derivados con outros prefixos sobre a mesma base: *innovar* (non existe **novar*, pero si *novo*, e ademais hai outros derivados como *anovar*, *renovar* etc.).

Cando non é transparente a base sobre a que se formou o derivado, prodúcese a simplificación en *-n-*: *inocuo, inocencia*.

## 8.11. Grupo *-ns-* anteconsonántico

Nas palabras cultas mantense sen reducir: *circunscrición, circunspección, circunspecto, circunstancia, circunstancial, consciente, conspicuo, conspiración, conspirador, conspirar, constancia, constante, constar, constelación, consternar, constipado, constitución, constituír, construción, construír, construtor, inconsciente, inspección, inspector, inspiración, inspirar, instalación, instalar, instancia, instante, instar, instaurar, institución, instituír, instituto, instrución, instruír, instrumento, instrutor.*

O prefixo *trans-* mantén o grupo *ns* cando a base é un cultismo: *transbordar, transcendental, transcendente, transcender, transcribir, transcrición, transferencia, transferir, transformación, transformar,*



*translación, transmisor, transmitir, transpirar, transporte, transvasar, transvasamento*. Cando se une *trans-* a unha palabra que comeza por *s-* hai simplificación das dúas consoantes sibilantes: *transecular, transiberiano, transubstanciación.*

Este sufixo reduciuse a *tras-* en palabras populares como: *trasfegar, trasladar, trasler, trasnoitar, traspasar, traspoñer, trastornar.*

## 8.12. Grupos *-pc-*, *-pn-*, *-ps-* e *-pt-*

Como norma xeral manteñense estes grupos nos cultismos: *abrupto, acepción, aceptar, adaptar, adepto, adopción, adoptar, adoptivo, anticonceptivo, aptitude, apto, baptista, cápsula, captar, captura, catalepsia, cataléptico, coleóptero, concepción, concepto, conceptual, copto, corrupción, corruptivo, corrupto, corruptor, cripta, críptico, decepción, eclipse, elipse, epiléptico, erupción, eruptivo, escepticismo, estreptomicina, eucalipto, excepción, excepto, exceptuar, exipcíaco, exipcio, Exipto, exiptoloxía, hemoptise, hepta-, hipnose, hipnoterapia, hipnotismo, hipnotizar, imperceptible, inepcia, inepto, interceptar, interrupción, interruptor, irrupción, Neptuno, nupcial, nupcias, opción, optar, optativo, óptica, optimismo, optimista, óptimo, percepción, precepto, preceptor, rapsodia, rapto, raptor, recepción, receptor, réptil, ruptura, sinopse, susceptible, tríptico, voluptuosidade, voluptuoso.*

Hai, así e todo, unha serie de palabras que perden o primeiro elemento do grupo *-pc-* ou *-pt-*, algunhas por seren xa antigas no idioma, outras por teren hoxe un uso frecuente; e o mesmo ocorre cos derivados cultos da familia do latín SCRIPTUS. Así: *adscrición, adscrito, cativar, catividade, cativo, cetro, circunscrición, circunscrito, descrición, descritivo, descrito, descritor, ditongar, ditongo, escrito, escritor, escritorio, escritura, indescritible, inscrición, inscrito, manuscrito, prescrición, prescrito, proscrición, proscrito, setembro, setentrión, setentrional, subscrición, subscrito, subscritor, transcrición, transcrito, tritongo.*

Amais disto, existen no galego varios casos de vocalización da consoante implosiva: *receita* e *receitar*; *adoitar* ('acostumar', diferente do cultismo *adoptar*); *bautismo* e *bautizar*.

Diferéncianse pola presenza ou ausencia dun *p* as familias de *retar* ('desafiar, culpar etc.', que procede do lat. REPUTARE, a través do francés) e de *reptar* (do lat. REPTARE 'andar a rastro').

## 8.13. Consoante + *pc*, consoante + *pt*

Cando se trata dos grupos latinos *cons.* + *pc* ou *cons.* + *pt* pérdese sempre a consoante intermedia -*p*- en galego: *absorción, aprontar, asunción, asunto, escultor, escultura, exento, inscultura, irredento, perención, perentoriamente, perentorio, presunción, prontuario, redención, redentor, redentorista, suntuosidade, suntuoso.*

## 8.14. Grupos *pn*-, *ps*- e *pt*-

Aparecen en posición inicial en palabras cultas e, segundo a regra xeral, consérvanse na lingua escrita, a pesar de que na fala existe a tendencia a non pronunciar a primeira consoante: *pneuma, pneumático, pneumonía, pneumopatía, pneumoscopio, pneumoterapia, pneumotórax etc.; pseudo-, pseudociencia, pseudónimo* etc.; *psicanálise, psicanalista, psicodiagnóstico, psicofísica, psicoloxía, psicolóxico, psicometría, psicopatoloxía, psique, psiquiatra, psiquiatría, psíquico* etc.; *pterobranquiado, pterodáctilo, pterópodo* etc.

Xa non se escriben con *p*-: *salterio, salmista, salmo* e *salmodiar*.

## 8.15. Grupo -*sc*- medial

Nas palabras cultas consérvase o grupo: *adolescencia, adolescente, ascender, ascensor, condescendencia, condescender, consciencia* (ao



lado de *conciencia*), *delicuescencia, delicuescente, descendencia, descender, discente, discernir, disciplina, discípulo, escindir, fluorescente, imprescindible, incandescente, inflorescencia, piscina, plebiscito, prescindir, proscenio, rescindir, rescisión, suscitar* etc.

Nas palabras patrimoniais houbo redución do grupo a -*c*-: *apacentar, nacer, necio, pacer*. Sucede isto sempre nos verbos en -*ecer*, sexan de formación latina ou romance: *coñecer, crecer, florecer, parecer* etc.

## 8.16. Grupo *sc*- inicial

O grupo latino *sc* + *e, i* simplificouse en *c*- en palabras de entrada antiga: *ciencia* (e familia léxica), *cetro, ciática, cirro, cirrose, cisma* (e *cismar, cismático* etc.). Nas de entrada máis recente o grupo mantense apoiado nun *e* protético: *escena, escenario, escenografía, escepticismo, escéptico, escindir, escintilar, escisión, esciúrido* etc. O mesmo ocorre sempre que ao grupo consonántico sigan *a, o, u* ou consoante: *escándalo, escola, escorpión, escribir, escrúpulo, escultur*a etc.

O grupo inicial *sc*-, igual ca calquera grupo iniciado por *s* (+ cons.), toma un *e* protético. Así, conforme a *espírito, estrutura, esquema, esmalte, esmeralda, específico, espectáculo, esfera* etc., tamén *escándalo, escama* etc. Ante *e, i,* o *c*- en galego antigo pronunciábase [ts]; desta maneira resultaba un grupo *sc*- de dúas consoantes co mesmo punto de articulación (isto é, [sts]), que se resolveu en [ts]. Unha vez que *c* ante *e, i* adquiriu unha pronuncia interdental [θ], distanciada da de *s* [s̺], as palabras incorporadas modernamente ao idioma deben seguir a norma xeral: mantemento das dúas consoantes e adopción dun *e*- protético. En portugués *sc*- ante *e, i* pronúnciase modernamente [s], e isto explica que siga sendo de regra a simplificación do grupo nas palabras cultas (*cena, cenario* etc.). A solución galega é, ademais, congruente coa dada arriba para palabras do tipo *discípulo, descender* etc.

## 8.17. Grupo *-st-*

Este grupo consonántico é frecuente nas palabras patrimoniais, e non adoita presentar problemas na escrita do galego. Un caso especial é a alternancia de formas do prefixo *post-/pos-*: escríbese *post-* cando vai seguido dunha base que comeza por vogal (*postelectoral, postoperatorio*); úsase *pos-* cando vai seguido dunha base que comeza por consoante (*posclásico, posguerra, pospoñer*).

## 8.18. Algunhas observacións sobre a pronuncia dos grupos cultos

A consoante implosiva dos grupos cultos consonánticos, do tipo *cc, cd, cn, x* [ks̳], *ct, bc, bm, bs, bt, bv, bx, ps, pt, pn, mn, gm* etc. pronúnciase xeralmente relaxada, e mesmo pode desaparecer. Cando estes grupos consonánticos van precedidos das vogais *e* ou *o*, estas realízanse sempre con timbre aberto [ɛ], [ɔ]: *obxecto* [oβˈʃɛkto].

Nos grupos *cc, cd, cn, ct, dm, dn* o primeiro elemento pronúnciase [k] ou [d], con maior ou menor grao de relaxación, e mesmo pode desaparecer. Pero é incorrecta a pronunciación deste elemento como interdental [θ].

O primeiro elemento dos grupos cultos *gm* e *gn* pronúnciase como velar sonoro (un *g* relaxado) ou mesmo como un ene velar [ŋ], mais nunca como aspirado.



# 9. Sufixos e terminacións

No referente a sufixos e terminacións, o galego adopta solucións propias, que unhas veces son específicas e outras veces coinciden, en xeral, co portugués e, parcialmente, co castelán e con outras linguas románicas. A continuación faise referencia aos sufixos e terminacións que poden presentar algún problema.

## 9.1. *-ancia, -encia, -iencia, -uencia, -cia, -cio, -za, -zo*

Nas palabras cultas, en xeral as de entrada máis recente, coincide o galego co castelán e co portugués, pois nos tres idiomas se conservan estas terminacións sen alteración na forma.

Así, teñen *-ancia*, entre outros, os substantivos *abundancia, alternancia, arrogancia, circunstancia, constancia, discordancia, distancia, elegancia, extravagancia, exuberancia, ganancia, ignorancia, importancia, infancia, petulancia, redundancia, repugnancia, resonancia, substancia, tolerancia, vixilancia* etc.

Teñen terminación *-encia, -iencia* ou *-uencia*, entre outros, *adolescencia, aparencia, ascendencia, descendencia, diverxencia, esixencia, incidencia, independencia, indulxencia, inocencia, intelixencia, presidencia, procedencia, referencia, residencia, reticencia, urxencia, virulencia, vixencia; audiencia, ciencia, conciencia, consciencia, conveniencia, deficiencia, desobediencia, eficiencia, experiencia, impaciencia, inconsciencia, inconveniencia, inexperiencia, insuficiencia, obediencia, omnisciencia, paciencia, proveniencia, sapiencia, subconsciencia, suficiencia; afluencia, altilocuencia, anuencia, confluencia,*

*consecuencia, delincuencia, efluencia, elocuencia, fluencia, frecuencia, grandilocuencia, incongruencia, inconsecuencia, influencia, secuencia* etc.

Teñen terminación *-cia*, entre outros, *acacia, audacia, avaricia, contumacia, delicia, eficacia, falacia, farmacia, ictericia, impericia, inmundicia, malicia, milicia, noticia, pericia, perspicacia, pertinacia, suspicacia,* etc. Entre estas palabras está *Galicia*, voz lexítima galega, denominación oficial do país e maioritaria na expresión oral e escrita moderna. *Galiza* é tamén unha forma lexitimamente galega, amplamente documentada na época medieval, que foi recuperada no galego contemporáneo.

Teñen terminación *-cio* formas coma *anuncio, artificio, beneficio, bulicio, cartapacio, cilicio, comercio, consorcio, desperdicio, divorcio, edificio, exercicio, ficticio, hospicio, maleficio, necio, negocio, nuncio, oficio, orificio, palacio, patricio, precipicio, prefacio, propicio, sacerdocio, sacrificio, silencio, socio, vicio, xentilicio* etc.

Noutras palabras o galego conserva as formas con solución patrimonial *-zo, -za*: *andazo, avinza, cansazo, cobiza* (*cobizar, cobizoso* etc.), *crenza* (*descrenza), diferenza* (*indiferenza), doenza, espazo* (*espazar, espazoso), estanza* ('estrofa'), *finanza (financeiro*), *graza (desgraza*), *habenza, licenza, nacenza* (*renacenza*), *novizo, perseveranza, pertenza* (xunto ao cultismo pertinencia, con significado diferente), *postizo, preguiza* (*preguiceiro, preguizoso*), *presenza, prezo* (*desprezo, menosprezo, prezar, desprezar*), *querenza* (*benquerenza, malquerenza*), *sentenza, servizo* (*servizal*), *tenza* (*mantenza*), *terzo* (*terza, terzá, terzar*), *xuízo* (*axuizar, prexuízo*), *xustiza* (*axustizar, inxustiza, xusticeiro*). A maioría delas son formas xa amplamente documentadas desde antigo na nosa lingua, e algunhas son préstamos que se incorporaron con esta solución (*estanza, finanza*...).



## 9.2. -*CIÓN*, -*SIÓN*

Manténense os dous sufixos nas palabras cultas: *acción, admiración, aliteración, atención, bendición* (ao lado da forma patrimonial *beizón*), *canción, codificación, composición, condenación, disolución, edición, educación, emigración, emoción, indicación, lección, manipulación, nación, perturbación, restauración, vacación* etc.; *admisión, concesión, confesión, división, evasión, excursión, expansión, invasión, lesión, ocasión, previsión, revisión, televisión, versión* etc.

Levan *-zón* palabras patrimoniais como *doazón, razón, sazón, torzón, traizón* etc.

> A historia destes sufixos e terminacións é diferente en galego e en portugués. En galego existe hoxe a variante tradicional *-zón* e as cultas *-ción, -sión*; o portugués ten *-ção, -zão* e *-são*. Na época medieval as formas máis estendidas eran *-zon*, *-çon*, *-son* e *-sson*; pero posteriormente a historia de cada un dos dous idiomas seguiu rumbos diferentes. O portugués (á parte de conservar a sibilante sonora fronte á xorda) mudou esta terminación en *-zão, -ção, -são* e *-ssão* e acomodou a este resultado todas as palabras cultas que foi introducindo, obrando así cun criterio diferente ao usado para a terminación *-cio, -cia.* O galego incorporou todas estas palabras cultas, coa acomodación fonética indispensable da terminación latina (FRACTIONEM > *fracción*), seguindo un criterio similar ao adoptado coa terminación *-cio, -cia* e cos cultismos en xeral.

## 9.3. -*NTE*

Esta terminación permite formar adxectivos ou substantivos sobre a base dun verbo. Os que o fan sobre verbos da primeira e da segunda conxugacións manteñen inalterada a vogal temática correspondente: *cantante, camiñante; valente, crente, nacente, crecente.*

Os relacionados con verbos da terceira conxugación, pola contra, non presentan un resultado uniforme. Os máis deles son cultismos que

se remontan á correspondente forma latina, no canto de se formaren sobre o verbo romance, polo que presentan como vogal temática *e* ou *ie*: *maldicente, maledicente; producente, contraproducente; incidente, reincidente; transixente, intransixente; lucente, relucente; escribente; constrinxente; insurxente; influente, confluente, afluente; vivente, supervivente; consecuente, subsecuente* etc.; ou *expediente, conveniente, proveniente, interveniente, nutriente, recipiente, saliente, sobresaliente* etc. Só uns poucos verbos da terceira conxugación presentan unha forma nominal con vogal temática *i*: *concluínte; contribuínte; saínte; seguinte, conseguinte; oínte* ou *ouvinte; constituínte, reconstituínte.*

Sobre os verbos *durmir* e *servir* os derivados esperados deberían presentar *-ie-* (como cultismos) ou *-i-* (como derivados romances). En lugar destas formas rexístranse como patrimoniais *dormente* (adx. e subst.) e *servente* (subst.).

## 9.4. -*MENTO*

Os substantivos formados con este sufixo manteñen en todos os casos a vogal temática do verbo que lles serve de base: *acabamento, regulamento; esquecemento, coñecemento; revestimento, resentimento, seguimento, sentimento.*

Son unicamente os derivados de verbos da segunda os que presentan algún problema, posto que non é infrecuente ver escrito *coñecimento, padecimento* etc., con *-i-* (coma en castelán e portugués). Tanto no galego actual coma no medieval son absolutamente maioritarias as formas en *-emento* (*atrevemento, entendemento, nacemento*...); por teren apoio na fala e seren patrimoniais, estas son as escollidas como normativas.



## 9.5. -*SE*

As voces cultas con orixe nos nomes gregos en *-sis* adoptan a terminación *-se* e son todas do xénero feminino: *análise, antítese, apoteose, arteriosclerose, base, catálise, catequese, crase, crise, diagnose, diátese, diérese, diocese, dose, eclipse, electrólise, elipse, énfase, cirrose, esclerose, esexese, éxtase, fase, fotosíntese, frase, hemoptise, hidrólise, hipnose, hipótese, metamorfose, metástase, narcose, neurose, osmose, paráfrase, paréntese, perífrase, prolepse, prótase, prótese, psicose, simbiose, sindérese, sinopse, síntese, tese, tuberculose, xénese.*

Non pertencen a este grupo as palabras *oasis* e *chasi*s.

## 9.6. -*ITE* E -*TE*

En correspondencia coas palabras do grupo anterior, e por razóns similares, esta é tamén a adaptación das palabras coas terminacións gregas *-itis* e *-tis*, todas elas femininas: *amigdalite, apendicite, artrite, bronquite, cardite, colite, conxuntivite, diabete, encefalite, endocardite, enterite, estomatite, farinxite, gastrite, glote, hepatite, larinxite, meninxite, miocardite, nefrite, neurite, otite, pancreatite, peritonite, pleurite, tendinite* etc. Nótese que *gratis* non pertence a este grupo.

De maneira similar, teñen *-e* palabras como *acrópole, cute, epiderme, metrópole, necrópole, paralaxe, praxe, psique* e *sintaxe*, tamén femininas.

## 9.7. -*BLE* / -*BEL*

A solución moderna para as palabras cultas que teñen o sufixo latino -BILIS é *-ble* ou *-bel* (pl. *-bles* ou *-beis*). Así, *amable, apetecible, bebible, estable, indeleble, indisoluble, infalible, perdurable, preferible, realizable, soluble, terrible, variable, xeneralizable* etc.; ou *amábel, ape-*

*tecíbel, bebíbel, estábel, indelébel, indisolúbel, infalíbel, perdurábel, preferíbel, realizábel, solúbel, terríbel, variábel, xeneralizábel* etc.

Consecuentemente, débese escribir *establecer, establecemento, restablecer* e *restablecemento*, ou ben *estabelecer, estabelecemento, restabelecer* e *restabelecemento*.

A historia do sufixo -BILIS é complexa e diferente no galego e no portugués. En textos portugueses medievais aparecen *-vel* e *-vil* (plural *-viis*); máis tarde impúxose como única forma *-vel* (plural *-veis*). En textos galegos antigos danse as seguintes solucións (con alternancia gráfica *b/v*): para o singular, *-vele* ~ *-bele* (*estavele* ~ *estabele*), *-vel* ~ *-bel* (*estavel* ~ *estabel*), *-vil* ~ *-bil* (*estavil* ~ *estabil*), *-vle* ~ *-ble* (*estavle* ~ *estable*); para o plural, as formas rexistradas son *-vi(i)s* ~ *-bi(i)s* (*semellavi(i)s* ~ *semellabi(i)s), -viles* ~ *-biles* (*convenaviles* ~ *convenabiles*) e *-veles* ~ *-beles* (*semellaveles* ~ *semellabeles*). Esta última solución é con moito a máis frecuente.

A terminación *-ble* (pl. *-bles*) impúxose como solución xeral en todo o territorio galego, e mesmo se documenta no norte de Portugal. Esta é ademais a solución adoptada por outras linguas (francés, catalán, castelán...). De por parte, *-bel, -beis* (*amábel, amábeis*) ten tamén unha importante presenza na lingua escrita xa desde o século XIX.

A solución *-bre* usouse moito na literatura desde o século XIX (**posibre, *amabre*), debido á tendencia popular a mudar en *r* o *l* agrupado con consoante (vide 8.1). Esta, en troques, é a única solución correcta para *nobre*, palabra coñecida así desde a Idade Media.

A secuencia *-bil* (pl. *-biles*) aparece en palabras como *débil, hábil, lábil, móbil, núbil.*

## 9.8. -*EO*, -*EU* E -*AO*, -*AU*

Cómpre distinguir na escrita as terminacións *-eo* e *-eu*, que se corresponden cunha diferenza fonética real. Rematan en *-eo* as palabras populares procedentes das latinas rematadas en -AELUM, -ELUM, -OEDUM, -ENUM (calquera que sexa o timbre da vogal tónica) e as formadas co sufixo *-eo* a partir de verbos en *-ear*: *ceo, receo, veo, feo, cheo, freo, arqueo, bloqueo* etc. Esta secuencia tradicional en galego facilita que os cultismos procedentes de palabras rematadas en -EUM, esdrúxulas ou graves, se acomoden en *-eo*; téñase en conta que, en xeral, a todo -U latino lle corresponde en galego *-o*, e as palabras deste grupo non fan excepción: *aéreo, arbóreo, arxénteo, áureo, cetáceo, ciclópeo, coetáneo, consanguíneo, contemporáneo, córneo, corpóreo, crustáceo, curvilíneo, cutáneo, erróneo, espontáneo, larínxeo, linóleo, marmóreo, mediterráneo, momentáneo, núcleo, óleo, óseo, pétreo, petróleo, purpúreo, rectilíneo, róseo, sanguíneo, terráqueo, térreo, venéreo, violáceo, vítreo; apoxeo, arameo, ateo, camafeo, corifeo, europeo, fariseo, filisteo, hebreo, himeneo, liceo, mausoleo, museo, peritoneo, pigmeo, plebeo, reo, trofeo, xacobeo.* Tamén os galicismos ou catalanismos *fideo* e *manteo*.

Rematan en *-eu* as seguintes palabras patrimoniais, ou xa antigas: *eu, meu, teu, seu, chapeu, romeu, sandeu* (fem. *sandía*), *xubileu, xudeu* (fem. *xudía*). Tamén ten esta terminación a voz *leu* (pl. *lei*) 'unidade monetaria de Romanía'.

O portugués compórtase de modo en parte diferente debido a unha evolución fonética particular: mantén a secuencia *-eo* nos cultismos esdrúxulos (*pétreo*), mentres que os cultismos graves os acomoda en *-eu* (*ateu, pigmeu*), debido a que nas palabras populares non ten senón as terminacións *-éu* (*céu, réu, véu*) ou *-eio* (*receio, feio, cheio, freio, arqueio, bloqueio*), segundo as súas propias leis de evolución fonética, diferentes das do galego común. O galego mantén *-eo* patrimonial e, aínda que en certas zonas poida xerar un iode sempre que haxa un hiato (a *i-auga, ceio, cantaraia, deia*), trátase dun fenómeno asistemático: nun mesmo lugar poden darse *feio* e *ceio*, fronte a *cheo* e *veo*, e aínda un mesmo falante pode usar indistintamente unha palabra con iode ou sen el. Por esta razón, este fenómeno non debe reflectirse na escrita. Habendo, por tanto, *-eo*, a acomodación dos cultismos pode ser regular, tanto no masculino coma no feminino (*europeo, europea*; cf. port. *europeu, europeia*).

Rematan en *-ao*: *arao, cacao, callao, grao, nicolao, pardao, peirao, pronao, tao, vao*. Rematan en *-au*: *bacallau* e *pau*.

## 9.9. *-EA*

O feminino correspondente ás palabras que acaban en *-eo*, tónico ou átono, é *-ea*: *allea, chea, fea; aérea, arbórea, arxéntea; atea, europea, hebrea, rea*. Esta mesma terminación figura en substantivos femininos, de orixe popular ou culta: *aldea, avea, azotea, balea, cadea, candea, cea, correa, diarrea, idea, lamprea, manchea, melopea, morea, panacea, prea, rea, serea, tea, urea, vea, verborrea*. Tamén nos galicismos *cheminea, librea, marea, platea, polea, ralea.*

O galego adapta regularmente en *-a* o *-e* mudo final dos substantivos femininos franceses: *malla, vianda, dama, franxa, carabina*. A acomodación da terminación francesa *-ée* (*cheminée*) en *-ea* (*cheminea*) é, por tanto, a normal.

## 9.10. *-OA*

O galego coñece unha terminación *-oa*, pronunciada [’oa] ou [’ɔa] segundo a súa procedencia (*boa, lagoa; avoa, filloa*). Mentres que no caso de *boa, lagoa* se manteñen sempre as dúas vogais en todo o territorio galego, en *avoa, filloa* etc. prodúcese redución a ['ɔ] en zonas da Galicia suroccidental (*avó, filló* etc.). Mesmo nestes casos debe ser escollida a solución tradicional e absolutamente maioritaria *-oa* (*avoa, filloa, moa*, *soa* -e *soamente-*, *teiroa* etc.).

## 9.11. *-US, -UM, -O*

Hai algunhas palabras que escapan á regra xeral de acomodación de cultismos e manteñen as terminacións latinas -US, -UM: *campus, corpus, humus, ómnibus, Venus, virus; álbum, factótum; médium, presídium, parabéllum, súmmum, contínuum, cinefórum, quórum, desiderátum*. En xeral son palabras que aínda se senten como non plenamente incorporadas ao idioma.

Escríbense con *-o* as voces *currículo, espírito, ímpeto, memorando, referendo* e *tribo*.

## 9.12. *-IÑO/-IÑA* E *-INO/-INA*

Nas palabras patrimoniais a terminación latina -INUM/-INAM deu en galego *-iño/-iña*, que é tamén a forma xeral do diminutivo. Así: *andoriña, campiña, casiña, campesiño, comiño, mariña, mariño, menciña, pequeniño, veciño* etc. Remata tamén en *-iño mesquiño* e *pergamiño*.

Os préstamos, latinos ou non, adoptan a terminación *-ino/-ina*: *albino, anilina, anxina, aquilino, asasino, aspirina, bencina, bizantino, bobina, bovino, brillantina, buguina, canino, cantina, capuchino, carabina, cartolina, casino, clandestino, cocaína, codeína, coralino, cortina, cristalino, destino, disciplina, divino, doutrina, ensino, escarlatina, esquina, estricnina, estudantina, felino, feminino, gabardina, gasolina, glicerina, granadino, guillotina, heroína, interino, intestino, ladino, latino, mandolina, margarina, masculino, matutino, medicina, morfina, muselina, nicotina, nitroglicerina, oficina, ondina, palatino, parafina, penicilina, peregrino, piscina, plastilina, porcino, propina, proteína, rabino, repentino, resina, retina, ruína, sacarina, sibilino, sonatina, supino, taurino, toxina, turbina, ultramarino, vaselina, vespertino, vitamina, vitrina, xacobino, xelatina, xenuíno* etc.

## 9.13. *-E*

Rematan en *-e* as palabras patrimoniais procedentes de étimos latinos en -INEM (*home, virxe, orde, imaxe, chantaxe* 'planta', *feluxe*), os continuadores dos neutros en -MEN (*crime, exame, lume, costume,* etc.) e os galicismos en *-axe* (*chantaxe* 'extorsión', *homenaxe, liñaxe, viaxe* etc.).

De maneira análoga, adóptanse tamén sen nasal final os cultismos: *abdome, ditame, exame, nume, réxime, vexame, xerme...* Deben mesmo escribirse sen *-n* as palabras *glute, lique, pole, seme*, pois non hai razón filolóxica ningunha para separalas das anteriores. Exceptúanse o latinismo *lumen* (unidade da física do sistema internacional) e o bretonismo *dolmen*.

O portugués mantivo a nasalidade primitiva (*homem, virgem, ordem, imagem* etc.) e aínda a estendeu analoxicamente a algunhas outras palabras (*nuvem, ontem*) e de modo sistemático ás palabras formadas co sufixo galorrománico *-age* (*homenagem, linhagem, viagem* etc.). Como xa se indicou, as palabras tradicionais procedentes dos neutros latinos en -MEN resolvéronse en *-e* tanto en galego coma en portugués (*lume* etc.). Pero os cultismos son tratados polo portugués de modo vacilante: en xeral, suprime *-n* (*ditame, exame, vexame* etc.), algunhas veces manteno (*sémen, líquen, pólen, glúten*) e en bastantes casos admite as dúas solucións (*ligame / ligâmen, abdome / abdômen, germe / gérmen* etc.).

Advírtase que a evolución da nasalidade da terminación medieval *-ẽ* é paralela tanto en galego coma en portugués á doutras vogais finais átonas nasalizadas. Compárense as formas medievais *órfão, Estévão, órgão, orégão*..., que se manteñen en portugués en *órfão, Estévão, órgão, orégão* e que en galego se resolven en *orfo, Estevo, orgo, ourego*.

## 9.14. MASC. *-ÁN* / FEM. *-Á*, MASC. *-ANO* / FEM. *-ANA*

Nas palabras populares, a terminación latina -ANUM presenta tres solucións distintas no dominio lingüístico galego: *-ao/-án/-á* (*irmao / irmán / irmá*). En troques, a correspondente forma feminina -ANAM só ten dous resultados: *-á/-án* (*irmá / irmán*).

Estas formas pódense atopar na fala con distintas combinacións, pero desde o século XIX os escritores veñen mostrando unha preferencia polo seguinte esquema, hoxe unanimemente aceptado na lingua escrita:



| | |
|---|---|
| (*meu*) *irmán* | (*miña*) *irmá* |
| (*meus*) *irmáns* | (*miñas*) *irmás* |

A este esquema incorpóranse tamén outras palabras co masculino acabado en *-án*, aínda que este *-án* non proceda etimoloxicamente dun sufixo -ANU. Teremos, xa que logo: *alazán, alazá; aldeán, aldeá; ancián, anciá; artesán, artesá; barregán, barregá; bosquimán, bosquimá; capitán, capitá; chan, chá; cidadán, cidadá; cirurxián, cirurxiá; comarcán, comarcá; concidadán, concidadá; cortesán, cortesá; cotián, cotiá; cristián, cristiá; curmán, curmá; ermitán, ermitá; escribán, escribá; gardián, gardiá; gran* e *gra; insán, insá; irmán, irmá; livián, liviá; louzán, louzá; malsán, malsá; marrán, marrá; musulmán, musulmá; nugallán, nugallá; pagán, pagá; rufián, rufiá; san, sa; sancristán, sancristá; sultán, sultá; tecelán, tecelá; temperán, temperá; temporán, temporá; truán, truá; van, va; verán; vilán, vilá.*

Este é un dos sufixos produtivos con que conta o galego para a formación de xentilicios. Seguen este modelo *afgán, afgá; alemán, alemá; castelán, castelá; catalán, catalá; coimbrán, coimbrá*, e, especialmente, os referidos a entidades de poboación galegas: *aresán, aresá; arousán, arousá; arzuán, arzuá; bergantiñán, bergantiñá; caldelán, caldelá; carnotán, carnotá; compostelán, compostelá; ferrolán, ferrolá; fisterrán, fisterrá; mariñán, mariñá; muradán, muradá; muxián, muxiá; ourensán, ourensá; ponteareán, ponteareá; pontecaldelán, pontecaldelá; redondelán, redondelá; ribeirán, ribeirá; salnesán, salnesá; ullán, ullá; vilagarcián, vilagarciá.*

Algúns xentilicios galegos poden conservar a súa forma local *-ao / -á*: *arnoiao, arnoiá; burelao, burelá; courelao, courelá; caldelao, caldelá* (do Castro Caldelas); *dezao, dezá; lancarao, lancará; limiao, limiá; mariñao, mariñá* (da Mariña luguesa); *masidao, masidá; meirao, meirá; melidao, melidá; ribeirao, ribeirá* (do Ribeiro) etc. Pola mesma razón, admitirase tamén a forma feminina local *-án* en casos como *unha carnotán, unha fisterrán, unha muradán* etc.

Nas palabras cultas incorporadas con posterioridade á época en que deixou de operar a lei da caída do *-n-* intervocálico, a terminación latina -ANUM, -ANAM foi adaptada conforme á norma xeral de acomodación de cultismos. Levan esta terminación *-ano* (fem. *-ana*): *africano, americano, anglicano, arcano, artesiano, asturiano, australiano, bacteriano, boliviano, colombiano, cubano, decano, diluviano, franciscano, fulano, gregoriano, hispano, humano, inhumano, italiano, lusitano, luterano, mahometano, meridiano, metropolitano, miliciano, mundano, oufano, paisano, peruano, pondaliano, profano, provinciano, puritano, republicano, romano, rosaliano, semana, soberano, tirano, transmontano, ultramontano, urbano, valenciano, veterano, vexetariano, xermano* etc.

Como xa foi indicado (cf. 9.13), cando esta terminación latina era átona, a evolución en palabras patrimoniais foi diferente e o resultado final en galego é *-o/-a*: *Estevo, orfo / orfa, orgo, ourego, ravo* (planta), *saba*. Relacionadas con estas, aínda que doutra orixe, están as terminacións en *-o* de *Cristovo* e *soto*.

As palabras cultas conservan o sufixo latino sen cambiar; isto afecta tamén os vocábulos que teñen esta terminación, aínda que a súa orixe non sexa latina. Así, *bibliómano, bímano, cleptómano, cocainómano, diáfano, ébano, melómano, mitómano, morfinómano, órgano, pínfano, plátano, tétano, tímpano.*

## 9.15. MASC. *-ÁN* / FEM. *-ANA*

A terminación *-án / -ana* aparece nunha serie de nomes, substantivos e adxectivos, que xeralmente actúan como caracterizadores pexorativos: *balandrán, balandrana; baleigán, baleigana; barbuzán, barbuzana; barrigán, barrigana; barullán, barullana; bocalán, bocalana; brután, brutana; buleirán, buleirana; burrán, burrana; burricán, burricana; cabezán, cabezana; cachamoulán, cachamoulana; cachán, cachana; cacholán, cacholana; cagán, cagana; canelán, canelana; cangallán, cangallana; carallán, carallana; carcamán, carcamana; carneirán, carneirana; carroulán, carroulana; chalán, chalana; charlatán, charlatana; cornelán, cornelana; farfallán, farfallana; folán, folana; folgazán, folgazana; galbán, galbana; guedellán, guedellana; lacazán, lacazana; langrán, langrana; larpán, larpana; leilán, leilana; lerchán, lerchana; lorán, lorana; lordán, lordana; loubán, loubana; mentirán, mentirana; orellán, orellana; paduán, paduana; pailán, pailana; palafustrán, palafustrana; papán, papana; parvallán, parvallana; paspán, paspana; pastrán, pastrana; pelandrán, pelandrana; pertegán, pertegana; pillabán, pillabana; porcallán, porcallana; ruán, ruana; tangueleirán, tangueleirana; testalán, testalana; testán, testana; toleirán, toleirana; vergallán, vergallana; zalapastrán, zalapastrana; zampallán, zampallana*.

## 9.16. MASC. *-ÓN* / FEM. *-OA*, *-ONA*

Forman o feminino en *-oa* unha serie de adxectivos e substantivos en que *-ón* non pode analizarse como sufixo: *anfitrión, anfitrioa; bretón, bretoa; campión, campioa; ladrón, ladroa* (que tamén ten un feminino *ladra*); *león, leoa; patrón, patroa; saxón, saxoa; teutón, teutoa*.

Rematan en *-ón / -ona* as palabras en que esta terminación é un sufixo aumentativo ou deverbal pexorativo: *homón, mullerona, zapatón, casona; abusón, abusona; acusón, acusona; faltón, faltona; preguntón, preguntona* etc.

Existe ademais un grupo de palabras cultas coa terminación *-on* átona: *canon, colon, corion, décathlon, épsilon, ípsilon, micron, epíploon, cripton, isquion, necton, neon, newton, ómicron, párkinson, radon, taxon, telson*. O anglicismo *nylon* adáptase ao galego como *nailon*.

## 9.17. *-DE*

A terminación latina vogal + TEM resólvese en galego, tanto en palabras cultas coma populares, en vogal + *-de*: *almude, alude, ataúde, calamidade, céspede, hóspede, laúde, parede, rede, saúde, sede, soidade, verdade, virtude* etc.

## 9.18. -DADE, -TADE

O sufixo latino -TATEM resolveuse en *-tade* en posición posconsonántica (*dificultade, facultade, maxestade, potestade, tempestade, vontade*) e en *-dade* en posición posvocálica (*enfermidade, novidade, puridade, realidade*). Ás veces unha síncope vocálica antiga provocou que *-dade* poida aparecer en posición posconsonántica (BONITATEM > *bondade*, CRUDELITATEM > *crueldade*, HEREDITATEM > *herdade*, LEGALITATEM > *lealdade*, MORTALITATEM > *mortaldade*, TRINITATEM > *trindade*, VERITATEM > *verdade*, VIRGINITATEM > *virxindade* etc.). A partir destas formas, *-dade* estendeuse a bases non sincopadas rematadas en *r*: *liberdade, puberdade*.

## 9.19. -DADE / -EDADE / -IDADE

No galego actual, *-dade* presenta tres alomorfos: *-dade*, *-edade* e *-idade.* O primeiro aparece só nunha relación pechada de palabras populares que sufriron, segundo se indicou en 9.18, a síncope da vogal precedente (*verdade, herdade, bondade, trindade* etc.). As outras dúas variantes, as únicas produtivas no galego actual, presentan distribución complementaria e aparecen en palabras introducidas por vía culta e mais en derivados romances: *-edade* combínase con bases adxectivas en *-io* (*notoriedade, solidariedade, variedade...*) e *-idade* nos casos restantes (*capacidade, probabilidade, soidade, novidade...*). As únicas excepcións a esta regra son *necidade* e *sucidade*.

## 9.20. -ARÍA /-ERÍA

Os substantivos formados con este sufixo referíanse orixinariamente a cousas e indicaban o lugar onde se fabricaban, onde se vendían ou onde había abundancia delas. A forma *-aría*, maioritaria no galego medieval, era o resultado fonético regular da correspondente latina -ARÍA. Por iso debe dárselle preferencia a esta solución: *armaría, artillaría, bruxaría, camisaría, carnizaría, carpintaría, cervexaría, cestaría, chancelaría, charlatanaría, chocolataría, enfermaría, enxeñaría, ferraría, gandaría, infantaría, lavandaría, leprosaría, libraría, moblaría, panadaría, papelaría, pedraría, peixaría, perfumaría, pradaría, refinaría, reloxaría, tesouraría, tinturaría, zapataría...*

Con esta solución conflúen tamén aqueloutros vocábulos derivados co sufixo *-ía* sobre bases en *-ario*: *comisaría, notaría, secretaría, testamentaría* etc., derivados a partir de *comisario, notario, secretario* e *testamentario*, respectivamente.

A solución *-ería*, documentada tamén no galego medieval, fíxose case xeral no galego moderno, polo que se admite así mesmo como normativa.

En calquera caso, téñase en conta que algúns galicismos modernos, como *batería, galantería, galería* ou *mercería* presentan unicamente a terminación *-ería*.

Á forma iberorrománica *-aría* correspondía a francesa *-erie*, que, coma outros sufixos galorrománicos, se documenta na Península desde época moi temperá. Desta maneira entran as dúas en conflito; e en castelán e catalán impúxose doadamente *-ería*, unha vez que o sufixo latino -ARIUS terminou dando cast. *-ero* e cat. *-er* (*caballero-caballería, cavaller-cavalleria*). Pero esta non foi a única causa do triunfo de *-ería*, pois en italiano, onde non hai *-ero*, tamén se impuxo *-eria* (*libraio-libreria*). En portugués tamén penetrou moito o novo sufixo (*Livro de Montería*, século XV) e aínda hoxe hai moitas palabras con el (*carroceria, parceria, cristaleria, correria, grosseria, bateria, bilheteria, sorveteria, loteria, bijuteria*).

Por ultracorrección úsase ás veces un falso sufixo **-eiría*, creado a partir dos substantivos derivados en *-eiro* e non dos primitivos. Así, de *ferreiro* fíxose **ferreiría* ou de *leiteiro*, **leiteiría* etc. Estas formas deben evitarse.

# 10. Outras particularidades

## 10.1. Alternancia *cua-/ca-/co-*; *gua-/ga-/go-*

Nas palabras patrimoniais o galego mostrou sempre tendencia a eliminar o elemento labiovelar *u* dos grupos orixinarios *qua-*, *gua-*, a semellanza do francés e en contra do que sucede en portugués e en castelán, que tenderon a conservalo. En galego hai tamén zonas que manteñen o grupo orixinario; pero demográfica e literariamente é moito máis usada a solución que perdeu o *u*, de aí que a escolla se resolva a favor deste resultado tanto nas palabras patrimoniais coma nas cultas máis popularizadas.

Aparece *ca-* en *caderna, caderno, cadrado, cadrar, cadrelo, cadril, cadro, cal, calidade, calquera, cando, cantidade, canto, cartos* 'diñeiro', *case, casemente, catorce, catro, catrocentos.*

Aparece *cua-* nos cultismos e, en xeral, nas palabras derivadas cultas. Así, *cuadr-* (*cuadrangular, cuadrante, cuadratura, cuadraxesimal, cuadraxésimo, cuadrícula, cuadrienal, cuadrienio, cuadriforme, cuadriga, cuadrilátero, cuadrilla, cuadrilleiro, cuadrimestre, cuadrimotor, cuadriplicar, cuadrisílabo, cuadrivio, cuadrúpede, cuádruplo, escuadra*), *cual-* (*cualificar, cualitativo*), *cuant-* (*cuantía* —ao lado de *contía*—, *cuantificación, cuantificar, cuantioso, cuantitativo), cuart- (cuarta, cuartear, cuarteirón, cuartel, cuarteleiro, cuarteto, cuartilla, cuartillo, cuarto* '1/4 parte' 'dependencia') e *cuater-* (*cuaternario*). Tamén as palabras *cuáquero, cuarzo, cuasia* e *cuasina*.

Un caso especial de evolución témolo nas formas *corenta, corentena, corentón* e *coresma*, onde o ditongo *ua* se reduciu a *o*; o mesmo ocorre en *corta feira* (ou *cuarta feira*) 'mércores'.



Hai outras formas que tiñan orixinariamente o grupo *coa-*, que se reduciu a *ca-*, como no grupo *cua-* xa citado: *callada, callado, callar, calleira, calleiro, callo* 'presoiro'. O grupo *coa-* mantense nos cultismos: *coagulable, coagulante, coagulación, coagular, coágulo.*

Aparece *ga-* en *gadaña, gadaño, galardón, galdrapo, garda, gardar, gardián*. Tamén en préstamos como *garantía, garantir, garita* etc.

Noutras palabras aparece *gua-*: *guante, guapo, guata*.

E, finalmente, a solución *go-* aparece en *gorir* (tamén *guarir*), *gorecer* (tamén *guarecer*), *gornecer* (tamén *guarnecer*).

Os derivados e compostos manteñen a evolución da palabra primitiva sobre a que se forman. Por tanto, *agardar, gadañar, gadañeiro, gardabarreira, gardalama, gardarríos, gardarroupa* etc.; *garda civil, garda forestal, garda mariña* etc.; *gornición* (tamén *guarnición*); *gorida* (tamén *guarida*) etc.

Son dialectalismos *cuando* (e *condo*), *cuanto* (e *conto*), *cuase*, *cuasemente* etc.; *guadaña, guardar* etc.; *coallar* etc.

## 10.2. Ditongo *oi*

O ditongo resultante das secuencias latinas a) ŎCT b) ŌCT, ŬCT, ŪCT, ŬLT; c) ORI + vogal, URI + vogal na maior parte do territorio galego é *oi*: a) *noite, oito*; b) *troita, loita, froita, loito, moito*; c) *coiro, lavadoiro, vasoira, agoiro*.

Con todo, existen zonas reducidas en que se dan outros resultados: unha zona do occidente da Coruña presenta sempre *ui* (*nuite; luita, muito; lavaduiro, varreduiro* etc.); o sur de Pontevedra presenta tres resultados, segundo os casos: a) *oi*: *noite*; b) *ui*: *luitar*, *muito*; c) *ou*: *vasoura*; na franxa máis oriental do dominio lingüístico galego alternan

dúas solucións: a) *oi*: *noite*; b) *ui*: *luitar, muito* —con puntos de *u*, *muto* e *mutio*, *escutar* e *escutiar*—; c) *oi*: *vasoira, coiro*.

Adóptase como normativa a solución *oi* en todos os casos por ser maioritaria demográfica e xeograficamente e por ser a máis difundida na tradición literaria moderna: *coitelo, enxoito, froita, loita, moi, moito, troita, varredoiro, vasoira* etc. E así tamén en *coidar, coita, coitado* etc.

## 10.3. Ditongos *ou/oi*

O galego mantén diferenciados os ditongos *ou* e *oi*, de acordo coas súas diferentes orixes: *ou* < AU, AL + cons. etc. (*cousa, louro, ouro, pouco, tesouro, touro; couce, fouce, outro, souto; dous*), *oi* < OCT, UCT, ŬLT, ORI + vogal, URI + vogal (*oito, noite; troita, loita; moito, voitre; coiro, lavadoiro, tesoira, vasoira; agoiro* etc. vide 10.2).

Unicamente en palabras concretas e en zonas e lugares illados houbo algunha confusión de *ou* e *oi*: *oitro* por *outro*, *noute* por *noite*, *vasoura* por *vasoira* etc. Normativamente hai que aterse á solución fonética regular.

## 10.4. Ditongos *ie, ue*

As secuencias latinas -IE- e -UE- en palabras cultas manténense en galego como *ie* e *ue*, respectivamente: *aliciente, ambiente, ciencia, cliente, coeficiente, conciencia, conveniencia, conveniente, deficiencia, deficiente, eficiencia, eficiente, estupefaciente, expediente, experiencia, incipiente, inconveniente, obediencia, obediente, omnisciencia, paciencia, sapiencia, sobresaliente, suficiente* etc.; *afluencia, afluente, anuencia, anuente, congruencia, congruente, delincuencia, delincuente, elocuencia, elocuente, secuela, secuestro* etc. (cf. 9.1 e 9.3).

Algunhas veces, por disimilación ou por ultracorrección, as secuencias *ie, ue* substitúense por *e, o* (**concencia, *ambente, *freconte*); estas substitucións deben evitarse. Con todo, hai formas aceptables como *comenencia* 'interese', diferente xa do cultismo novamente reintroducido *conveniencia*. Nótese que tamén hai casos como *aparencia, beneficencia* etc., que carecen de *ie* xa en latín.

## 10.5. Disimilación, metátese e epéntese de *r*

O *r* mantén, en xeral, a súa posición etimolóxica dentro da palabra, independentemente das síncopes vocálicas: *prado* (< PRATUM), *cabra* (< CAPRAM), *disfrazar, labrar* (< LABORARE), *Carlos* (< CAROLUS), *merla* (< MERULAM), *tenro* (< TENERUM), *xenro* (< GENERUM), *venres* (< VENERIS). Hai, con todo, casos de metáteses xa consumadas: *bradar* (< BALATRARE), *prebe* (< PIPER), *preguiza* (< PIGRITIAM), *burgo* (< BRUCHUM).

*Preguntar* é a forma máis documentada na Idade Media e maioritaria no galego moderno; correspóndese ademais co étimo *PRAECUNCTARE. Debe ser, por tanto, a normativa.

Esporadicamente algunhas palabras perderon o *r* interno por disimilación con outro *r* dentro da mesma palabra (*arado, frade, madrasta, padrasto, rodo*, e mesmo o semicultismo *propio*, do lat. PROPRIUM, e derivados, documentado maioritariamente sen o segundo *r* xa na época medieval). Fronte a estes casos de perda por disimilación, en xeral houbo unha tendencia á conservación da consoante, e por iso temos hoxe *arrastrar, rastro, rexistrar, rexistro, rostro* etc.

A maioría destas palabras conservan tamén o *-r-* nos textos galegos medievais. En troques, nos textos portugueses medievais vense xa casos de perda xunto a outros de conservación; pouco a pouco foise impoñendo a forma sen *-r-*, que hoxe é máis usual, chegándose ás veces a diferenzas de significado, como *rosto* 'cara dunha persoa' / *rostro* 'bico das aves'.

A forza da disimilación de *r* nunca chegou a ser operativa no galego, que mesmo nalgúns casos favoreceu o fenómeno contrario: *restra, restreba, restrollo*.

Ademais destes casos de repercusións de *r*, a epéntese desta consoante afecta a un número grande de palabras, especialmente no contexto *st* + vogal: *estrela, estropallo, estralar, estraloque, mastro, congostra...; croque, faldra*... Nalgunhas destas palabras xa non existe a variante sen *r*, mentres que noutras as dúas variantes se reparten dialectalmente.

### 10.6. Encontros vocálicos

Na lingua escrita do século XIX e da primeira metade do XX era frecuente o uso do apóstrofo para representar certas elisións vocálicas que se producen ao se encontraren a vogal final dunha palabra e a inicial da seguinte, cando pertencen ao mesmo grupo fónico. Na ortografía actual non se utiliza o apóstrofo, e nos casos de elisión optouse ou ben pola amálgama das dúas palabras (*do, no, deste, naquel* etc.) ou ben pola grafía plena de cada unha delas (*entre as árbores*). Aínda que non se represente graficamente este fenómeno, as palabras que acaban en *-e*, especialmente as gramaticais, perden na fala a vogal final cando van seguidas doutra palabra que comeza por vogal (vide 6): *desde América* [ˈdezðaˈmɛɾika], *dixo que andara moito* [ˈdiʃokanˈdaɾaˈmojto], *este amigo* [es̺taˈmiɣo], *preguntou se había traballo* [preɣunˈtows̺aˈβiatraˈβaʎo], *sempre anda con contos* [ˈs̺ɛmˈprandakoŋˈkontos̺], *deixoume alí* [dejˈʃowmaˈli].



## 11. Formación do plural

### 11.1. Palabras rematadas en vogal ou en ditongo

As palabras rematadas en vogal, tónica ou átona, ou en ditongo forman o plural engadindo *-s*: *mesa, mesas; custo, custos; irmá, irmás; café, cafés; israelí, israelís; lei, leis; rei, reis; bocoi, bocois* etc.

Os estranxeirismos acabados en vogal forman o plural engadindo *-s* ou ben respectando a forma de plural da lingua de orixe: *spray, sprays; hippy, hippys* ou *hippies*.

### 11.2. Palabras rematadas en *-r* e *-z*

As rematadas en *-r* e *-z* engaden o morfema *-es* sobre o singular: *mar, mares; calor, calores; luz, luces*.

Os estranxeirismos adecúanse á regra xeral (*palier, palieres; somier, somieres; húsar, húsares; dólar, dólares*...), a non ser algúns casos de palabras pouco integradas, que poden formar o plural engadindo *-s*: *póster, pósteres* ou *pósters; gángster, gángsteres* ou *gángsters; júnior, júniores* ou *júniors.*

### 11.3. Palabras rematadas en *-s* e *-x* [ks̺]

As agudas acabadas en *-s* forman o plural engadindo *-es*: *deus, deuses; compás, compases*, a non ser as que rematan en grupo consonántico (incluíndo entre estas as acabadas en *-x* [ks̺]): *luns, fax, lux, unisex,* que permanecen invariables.

As graves e esdrúxulas acabadas en *-s* ou *-x* [ks̬] son invariables e presentan, xa que logo, a mesma forma no singular e no plural: *choromicas, lapis, martes, oasis, xoves, mércores, bíceps, tórax, clímax, télex* etc.

## 11.4. Palabras rematadas en *-n*

As rematadas en *-n* engaden *-s*: *can, cans; lambón, lambóns; lacazán, lacazáns; dolmen, dolmens; mitin, mitins; xilin, xilins* etc.

Nas palabras patrimoniais oxítonas a lingua falada ofrece tres posibilidades de formación de plural para estas voces: *cans*, *cas* e *cais*. A primeira delas ocupa o occidente de Galicia e comprende a área de maior densidade demográfica; a segunda, propia do galego central, é de maior extensión xeográfica; a terceira, reducida á franxa máis oriental do dominio lingüístico galego, é minoritaria demograficamente. Ao presentar como normativa a solución *-ns* conságrase a que xa viña sendo de uso en toda a tradición literaria e gramatical, con escolla a favor da forma demograficamente máis estendida.

## 11.5. Palabras rematadas en *-l*

Os monosílabos rematados en *-l* engaden o morfema *-es*: *cal, cales; el, eles; fel, feles; fol, foles; gol, goles; mal, males; mel, meles; mil, miles; mol, moles; pel, peles; ril, riles; rol, roles; sal, sales; sol, soles; tal, tales; til, tiles; val, vales; vil, viles; xel, xeles.*

*Fol, mil, mol, pel* e *val* proceden de palabras que en latín tiñan -LL- medial, que se reduce a unha consoante simple pero non desaparece. O mesmo ocorre con *el, eles*.

*Cal* (pron.), *tal* e *mal*, a diferenza dos anteriores, tiñan -L- intervocálico latino, que se perdeu na época medieval nas formas de plural. O galego moderno abandonou a solución medieval e forma o plural destas voces engadindo o morfema *-es* sobre o singular. Sobre *vil* fórmase *viles,* maioritaria xa no galego medieval.



*Fel* e *mel* tiñan -LL- en latín, pero, por seren palabras neutras, non o tiñan no acusativo, caso de que parten as formas romances. Non se documentan os plurais **feis* e **meis*.

*Sol, sal* e *cal* (subst. masc.) son infrecuentes en plural. O resultado esperado, dado que tiñan -L-, sería **sois, *sais* e **cais*, de nula ou escasa documentación.

*Gol, rol, til* e *xel*, que son estranxeirismos, seguen o sistema de formación de plural dos outros monosílabos tradicionais.

No referente ao plural dos monosílabos, o portugués apártase deste resultado uniforme do galego, pois presenta varias solucións: *foles, moles, peles* e *vales* fórmanse sobre un singular rematado en *-e*; *tais, quais, sois, sais, cais* e *vis* manteñen o plural tradicional, en tanto que *males* e *feles* presentan unha formación en *-es* sobre o singular; hai vacilación entre *meis* e *meles*.

Nas palabras agudas de máis dunha sílaba, o *-l* do singular substitúese polo morfema *-is*: *animal, animais; aval, avais; papel, papeis; fiel, fieis; cruel, crueis; truel, trueis; civil, civís; español, españois; control, controis; azul, azuis.* Téñase en conta que nos acabados en *-il* a secuencia antiga *-íis* se resolve en *-ís* (*cadrís*, non **cadríis*).

Na formación do plural destas voces sería posible escoller entre tres solucións: *animás, animais* (que nalgures alterna con *animaes*) e *animales*. Delas, as dúas primeiras son solucións tradicionais, con perda do *-l-* intervocálico. A terceira probablemente é o resultado dunha recuperación do *l* a partir do singular, seguindo o modelo de 11.2 e dos monosílabos rematados en *-l*; como apoio á tese da recuperación dentro do galego, cómpre lembrar que no norte de Portugal existe tamén este sistema de formación do plural. Con todo, non podemos descartar a hipótese do castelanismo, que, cando menos, explicaría o enorme éxito que tivo nos últimos tempos, ata facer recuar as outras formacións.

Canto á extensión xeográfica, a solución *animais* ocupa unha área moi restrinxida, na parte máis oriental do dominio lingüístico galego, pero ten ao seu favor que dentro dela segue sendo un plural produtivo (*caracois, artificiais*

etc.). A solución *animás* debería ocupar o resto do territorio, pero só se oe en palabras illadas (como *reás* ou *cadrís*) e ás veces mesmo sen continuidade xeográfica (en puntos illados pódese recoller *animás, toxás* ou *currás,* e poucas máis). A solución *animás* foi suplantada case totalmente por *animales,* de tal maneira que hoxe non se rexistran *caracós, españós, nacionás, fusís* etc.; esta mesma suplantación dáse no caso de *animais*, pero en menor medida.

Descartada *animales*, por non ser unha formación tradicional, a escolla entre as outras dúas fíxose a favor de *animais* por ser aínda unha forma tradicional produtiva e porque no galego estándar dos últimos tempos vén sendo aceptada sen discusión.

As palabras compostas en que o segundo elemento é algún dos monosílabos citados máis arriba fan o plural en *-les* (*ollomoles, chuchameles, papasoles, mirasoles, Miravales*...). O plural de *aquel* é *aqueles*, pola mesma razón indicada para *el, eles*.

A pesar da súa aparencia, *caracol* e *aerosol* non son compostos de *col* e *sol*. Os seus plurais son, xa que logo, regulares: *caracois* e *aerosois*.

As palabras graves rematadas en *-l* forman o plural engadindo o morfema *-es*: *áxil, áxiles; difícil, difíciles; útil, útiles; túnel, túneles*; *cónsul, cónsules* etc. Exceptúase desta regra a terminación *-bel*, que fai o plural en *-beis* (vide 9.7).

Todas estas palabras entraron na lingua con moita posterioridade á perda do *-l-* intervocálico; a maior parte delas son mesmo moi recentes. Xa na época medieval os cultismos mostraban resistencia á perda de *-l-* (*convenaveles, convenaviles*), aínda que non faltan exemplos de adecuación aos plurais tradicionais, *convenave(e)s* (dun singular *convenavel(e)*) ou *convenavi(i)s* (dun singular *convenavil*); se as palabras rematadas en *-il* átono (que son as máis abundantes deste grupo) entrasen en época antiga, o único plural esperado sería **axis, *dificis* (nunca documentados). O portugués, que os resolve en *fáceis, úteis, férteis*, asimilou estas palabras aos plurais das rematadas en *-el* e non aos das rematadas en *-il*. Esta solución estruturalmente estraña ao sistema galego ten tamén certo uso no galego literario moderno.



## 11.6. Palabras rematadas noutras consoantes

As voces acabadas en consoantes distintas das vistas en 11.2, 11.3, 11.4 e 11.5 son as máis delas estranxeirismos ou cultismos, e forman o plural engadindo *-s*: *club, clubs; pub, pubs; snob, snobs; clac, clacs; coñac, coñacs; frac, fracs; tic, tics; crómlech, crómlechs; sándwich, sándwichs; sketch, sketchs; lord, lords; round, rounds; talmud, talmuds; rosbif, rosbifs; anorak, anoraks; stick, sticks; búmerang, búmerangs; iceberg, icebergs; ring, rings; smóking, smókings; álbum, álbums; réquiem, réquiems; slálom, sláloms; tándem, tándems; tótem, tótems; clip, clips; jeep, jeeps; hándicap, hándicaps; boicot, boicots; complot, complots; fagot, fagots; mamut, mamuts; robot, robots; sprint, sprints; test, tests; trust, trusts; leitmotiv, leitmotivs.*

# 12. Formación do feminino

O feminino dos substantivos e adxectivos fórmase comunmente coa terminación *-a*, que se une directamente á forma do masculino se esta acaba en consoante ou vogal tónica (*deus / deusa, rapaz / rapaza, avó / avoa, cru / crúa*) ou substitúe a vogal final da forma do masculino se remata en vogal átona (*sobriño / sobriña, presidente / presidenta*). Con todo, hai algúns casos especiais.

## 12.1. Nomes rematados en -*n*

Os substantivos e adxectivos que acaban en *-án* (< ANUM) forman o feminino en *-á*, segundo o establecido en 9.14: *ancián* / *anciá*, *temperán* / *temperá*; en troques, os caracterizadores despectivos rematados en *-án* fórmano en *-ana*, conforme ao dito en 9.15: *folgazán* / *folgazana, mentirán / mentirana.*

Para o feminino dos rematados en *-ón* (*león / leoa*, mais *lambón / lambona*), véxase 9.16.

Os acabados en *-ín* forman o feminino en *-ina*, coa excepción de *ruín*, que é invariable: *bailarín / bailarina, benxamín / benxamina, danzarín / danzarina, galopín / galopina, malandrín / malandrina*; pero *un viño ruín / unha terra ruín.*

Os rematados en *-ún* difiren no seu comportamento: os adxectivos *cabrún, cervún, vacún* forman o feminino patrimonial *cabrúa, cervúa, vacúa*; *común* é invariable; *euscaldún* engade *-a*: *euscalduna*.



O único nome en *-én* susceptible de moción xenérica é invariable: un *refén americano* / *unha refén americana*.

## 12.2. Nomes rematados en vogal ou ditongo tónicos

Os substantivos rematados en vogal tónica tenden a engadir *-a*, en tanto que os adxectivos tenden a ser invariables: *un avó somalí* / *unha avoa somalí*. Con todo, algúns substantivos son invariables: *unha chimpancé adulta*; entre os adxectivos, *nu, cru* e *recrú, só* e *mao* 'ruín' forman os femininos *núa, crúa* e *recrúa, soa* e *má*: *o peixe cru* / *a carne crúa, un só día* / *unha casa soa, o ollo mao* / *unha má ocasión*.

Presentan características morfolóxica especiais *grou / grúa, xudeu / xudía* e *sandeu / sandía*.

## 12.3. Nomes rematados en -*és*

Os xentilicios que acaban en *-és* presentan un feminino en *-esa*: *cambadés / cambadesa, chinés / chinesa, noruegués / norueguesa, portugués / portuguesa, romanés / romanesa*. O mesmo ocorre con outros adxectivos, coma *burgués / burguesa, camoés / camoesa, canchés / canchesa, montés / montesa e palmés / palmesa*; algúns, en troques, son invariables: *estilo cortés / mirada cortés*.

## 12.4. Formacións especiais

Algunhas palabras de xénero feminino presentan terminacións especiais, sobre a mesma base léxica: *heroe / heroína, tsar / tsarina; galo / galiña; rei / raíña; abade / abadesa; barón / baronesa; príncipe / princesa; sacerdote / sacerdotisa, profeta / profetisa, poeta / poetisa; emperador / emperatriz; actor / actriz* etc.

# 13. Comparativos e superlativos

Ao lado das formas analíticas, úsanse tamén para *bo, malo* ou *mao*, *grande* e *pequeno* os comparativos sintéticos *mellor, peor, maior* ou *meirande* e *menor*.

Para a formación de superlativos absolutos úsase o sufixo *-ísimo*: *altísimo, grandísimo*. Este sufixo, sentido normalmente como propio dun rexistro elevado, ás veces engádese á raíz culta da palabra e non á patrimonial: *antigo, antiquísimo; fiel, fidelísimo; nobre, nobilísimo*. Nos adxectivos rematados en *-ble* ou *-bel* este superlativo ten sempre a terminación *-bilísimo*: *amable* ou *amábel, amabilísimo*; *estable* ou *estábel*, *estabilísimo*.

En rexistros elevados aparecen os superlativos co sufixo *-érrimo*, como son *celebérrimo, libérrimo, misérrimo, paupérrimo, pulquérrimo*, que corresponden, respectivamente, aos adxectivos *célebre, libre, mísero, pobre* e *pulcro*.



# 14. O artigo

## 14.1. O artigo determinado

### 14.1.1. Formas

O artigo determinado presenta en galego as seguintes formas:

| | MASCULINO | FEMININO |
|---|---|---|
| SINGULAR | o | a |
| PLURAL | os | as |

Estas son as formas do galego común. Na maior parte do galego de Asturias, no canto de *o* úsase para o masculino *el* ou a forma elidida *l*.

Existe tamén unha variante alomórfica *lo, la, los, las*, que é de uso obrigatorio tras da preposición *por* (*vai polo carreiro*) e do adverbio *u* (ant. **ub*) (*u-lo libro?*).

A forma do artigo primitivo era *lo, la, los, las*, pero o *l* en posición intervocálica desapareceu, tanto en interior de palabra coma dentro de grupos fónicos de palabras, co conseguinte resultado *o, a, os, as* (*para lo campo* > *para o campo*); esta forma estendeuse analoxicamente a outros contextos en que o *l* non fose precedido dentro do mesmo grupo fónico por *-s, -r, -b* ou *-n*. Se estaba precedido por *-n* (*son las tres*), tras unha fase *-nn-* (*son nas tres*), o resultado foi *-n-* (*son as tres*, con pronuncia [ˈs̺onas̺ˈtres̺]),

que se interpreta como a consoante final da palabra precedente e non como a inicial do artigo; o artigo, por tanto, segue sendo *o*, pero os efectos desa asimilación e posterior redución perduran aínda no feito de que ese *n* poida ser alveolar e non velar (compárese, como exemplo, o *-n* de *non había* [ˈnoŋã̃ˈβia] e o de *non o vexo* [ˈnõno ˈβeʃo], o de *tocan* [ˈtɔkaŋ] e os de *tócana* [ˈtɔkana] e *tocan a muiñeira* [ˈtɔkana muiˈɲejra]). Cando a consoante anterior era *-r, -s* ou *-b* (*dar las tres, dás las tres, ub lo gato?*), a asimilación foi regresiva e nun primeiro momento deu como resultado *-ll-* (*dal las tres, ul lo gato?*), posteriormente *-l-* (*da-las tres, u-lo gato?*); deste modo o artigo seguiu mantendo a forma primitiva, pero o verbo ou a palabra anterior viron modificada a súa consoante final.

Non sempre houbo acordo no tocante ao tratamento destes alomorfos na lingua escrita. Os textos medievais galegos e portugueses mostran unha clara preferencia pola representación das dúas formas do artigo na distribución indicada, marcadas en portugués ata o século XVIII. O galego do Rexurdimento vacila entre a representación e a non representación, vacilación que continúa ata hoxe. Con todo, téñase en conta que o alomorfo *lo(s), la(s)* é un trazo morfolóxico que ademais é xeral a todo o territorio, se exceptuamos unha pequena zona dentro da provincia de Ourense que non as conserva xa en ningún caso (*facer o viño, por o camiño* etc.).

Ademais de nos casos mencionados, pódense representar na escrita as variantes *lo, la, los las* nos seguintes contextos:

a) Despois de infinitivo, das formas verbais conxugadas que rematen en *-r* ou *-s* e dos pronomes enclíticos *nos, vos* e *lles*: *vou colle-las laranxas, perdíche-los cartos, collémo-lo saco, ti e-lo demo, xa sábe-lo que pasou, tomóuno-lo pelo, dóuvo-la boneca, quitóulle-las ganas de rir.*

b) Despois dos pronomes tónicos *nós* e *vós* cando van seguidos dunha precisión numérica: *nó-los dous, vó-los sete*.

c) Despois de *ambos, entrambos* e *todos*, cos seus femininos, da preposición *tras*, da conxunción copulativa *(e) mais: ámbalas dúas, fixérono entrámbolos dous, tódolos días e tódalas noites, estalle tralos montes de acolá, fomos eu e mailo fillo do señor Miguel.*



A asimilación indicada en a) e b) pode non darse se despois da palabra rematada en *-r* ou en *-s* hai unha pausa.

Na fala pode haber outros casos de asimilación, mesmo co *-s* do plural; ao non seren xerais a todo o galego e aínda producírense esporadicamente nunha fala local ou individual, levalos a unha normativa esixiría unha casuística demasiado complexa e pouco económica (*a doce peséta-lo quilo, tocádolos extremos*). É este un fenómeno que se presenta tamén, e de xeito máis acentuado, nas formas do pronome persoal (*cando ménolo penses, vin polo ver, os nosos pecados ben purgádolos temos xa*). Nin no caso do artigo nin no do pronome se levan á grafía estas asimilacións.

Aínda que non se represente graficamente, a única pronunciación recomendable é a que reproduce a segunda forma nos contextos sinalados: *vender a casa* [ben̪ˈdelaˈkas̺a].

## 14.1.2. Contraccións

### 14.1.2.1. Contraccións coas preposicións

As preposicións *a, con, de* e *en* contraen co artigo:

| PREP. \ ART. | O | A | OS | AS |
|---|---|---|---|---|
| A | ao / ó | á | aos / ós | ás |
| CON | co | coa | cos | coas |
| DE | do | da | dos | das |
| EN | no | na | nos | nas |

O encontro da preposición *a* co artigo masculino *o(s)* resólvese graficamente como *ao(s)* ou *ó(s)*. A pronuncia correcta, sexa cal for a súa representación, é [ɔ], que é a única que se rexistra en practicamente todo o dominio lingüístico galego.

Para a concorrencia da preposición *por* cos artigos determinados, vide 14.1.1.

*Con* máis *a* resólvese na fala en *coa* ou en *ca*. Establécese como normativa *coa* e non *ca* porque, estando as dúas formas vivas na fala de hoxe con vitalidade semellante e alternando nun mesmo lugar e aínda nun mesmo falante, a forma plena *coa* debe ser favorecida sobre a forma reducida e innovadora *ca*. Desta maneira manténñense tamén diferentes a contracción de *con + a* e a conxunción comparativa *ca*.

A adopción da preposición *para* como forma estándar (vide 19, nota) impide a súa contracción gráfica co artigo. En caso de necesitar usar a forma reducida *pra*, esta contrae co artigo en *pró, prá, prós, prás: cantan os galos pró día.*

Estas contraccións realízanse tamén cando o artigo dos topónimos vai precedido dunha destas preposicións: *veño da Coruña, estou na Pobra do Caramiñal, vou ao/ó Carballiño.*

Mais non se realizan cando a preposición non rexe o substantivo determinado polo artigo: *antes de os galos cantaren.*

#### 14.1.2.2. Encontro do artigo coa conxunción comparativa *ca*

O encontro da conxunción comparativa *ca* co artigo determinado represéntase *ca o(s), ca a(s)* ou *có(s), cá(s)* (*é máis ruín ca o / có demo*, *Betanzos é máis pequeno ca A / cá Coruña*), aínda que a pronuncia xeral é [kɔ], [ka:].

De adoptárense as formas contractas, escríbense con acento para marcar a diferenza de articulación entre *co (con + o)* e *có (ca + o)*, *cos* e *cós*,



*ca* (conxunción) e *cá (ca + a)*, *cás*. Así, debemos escribir *dálle co meu*, pero *é máis grande có meu; é máis vello ca min*, pero *é máis vello cá miña* etc.

Cando a conxunción vai seguida da preposición *a* nunca se representa a contracción na lingua escrita, aínda que de feito se realice na fala: *quéreme máis a min ca a ti*. Consecuentemente, tampouco se representa a contracción cando a preposición vai contraída co artigo: *quérolle ao meu fillo máis ca ao de ninguén, caeulle máis auga á nosa ca á deles.*

Cómpre sinalar que se está facendo referencia só ás contraccións da conxunción comparativa *ca*, non ás de *que*, que non se representan nunca na lingua escrita, nin cando ten valor comparativo nin con calquera outro: *sábeme mellor a laranxa que o limón, deilles aos meus nenos máis que aos de Felisa, díxome que o teu é peor, é máis novo do que o meu.*

## 14.2. O artigo indeterminado

### 14.2.1. Formas

O artigo indeterminado presenta as seguintes formas:

| | MASCULINO | FEMININO |
|---|---|---|
| SINGULAR | un | unha |
| PLURAL | uns | unhas |

### 14.2.2. Contraccións

As preposicións *con, de* e *en* contraen co artigo indeterminado:

| PREP. \ ART. | UN | UNHA | UNS | UNHAS |
|---|---|---|---|---|
| CON | cun | cunha | cuns | cunhas |
| DE | dun | dunha | duns | dunhas |
| EN | nun | nunha | nuns | nunhas |

Se a preposición non forma parte da mesma frase ca o artigo, non se realiza a contracción: *de un médico estar alí, salvaríalle a vida* (= *de estar alí un médico, salvaríalle a vida*).

Para a resolución dos encontros das preposicións *con, de* e *en* co numeral e indefinido *un*, véxase 15.4.3 e 16.1.



# 15. Pronomes

## 15.1. Persoais

O paradigma dos pronomes persoais establécese como segue:

### 15.1.1. Serie tónica

| NÚMERO | PERSOA | SUXEITO | FORMAS OBLICUAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | LIBRES | | LIGADAS | |
| | | | NON REFL. | REFL. | NON REFL. | REFL. |
| SINGULAR | 1ª | eu | min | | comigo | |
| | 2ª | ti | | | contigo | |
| | 3ª | el, ela | | si | ------ | consigo |
| PLURAL | 1ª | nós / nosoutros, -as | | | connosco | |
| | 2ª | vós / vosoutros, -as | | | convosco | |
| | 3ª | eles, elas | | si | ------ | consigo |

Como forma de suxeito para a segunda persoa de singular existe tamén na fala o pronome *tu*. A escolla a favor de *ti* non fai senón reflectir unha elección feita xa no galego escrito; ademais, *ti* está desprazando a forma *tu* de maneira espontánea no galego falado.

Para o masculino da terceira persoa existen tamén dúas variantes: *el* e *il* (*eles* e *iles*). A escolla a favor da primeira, maioritaria xeográfica e demograficamente, vén sendo aceptada nos últimos tempos de forma practicamente unánime (vide 15.3.1).

A forma *el* tamén se utiliza como neutro en construcións coma *el é certo que chegaron ricos de Australia; el é verdade que fostes andando aos Ancares?*

Para a terceira persoa había ademais unha forma neutra *elo*, inusual en galego moderno. Cómpre indicar que é unha forma xenuinamente galega, paralela das correspondentes formas neutras do demostrativo, aínda que o uso que ás veces se fai dela na lingua escrita sexa calco do castelán *ello*. A posibilidade de funcionar como suxeito probablemente non a desenvolveu nunca; hoxe só aparece formando parte dalgunhas expresións fixas, como *estar a elo*. É preciso ter isto en conta ao usala, así como que os seus usos primitivos foron asumidos polo pronome persoal masculino e polos demostrativos neutros.

Na primeira e segunda persoas de plural utilízanse como formas non marcadas, polo tanto válidas en todos os contextos, *nós* e *vós*. Ao lado delas existen tamén *nosoutros, nosoutras* e *vosoutros, vosoutras*, aínda que cun significado específico oposto ao das outras, que desde a orixe se mantén aínda en grandes zonas do territorio lingüístico galego. *Nosoutros* e *vosoutros* delimitan un grupo, establecido no contexto ou coñecido polo interlocutor, deixando fóra dese plural ("*eu* e mais estoutros", "*ti* e mais esoutros") todos os que non pertenzan a el; *nós* e *vós*, en troques, non establecen ningunha delimitación con respecto aos demais (*imos repartir o traballo: vosoutros tallades o papel e vosoutros preparades o debuxo; nosoutras non pensamos coma el*). Esta diferenza tradicional nalgunhas zonas de Galicia eliminouse a favor dun dos dous pronomes concorrentes (*nós* e *vós* ou *nosoutros* e *vosoutros*). *Nós* e *vós* son demográfica e xeograficamente maioritarias, e por iso deben ser preferidas en caso de renunciar á distinción mencionada.

As formas de cortesía son *vostede* e *vostedes*, que esixen verbo en terceira persoa de singular ou plural, respectivamente.

A escolla a favor destas formas vén dada xa pola tradición escrita desde o século XIX. As formas tradicionais, hoxe dificilmente recuperables, eran *vós* e *el* (*ela, eles, elas*), aínda vivas en certas zonas.



As preposicións *en* e *de* contraen co pronome persoal de terceira persoa, segundo se indica no cadro seguinte:

| PREP. \ PRON. | EL | ELA | ELES | ELAS |
|---|---|---|---|---|
| EN | nel | nela | neles | nelas |
| DE | del | dela | deles | delas |

Estas contraccións non teñen lugar cando a preposición non rexe directamente o pronome: *De eles chegaren en tempo, imos xuntos*.

15.1.2. SERIE ÁTONA

<table>
<tr><th rowspan="2">NÚMERO</th><th rowspan="2" colspan="2">PERSOA E XÉNERO</th><th colspan="2">NON REFLEXIVO</th><th rowspan="2">REFLEX.</th></tr>
<tr><th>DAT.</th><th>ACUS.</th></tr>
<tr><td rowspan="4">SINGULAR</td><td colspan="2">1ª</td><td colspan="3">me</td></tr>
<tr><td colspan="2">2ª</td><td>che</td><td colspan="2">te</td></tr>
<tr><td rowspan="2">3ª</td><td>MASC.</td><td rowspan="2">lle</td><td>o, lo, no</td><td rowspan="2">se</td></tr>
<tr><td>FEM.</td><td>a, la, na</td></tr>
<tr><td rowspan="4">PLURAL</td><td colspan="2">1ª</td><td colspan="3">nos</td></tr>
<tr><td colspan="2">2ª</td><td colspan="3">vos</td></tr>
<tr><td rowspan="2">3ª</td><td>MASC.</td><td rowspan="2">lles</td><td>os, los, nos</td><td rowspan="2">se</td></tr>
<tr><td>FEM.</td><td>as, las, nas</td></tr>
</table>

As formas *o, lo* e *no* (cos correspondentes femininos e plurais) son variantes combinatorias, de maneira que cada unha delas aparece nuns contextos fonéticos específicos en que non poden aparecer as outras: *lo* úsase cando o pronome é enclítico dunha forma verbal (excluído o participio) ou pronominal rematada en *-s* ou *-r* (*coller - collelo, colles -*

*cóllelo*) e tras o adverbio *u* (antes **ub: ulo?*); *no* úsase tras as formas verbais que acaban en ditongo (*fai - faino; dei - deina; comeu - comeuna; feriu - feriuno; deixou - deixouna*); *o*, en fin, úsase en todos os outros casos (*collo - cólloo, collín - collino, fan - fano, non vexo - non o vexo, mal vexo - mal o vexo* etc.).

Para a xustificación histórica destas formas véxase o dito a propósito do artigo en 14.1.1 e tamén o dito en 17.2.2.

A lingua medieval tras ditongo presenta uniformemente *o* (*a, os, as*), que con frecuencia alteraba considerablemente as vogais do ditongo ao se unir a el (*colleo* "colleuno", *cantoo* "cantouno"). Posteriormente en galego, tras as formas verbais rematadas en ditongo, aparece usado un alomorfo *no*, que se impón de tal xeito que hoxe esta solución é case xeral. Unicamente pequenas áreas periféricas manteñen a solución tradicional; cómpre dicir que a localización e a extensión destas áreas dependen do ditongo de que se trate (p. ex. *deixouo* e *deixoa*, pero *saudeino*; *deixouno* e *saudeino*, *saudeina*, pero *haias*). O uso deste alomorfo tras ditongo é un trazo innovador propio do galego, con implantación case total na lingua moderna, que vén sendo unanimemente aceptado como normativo na lingua escrita xa desde os primeiros textos da época moderna.

Cómpre chamar a atención sobre o dativo de plural *lles,* xa que en gran parte do dominio lingüístico existe unha única forma *lle*, sen distinción de número. Escóllese o sistema con oposición numérica por ser máis completo e claro, ao non presentar a mencionada neutralización.

A concorrencia dos pronomes en dativo co acusativo de terceira persoa resólvese como segue:



| DAT. \ ACUS. | O/LO | A/LA | OS/LOS | AS/LAS |
|---|---|---|---|---|
| ME | mo | ma | mos | mas |
| CHE | cho | cha | chos | chas |
| LLE | llo | lla | llos | llas |
| NOS | nolo | nola | nolas | nolas |
| VOS | volo | vola | volos | volas |
| LLES | llelo | llela | llelos | llelas |

## 15.2. Posesivos

O paradigma dos pronomes posesivos presenta en galego moderno unha única serie:

| PERSOA | | SINGULAR | | PLURAL | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | MASC. | FEM. | MASC. | FEM. |
| SING. | 1ª | meu | miña | meus | miñas |
| | 2ª | teu | túa | teus | túas |
| | 3ª | seu | súa | seus | súas |
| PLUR. | 1ª | noso | nosa | nosos | nosas |
| | 2ª | voso | vosa | vosos | vosas |
| | 3ª | seu | súa | seus | súas |

As formas do masculino singular *meu, teu, seu, noso, voso, seu*, pódense usar precedidas de *de*, sen variación de xénero e número: *temos tres casas de noso* (‘da nosa propiedade’), *é boa de seu* (‘en por si’).

Existe tamén un posesivo de respecto, *mi*, que acompaña a *madre, padre*, ocasionalmente a *tío* e aínda a outros substantivos de tratamento (*amo, señor*).

Hai ademais unhas formas de posesivo ligadas a un distributivo, que non presentan variación de forma en relación coa categoría de persoa: *cadanseu, cadansúa, cadanseus, cadansúas: déronnos (a) cadanseu libro; foron miña nai e mais ela, e colleron (a) cadansúa peza de pan; compraron (a) cadanseus zapatos*.

Entre as variantes existentes na fala (*cadanseu, cadaseu, cadaunseu*), escóllese *cadanseu* como normativa por ser a de maior extensión xeográfica e a máis empregada.

## 15.3. Demostrativos

### 15.3.1. Paradigma dos pronomes demostrativos

O paradigma dos pronomes demostrativos establécese como segue:



| PROX. | NÚM. | MASC. | FEM. | NEUTRO |
|---|---|---|---|---|
| I | SING. | este | esta | isto |
| | PL. | estes | estas | --- |
| II | SING. | ese | esa | iso |
| | PL. | eses | esas | --- |
| III | SING. | aquel | aquela | aquilo |
| | PL. | aqueles | aquelas | --- |

No galego moderno coexisten tres paradigmas de demostrativos, con distribución xeográfica propia cada un deles, ademais dalgún paradigma mixto resultado do cruzamento dos anteriores e con vixencia só en puntos illados. Estes paradigmas son os seguintes:

a) *Este, esta, esto* etc. É o que ocupa maior extensión xeográfica e o máis documentado nos textos galegos medievais. Aínda así, foi mirado con reticencia por coincidir en gran parte co do castelán. Na maior parte do galego de Asturias o plural do masculino é o etimolóxico: *estos, esos, aquelos*.

b) *Iste, esta, esto* etc. As formas masculinas con *i-* (*iste, ise, aquil* e *il*) forman unha zona compacta que comprende a maior parte da provincia de Ourense e o sur de Lugo.

c) *Este, esta, isto* etc. Este sistema con hipercaracterización da forma neutra, resultado dun fenómeno fonético nada estraño ao galego, aparece en dúas áreas descontinuas moi poboadas (unha que comprende a metade sur da provincia de Pontevedra e outra o nordés da Coruña).

Tense adoptado un sistema de demostrativos con i- en todos os casos, tratando de fuxir do que se consideraba castelán ou pouco diferencial; pero o uso das formas *ista, isa, aquila* (e *ila*) é abusivo, pois non existen máis ca nalgún punto illado, e mesmo alí esporadicamente, por extensión analóxica do demostrativo masculino ou neutro. Este mesmo criterio diferencialista levou a escoller como normativo o paradigma *c*), coas formas neutras *isto, iso, aquilo*.

#### 15.3.2. Combinación co indefinido *outro*

O demostrativo combínase co indefinido *outro*, dando lugar en cada caso á formación dunha nova palabra, xa que só o segundo elemento admite morfemas de xénero e número:

| PROX. | NÚM. | MASC. | FEM. |
|---|---|---|---|
| I | SING. | estoutro | estoutra |
| I | PL. | estoutros | estoutras |
| II | SING. | esoutro | esoutra |
| II | PL. | esoutros | esoutras |
| III | SING. | aqueloutro | aqueloutra |
| III | PL. | aqueloutros | aqueloutras |

Aínda que estas son as formas habituais para o masculino e o feminino, existen tamén as formas plenas, que son as únicas posibles para o neutro: *estes outros, aquilo outro*.



#### 15.3.3. Contraccións coas preposicións *en* e *de*

O mesmo ca o pronome persoal tónico de terceira persoa, o pronome demostrativo contrae coas preposicións *en* e *de*: *deste, neste, destoutra, nesoutra, daquilo, daqueloutros, naquela* etc.

Estas contraccións non teñen lugar cando a preposición non rexe o substantivo modificado polo demostrativo: *de estas razóns seren admitidas*.

### 15.4. Cuantificadores e identificadores

#### 15.4.1. Formas dos cuantificadores

*algún, algunha, algúns, algunhas*
*alguén*
*algo*
*ningún, ningunha, ningúns, ningunhas*
*ninguén*
*nada*
*ren* ou *res*
*un, unha, uns, unhas*
*varios, varias*
*pouco, pouca, poucos, poucas*
*bastante, bastantes*
*abondo, abonda, abondos, abondas*
*moito, moita, moitos, moitas*
*ben*
*demasiado, demasiada, demasiados, demasiadas*
*máis*
*menos*
*tanto, tanta, tantos, tantas*
*todo, toda, todos, todas*
*cada; cadaquén*
*ambos, ambas; entrambos, entrambas*

No galego moderno as formas *ninguén* e *ningún* rexístranse sempre con *i* na primeira sílaba (o mesmo que o adverbio *ningures*); as variantes que se rexistran con respecto a estas formas non afectan ao vocalismo da sílaba inicial (*niñún, ningúa* etc.). Por outra parte, aínda que no galego medieval coexisten as formas con *ne-* e con *ni-*, as segundas son as únicas documentadas nalgúns textos (cf. 18.6). Esta solución é congruente coa de *lingua, minguar* etc. En portugués a situación é diferente, pois a carón de *ninguém* hai *nenhum* (e *nenhures*).

Para as razóns da escolla a favor de *moito* e *canto*, véxase respectivamente 10.2. e 10.1.

#### 15.4.2. Formas dos identificadores

*outro, outra, outros, outras*
*calquera; quenquera*
*tal, tales*
*mesmo, mesma, mesmos, mesmas*
*propio, propia, propios, propias*
*o demais, a demais, os demais, as demais*
*o máis, a máis, os máis, as máis*
*certo, certa, certos, certas*
*determinado, determinada, determinados, determinadas*

*Calquera* é a forma de case todo o territorio lingüístico galego, coa variante *calqueira* rexistrada nalgún punto illado e motivada polo presente de subxuntivo moderno do verbo *querer.* Recórdese que actualmente é sempre invariable (*pode facelo calquera, faicho calquera nena; colle un libro calquera, colle uns libros calquera*).

Para as razóns da escolla a favor de *propio* véxase 10.6.

As formas *o máis, a máis, os máis* e *as máis* son variantes tradicionais de *o demais, a demais, os demais, as demais*: *Vin eu só porque os máis* (ou *os demais*) *tiñan outras cousas que facer.* Fóra disto, teñen tamén o valor propio cuantitativo de 'a maior parte': *A máis da xente pronunciouse en contra*.



#### 15.4.3. Contraccións

*Algún e outro*, cos seus femininos e plurais, contraen coas preposicións *en* e *de*: *nalgún, nalgunha...; dalgún, dalgunha...; noutro, noutra...; doutro, doutra*... Con *alguén* e *algo* non se marca contracción na escrita.

Se o cuantificador ou o identificador está iniciado por *un(s), unha(s)* ou por *o(s), a(s)* (*uns cantos, un pouco, o demais, o máis*, ...), as contraccións son as indicadas para os artigos (vide 14.1.2. e 14.2.2.).

O indefinido *un(s), unha(s),* cando actúa como adxectivo, presenta as mesmas contraccións ca o artigo indeterminado (vide 14.2.2): *falounos duns problemas que non demos entendido; cuns veciños podemos falar, con outros é imposible.* Cando se usa como pronominal xeralmente represéntase a contracción coas preposicións *de* e *en*, dando lugar ás formas *dun(s), dunha(s), nun(s), nunha(s)*: *están sempre a falar mal dun; a resposta hai que buscala nun mesmo*; por contra, non se representa na escrita a contracción coa preposición *con*: *tanto se comprometía con un coma con outro; cada domingo ía ao teatro con unha, nunca o viamos coa mesma rapaza*.

### 15.5. Relativos, interrogativos e exclamativos

Para o relativo e interrogativo ou exclamativo o galego ten catro formas: dúas sen variación de xénero e número, *que* e *quen*; outra que admite morfema de plural, *cal* (pl. *cales*); e outra que pode ter morfemas de xénero e número, *canto* (*canta, cantos, cantas*). Existe ademais un relativo posesivo *cuxo*, que presenta flexión de xénero e número (*cuxa, cuxos, cuxas*).

Aínda que na lingua popular o relativo *cuxo* non ten uso, a lingua culta moderna recuperouno a partir da forma medieval *cujo*.

# 16. Numerais

## 16.1. Cardinais

| | |
|---|---|
| *cero* | *vinte e un / vinte e unha* |
| *un/unha* | *vinte e dous / vinte e dúas etc.* |
| *dous/dúas* | *trinta* |
| *tres* | *trinta e un, trinta e unha etc.* |
| *catro* | *corenta* |
| *cinco* | *cincuenta* |
| *seis* | *sesenta* |
| *sete* | *setenta* |
| *oito* | *oitenta* |
| *nove* | *noventa* |
| *dez* | *cen* |
| *once* | *cento un, cento unha etc.* |
| *doce* | *douscentos / duascentas* |
| *trece* | *trescentos / trescentas* |
| *catorce* | *catrocentos / catrocentas* |
| *quince* | *cincocentos / cincocentas, quiñentos/ -as* |
| *dezaseis* | *seiscentos / seiscentas* |
| *dezasete* | *setecentos / setecentas* |
| *dezaoito* | *oitocentos / oitocentas* |
| *dezanove* | *novecentos / novecentas* |
| *vinte* | *mil* |

Entre as variantes *dezaseis* e *dazaseis*, *dezasete* e *dazasete* etc., as dúas con moita presenza na fala, escolleuse a primeira por manter claramente a vinculación con *dez*; con respecto ao *a* da segunda sílaba, cómpre indicar que non se trata, como puidera pensarse, dunha alteración fonética do *e* copulativo senón dun resto da conxunción latina AC.



Para a forma *corenta*, vide 10.1.

As formas *sasenta, satenta*, de ampla representación na lingua falada, aparecen xa documentadas na época medieval. A escolla como normativas das variantes *sesenta* e *setenta*, máis próximas das etimolóxicas, débese a que se vinculan claramente a *seis* e *sete*.

As formas antigas *duzentos* e *trezentos* na lingua moderna foron substituídas polas máis transparentes *douscentos* e *trescentos*.

Cando os numerais *vinte, trinta, corenta*..., *noventa* van seguidos da conxunción *e*, contraen na pronunciación a súa vogal final coa conxunción *e* nunha realización [ɛ]: *vinte e sete* ['bintɛ'sɛte], *trinta e dúas* ['trintɛ'ðuas], *oitenta e catro* [oj'tɛntɛ'katro].

*Cento, millón, billón, trillón*, aínda que expresan número, funcionan como substantivos, igual que *ducia, decena, centena*.

Os numerais *un, unha*, cando son adxectivos, contraen con *de*, *en* e *con*, da mesma maneira ca os artigos indeterminados (vide 14.2.2.). Pola contra, cando son pronominais, normalmente contraen coas preposicións *en* e *de*, pero non coa preposición *con*, da mesma maneira ca o indefinido *un(s), unha(s): equivocouse nunha ou en dúas respostas; con unha xa me abonda.*

## 16.2. Ordinais

| | |
|---|---|
| *primeiro* | *décimo sétimo* |
| *segundo* | *décimo oitavo* |
| *terceiro* | *décimo noveno* |
| *cuarto* | *vixésimo* |
| *quinto* | *vixésimo primeiro* |
| *sexto* | *vixésimo segundo* etc. |
| *sétimo* | *trixésimo* |
| *oitavo* | *cuadraxésimo* |
| *noveno* | *quincuaxésimo* |
| *décimo* | *sesaxésimo* |
| *undécimo / décimo primeiro* | *septuaxésimo* |
| *duodécimo / décimo segundo* | *octoxésimo* |
| *décimo terceiro* | *nonaxésimo* |
| *décimo cuarto* | *centésimo* |
| *décimo quinto* | *milésimo* |
| *décimo sexto* | *millonésimo* |

Todas estas formas admiten morfemas de xénero e número, que nas formas compostas só se unen ao último elemento (*décimo primeira*).

## 16.3. Multiplicativos

*dobre; duplo, dupla*
*triplo, tripla*
*cuádruplo, cuádrupla*
*quíntuplo, quíntupla*
*séxtuplo, séxtupla*
*séptuplo, séptupla*
*óctuplo, óctupla*
*nónuplo, nónupla*
*décuplo, décupla*
*céntuplo, céntupla*



Os restantes fórmanse mediante o cardinal correspondente seguido da palabra *veces*.

## 16.4. Partitivos

| | |
|---|---|
| *medio, -a* | *noveno, -a* |
| *terzo, -a* | *décimo, -a* |
| *cuarto, -a* | *onceavo, -a* |
| *quinto, -a* | *doceavo, -a* |
| *sexto, -a* | *centésimo, -a* |
| *sétimo, -a* | *milésimo, -a* |
| *oitavo, -a* | *millonésimo, -a* |

Nótese que a partir de 1/11 (e exceptuados 1/100, 1/1000, 1/1.000.000) o partitivo faise engadindo ao cardinal o sufixo *-avo*: (1/16) un *dezaseisavo*, (2/29) *dous vinte e noveavos*, (7/345) *sete trescentos corenta e cincoavos*.

*Metade*, aínda que expresa fracción, é un substantivo.

A forma *medio*, calquera que sexa a función que desempeñe (substantivo, adxectivo ou adverbio), é maioritaria en galego moderno. No galego antigo, á parte de *meogo* ou *meiogo* 'lugar medio ou central dun espazo' *(ẽno meogo da eigreja)*, rexístranse as formas populares *meo* e *meio*, que tiñan principalmente valor numeral. Tamén se rexistra, xa desde mediados do século XIII, o cultismo *médeo, medio*, perfectamente intercambiable con *meo* ~ *meio*.

A forma culta acabou triunfando de maneira definitiva, polo cal debe ser consagrada como única normativa. Consecuentemente, tamén os antigos *meão, mear, meados* etc. foron substituídos por *mediano, mediar, mediados* etc.; á parte están os cultismos do tipo *mediante, mediación* etc., que nunca tiveron forma popular previa.

# 17. VERBO

## 17.1. PARADIGMAS REGULARES

| *I Conxugación* | *II Conxugación* | *III Conxugación* |
|---|---|---|
| **ANDAR** | **VARRER** | **PARTIR** |

### INDICATIVO

PRESENTE

| | | |
|---|---|---|
| ando | varro | parto |
| andas | varres | partes |
| anda | varre | parte |
| andamos | varremos | partimos |
| andades | varredes | partides |
| andan | varren | parten |

COPRETÉRITO

| | | |
|---|---|---|
| andaba | varría | partía |
| andabas | varrías | partías |
| andaba | varría | partía |
| andabamos | varriamos | partiamos |
| andabades | varriades | partiades |
| andaban | varrían | partían |

PRETÉRITO

| | | |
|---|---|---|
| andei | varrín | partín |
| andaches | varriches | partiches |
| andou | varreu | partiu |
| andamos | varremos | partimos |
| andastes | varrestes | partistes |
| andaron | varreron | partiron |



ANTEPRETÉRITO

| | | |
|---|---|---|
| andara | varrera | partira |
| andaras | varreras | partiras |
| andara | varrera | partira |
| andaramos | varreramos | partiramos |
| andarades | varrerades | partirades |
| andaran | varreran | partiran |

FUTURO

| | | |
|---|---|---|
| andarei | varrerei | partirei |
| andarás | varrerás | partirás |
| andará | varrerá | partirá |
| andaremos | varreremos | partiremos |
| andaredes | varreredes | partiredes |
| andarán | varrerán | partirán |

POSPRETÉRITO

| | | |
|---|---|---|
| andaría | varrería | partiría |
| andarías | varrerías | partirías |
| andaría | varrería | partiría |
| andariamos | varreriamos | partiriamos |
| andariades | varreriades | partiriades |
| andarían | varrerían | partirían |

### SUBXUNTIVO

PRESENTE

| | | |
|---|---|---|
| ande | varra | parta |
| andes | varras | partas |
| ande | varra | parta |
| andemos | varramos | partamos |
| andedes | varrades | partades |
| anden | varran | partan |

PRETÉRITO

| | | |
|---|---|---|
| andase | varrese | partise |
| andases | varreses | partises |
| andase | varrese | partise |
| andásemos | varrésemos | partísemos |
| andásedes | varrésedes | partísedes |
| andasen | varresen | partisen |

FUTURO

| | | |
|---|---|---|
| andar | varrer | partir |
| andares | varreres | partires |
| andar | varrer | partir |
| andarmos | varrermos | partirmos |
| andardes | varrerdes | partirdes |
| andaren | varreren | partiren |

## IMPERATIVO

| | | |
|---|---|---|
| anda | varre | parte |
| andade | varrede | partide |

## INFINITIVO CONXUGADO

| | | |
|---|---|---|
| andar | varrer | partir |
| andares | varreres | partires |
| andar | varrer | partir |
| andarmos | varrermos | partirmos |
| andardes | varrerdes | partirdes |
| andaren | varreren | partiren |



## FORMAS NOMINAIS

INFINITIVO

| | | |
|---|---|---|
| andar | varrer | partir |

XERUNDIO

| | | |
|---|---|---|
| andando | varrendo | partindo |

PARTICIPIO

| | | |
|---|---|---|
| andado | varrido | partido |

No verbo regular o lexema permanece invariable (para as alternancias fonéticas dos verbos da segunda e da terceira, vide 17.2.); no irregular está sometido a variacións explicables só historicamente. Tanto nun coma noutro caso os morfemas que poñen de manifesto as diferentes categorías (modo, tempo, número e persoa) son, en xeral, coincidentes.

***Andabamos, andabades; andaramos, andarades; andariamos, andariades; andásemos, andásedes,*** e as formas correspondentes da segunda e terceira conxugacións. Nas persoas 1ª e 2ª de plural do copretérito, pospretérito e antepretérito de indicativo, e do pretérito de subxuntivo coexisten na fala viva as acentuacións paroxítonas (*cantabamos, cantabades* etc.) coas proparoxítonas (*cantábamos* etc.), se ben a vitalidade das formas graves *cantasemos* e *cantasedes* é moito menor ca nos outros tempos.

A acentuación paroxítona representa a orixinaria e a esdrúxula unha innovación analóxica que non se acabou de consumar. A primeira correspóndese coa latina -ABAMUS, -ABATIS etc., conservada tamén en sardo (*cantavámus, cantavádes* etc.), en italiano (*cantavamo, cantavate*), en occitano (*cantavám, cantavátz* etc.), e mesmo, aínda que hoxe estea moi disfrazada, en francés (*chantions, chantiez* etc. < ant. *chantiiéns, chantiiéz* etc.). Concorda, logo, o galego, e os dialectos portugueses limítrofes, con outras linguas irmás; é un trazo conservador que se debe preservar na lingua normativa, dado que non se trata de ningunha reliquia, senón dunha pronuncia moi común aínda, que ocupa máis da metade

sur de Galicia, e mesmo non é allea á parte norte. A regresión das formas *cantabamos, cantabades* etc. débese en boa parte a que se toma como modelo de corrección o castelán e, en consecuencia, estas reprímense como vulgares.

En consecuencia, óptase polas formas *cantabamos, cantaramos e cantariamos* **(**e *cantabades, cantarades* e *cantariades***)** por seren as formas tradicionais e manteren unha gran vitalidade no galego actual. Pola contra, no pretérito de subxuntivo prefírense as formas proparoxítonas *cantásemos* e *cantásedes*, maioritarias xa no uso moderno. A asimetría *cantabamos, cantabades / cantásemos, cantásedes* dáse tamén en linguas como a italiana, onde *cantavámo, cantaváte* manteñen a acentuación etimolóxica, mentres que en *cantássimo, cantáste* houbo desprazamento acentual á vogal temática.

***Andei, andaches*** etc. Dáse intencionadamente *andar* como modelo de paradigma dos verbos da primeira conxugación. Espallados irregularmente, sen formaren áreas compactas (convivindo ás veces nunha mesma localidade e mesmo nun individuo), ao lado das formas regulares (*andei, andaches*..., *andara..., andase*...) aparecen paradigmas irregulares no tema de perfecto: *andiven, andiveches*..., *andivera*..., *andivese*... (analóxico de *estiven* etc.), ou *anduven, anduveches*..., *anduvera*..., *anduvese*... (analóxico de *estuven*, *estuveches* etc.). *Andei... andara... andase*... son as únicas que se documentan no galego medieval; aínda que non hai por que descartar unha contaminación analóxica con *estar*, paralela e independente da ocorrida en castelán, é preferible favorecer a forma tradicional, fortemente representada aínda na fala viva, fronte ás formas innovadoras *andiven, anduven* etc.

***Andaches, varriches, partiches.*** A desinencia da segunda persoa de perfecto era en latín -STI. En galego consérvase como *-ste* (*cantaste, varreste, partiste*) nunha pequena zona nos concellos da Guarda e Tomiño; como *-stes* (*ti cantastes, varrestes, partistes*) nunha franxa estreita entre Camariñas e Sanxenxo ao longo das Rías Baixas; como *-ches* (*cantaches, varriches, partiches*) en case todo o resto da Coruña e Pontevedra, así como na parte occidental de Ourense e SO de Lugo; e como *-che* no resto de Lugo, Ourense e na maior parte do galego exterior. Estas formas con -STI palatalizado xa aparecen documentadas no século XIII, aínda co *s* sen asimilar ao *ch: fezische, quisische* etc.



Aínda que todas elas son formas xeradas polo propio galego, a escolla (feita xa realmente por toda a tradición literaria moderna) non ofrece dúbidas en favor das maioritarias *-che* e *-ches*. Postos aínda a seleccionar unha forma única, debemos inclinarnos en favor de *-ches*, porque é (polo menos demográfica e literariamente) a maioritaria. Outro argumento, aínda, en favor da forma *-ches* é o seguinte: na área de *-che* (*cantache* etc.) a énclise dos pronomes de terceira persoa non é, normalmente, a esperada (*cantácheo* ou *cantacho*), senón a que supón unha forma verbal acabada en *-s* (*cantáchelo*). Isto indica que a área de *cantaches* (apoiada pola analoxía con *cántalo, cantábalo, cantáralo, cantaralo, cántelo, cantáselo*) está gañando terreo a expensas da outra.

***Varriches.*** Como vogal tónica na segunda persoa dos perfectos fracos dos verbos da terceira conxugación hai sempre *-í-* (*partiches*). Nos da segunda pode aparecer *-í-* (*varriches*) ou *-é-* (*varreches*). Xeograficamente aparece *varriches*, e variantes, nunha extensa área que abarca a metade oriental das provincias da Coruña e Pontevedra, a totalidade de Lugo e Ourense, e as falas galegas de Asturias, León e Zamora. A pequena área restante usa *varreches* e variantes.

Na lingua antiga estas formas tiñan *-í-*: *concebiste, prometiste, cometiste, falecische, rompischi, tollische* etc. Mesmo os perfectos fortes, que hoxe teñen *-é-* [ɛ] en case todo o territorio lingüístico galego, tamén se rexistran no galego medieval moi frecuentemente con *-í-*: *creviste* 'criches', *diste, dissisti, feziste* ou *fezische* etc. No galego de Asturias a vogal temática é *i* mesmo nos perfectos fortes: *dixiche, faíche* 'fixeches'.

Con estes datos de carácter cronolóxico resulta claro que as formas minoritarias con *-e-* (*varreste(s)* ou *varreche(s)*) son as innovadoras fronte ás que tiñan *-i-* (*varriste(s)* e *varriche(s)*). Estas son, xa que logo, lexitimamente galegas: a desinencia latina -ĬSTĪ resólvese conforme ás leis fonéticas do galego en *-iste* e *-iche*. A presenza de *-e-* ['e] (*comeste(s), comeche(s)*) xustifícase por unha extensión analóxica a partir de *comemos, comestes, comeron, comera, comese*..., que teñen *-e-* etimolóxico.

O ser unha forma tradicional e ocupar unha área máis extensa determina a escolla a favor de *comiches* fronte a *comeches*.

***Varreu, partiu.*** A desinencia da terceira persoa dos perfectos fracos da segunda conxugación é *(varr)-eu* ou *(varr)-iu*, con variantes a que se fará referencia máis abaixo; *-iu* aparece ao N dunha liña que una A Laracha con Muros; *-eu* aparece no resto do territorio lingüístico galego.

Na terceira conxugación danse as mesmas desinencias, pero coa seguinte distribución xeográfica: *partiu* aparece na mesma área da provincia da Coruña en que se di *varriu*, e volve aparecer, con solución de continuidade, en todo o L e S de Lugo, case todo Ourense, metade S de Pontevedra e todo o galego da franxa exterior. Entremedias das dúas áreas de *partiu*, en sentido transversal de NL a SO, hai unha franxa de *parteu*.

Resumindo, a metade NO de Galicia unifica as conxugacións 2ª e 3ª nesta persoa dos perfectos fracos, unhas veces a expensas da 2ª (*varriu = partiu*) e outras veces a expensas da 3ª (*parteu = varreu*). A outra metade mantén etimoloxicamente diferentes os dous paradigmas: *varreu* / *partiu*.

Aínda que ambos os procesos son xa antigos (hai exemplos de *parteu* e de *comiu* no galego medieval), débese dar preferencia ás formas conservadoras, que, ademais de seren maioritarias na tradición escrita moderna, están representadas na fala actual en territorios compactos e extensos. A estas razóns debe sumarse o feito de que este paradigma permite diferenciar as desinencias de *varreu* e *partiu*.

Outro problema é o referido ao *-u* final. Nos verbos da primeira non aparece senón *-u* (*cantou*), pronunciado como semivogal. Mais nos verbos da segunda e da terceira, tanto nas zonas onde se produciu a unificación coma nas outras, pode aparecer *-o* na fala actual (*varreo, partío*), pronunciado como sílaba. Estas formas acabadas en *-o* rexístranse xa en textos do século XIII (*dormío, meteo*), pero son raras fronte ás acabadas en *-u*, que son as etimolóxicas. A innovación de substituír *-u* (asilábico) por *-o* (silábico) debe ter orixe nunha propagación analóxica que parte dos perfectos fortes (ant. *disso, estevo, fezo, podo* etc.) onde o *-o*, por ir precedido de consoante, é núcleo de sílaba.



Tendo en conta que *-o* é innovación e que aínda hoxe non abarca senón áreas xeográficas moi restrinxidas, adóptase como normativa a forma que ten a desinencia *u*, que xa vén sendo usual na tradición literaria. Desta maneira mantense, ademais, un sistema simétrico: *comeu* e *partiu = cantou*.

***Andastes, varrestes, partistes***. Na segunda persoa do plural dos perfectos a desinencia máis común en todo o galego actual é *-stes* (*cantastes, varrestes, partistes*). Ao lado desta, en zonas compactas pero descontinuas, aparece unha forma hipercaracterizada con dous morfemas de segunda persoa de plural: *-stes* (do perfecto) e *-des* (dos outros tempos): *cantástedes, varréstedes, partístedes*. Estes resultados aparecen sobre todo arredor da ría da Arousa, na zona de Fisterra e entre Pontedeume e Ortigueira. Noutra zona, tamén compacta, arredor de Laxe, aparece unha forma (*vós cantaches* etc.), con sincretismo da 2ª de singular e de plural (como en *cantaras* etc.). Esporadicamente aparece tamén *cantáchedes* etc. (que é unha suma de *cantaches* con *cantades*). Todas son formas xeradas espontaneamente polo propio galego. Neste caso o criterio de área maior é suficiente para a escolla a favor de *cantastes* etc.; é ademais a forma que se corresponde co galego antigo e a que deriva directamente da latina -STIS.

***Andase, andara.*** As formas en *-ra* funcionan tamén como pretérito de subxuntivo; nalgunhas construcións mesmo son as únicas posibles: *Se non o fixeches, fixéralo.* Non obstante, agás nestes últimos casos, recoméndase manter ben discriminados os usos dos dous tempos (*-ra* coma antepretérito de indicativo e *-se* coma pretérito de subxuntivo).

***Futuro de subxuntivo***. É un tempo desaparecido da fala viva, onde só se mantén fosilizado en refráns e fórmulas. Porén, tivo un amplo uso na época medieval e aínda a súa presenza é significativa na literatura decimonónica, con continuidade, ás veces con usos incorrectos, na lingua literaria do século XX. Así pois, dada a súa lexitimidade histórica e a súa rendibilidade en certos rexistros lingüísticos, como por exemplo a linguaxe xurídica, cómpre restaurar o seu uso, sempre dentro dos límites da corrección establecidos pola gramática.

## 17.2. Observacións

### 17.2.1. Alteracións gráficas

Hai algunhas alteracións gráficas reguladas polas leis de distribución de grafemas expostas en 1.2 e 1.3: *c/qu, g/gu* e *z/c* alternan na representación gráfica da raíz do verbo segundo que a vogal que siga sexa *a, o* ou *e, i* respectivamente:

*(sacar) saco, sacas / saque,*
*(delinquir) delinco, delinca / delinque, delinquía,*
*(segar) sego, segas / segue,*
*(erguer) ergo, erga / ergue, erguía,*
*(cazar) cazo, cazas / cace,*
*(cocer) cozo, coza / coce, cocía.*

### 17.2.2. Asimilacións

A primeira persoa de plural perde o *-s* cando leva enclítico o pronome *nos: vémonos.*

Cando unha forma verbal rematada en *-s* ou en *-r* vai seguida polos pronomes *lo, la, los, las,* elimínanse, por asimilación total, o *-s* e o *-r*: *cantar lo > cantalo, cantas la > cántala*.

Para o comportamento do alomorfo *lo* do artigo tras formas verbais en *-r* ou *-s*, vide 14.1.1.

Cando a forma verbal remata en *-n*, estas variantes convertéronse en *no, na, nos, nas,* e a secuencia *nn* simplificouse: *comeron las > coméronnas > coméronas* (cf. 14.1.1).

Esta última asimilación é tamén a que se dá cando o pronome *lo, la, los, las* vai detrás de *quen, ben, nin, non, sen, tamén, alguén, ninguén*, ou cando o artigo vai detrás dunha forma verbal acabada en *-n*: *quen o quere?*; *non o quero; alí vén o gaiteiro.* A articulación alveolar do *n* manifesta isto claramente: [ˈkɛnoˈkɛɾe / ˈnõnoˈkɛɾo / aˈliˈβɛnoɣajˈtejɾo]. A grafía habitual non dá conta da asimilación nestes casos, aínda que non faltan representacións espontáneas que mostran a pronuncia alveolar do *n*: *non-o quero, no-no quero* ou *nono quero*.

Grafías arbitrarias do tipo *comeronno* obrigan a unha pronuncia [koˈmeɾoŋno], que representa unha fase da fala practicamente superada. A súa reintrodución na escritura só se explica por adopción do sistema fonético e morfolóxico do portugués, moi diferente neste punto ao do galego, xa que aquel idioma mantén a nasalidade vocálica.

### 17.2.3. Verbos en *-cer* e *-cir*

Os verbos en *-cer* (menos *facer* e derivados) e en *-cir* (menos *dicir* e derivados) son completamente regulares (a menos que teñan algunha das alternancias vocálicas de que se falará máis adiante en 17.2.5). Por exemplo:

OBEDECER

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| obedezo<br>obedeces<br>obedece<br>obedecemos<br>obedecedes<br>obedecen | obedecía<br>obedecías<br>obedecía<br>obedeciamos<br>obedeciades<br>obedecían | obedeza<br>obedezas<br>obedeza<br>obedezamos<br>obedezades<br>obedezan | obedece<br><br>obedecede |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| obedecín<br>obedeciches<br>obedeceu<br>obedecemos<br>obedecestes<br>obedeceron | obedecera<br>obedeceras<br>obedecera<br>obedeceramos<br>obedecerades<br>obedeceran | obedecese<br>obedeceses<br>obedecese<br>obedecésemos<br>obedecésedes<br>obedecesen | obedecer<br>obedeceres<br>obedecer<br>obedecermos<br>obedecerdes<br>obedeceren |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| obedecerei<br>obedecerás<br>obedecerá<br>obedeceremos<br>obedeceredes<br>obedecerán | obedecería<br>obedecerías<br>obedecería<br>obedeceriamos<br>obedeceriades<br>obedecerían | obedecer<br>obedeceres<br>obedecer<br>obedecermos<br>obedecerdes<br>obedeceren | INF.<br>obedecer<br>XER.<br>obedecendo<br>PART.<br>obedecido |

TRADUCIR

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| traduzo | traducía | traduza | |
| traduces | traducías | traduzas | traduce |
| traduce | traducía | traduza | |
| traducimos | traduciamos | traduzamos | |
| traducides | traduciades | traduzades | traducide |
| traducen | traducían | traduzan | |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| traducín | traducira | traducise | traducir |
| traduciches | traduciras | traducises | traducires |
| traduciu | traducira | traducise | traducir |
| traducimos | traduciramos | traducísemos | traducirmos |
| traducistes | traducirades | traducísedes | traducirdes |
| traduciron | traduciran | traducisen | traduciren |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| traducirei | traduciría | traducir | INF. |
| traducirás | traducirías | traducires | traducir |
| traducirá | traduciría | traducir | XER. |
| traduciremos | traduciriamos | traducirmos | traducindo |
| traduciredes | traduciriades | traducirdes | PART. |
| traducirán | traducirían | traduciren | traducido |

***Traduce, traduz.*** É sabido que calquera *-e* final átono (<-E, -I) tras *l, r, s, z, n* desaparece, conforme ás leis fonéticas do galego (*mal, cantar, portugués, cruz, can*). Pero tras das outras consoantes o galego non enmudeceu o *-e* (*golpe, sebe, pote, parede, duque, sangue* etc.; mesmo *r, l,* agrupados, preservaron o *-e: libre, simple*). A lei da perda do *-e*, con todo, cancélase cando pode ter repercusións morfolóxicas; desta maneira evítase a anomalía de que o presente de subxuntivo de *cantar* sexa *cante, cantes, cante* e o de *calar* sexa **cal, cales, *cal*. Nótese que no futuro de subxuntivo o *-e*, aínda sendo morfema, desaparece sempre porque non se dá a circunstancia de que vaia precedido unhas veces por consoantes tolerables en posición final e outras precedido por consoantes non tolerables; precede sempre *-r*, por iso a caída do *-e* é xeral, sen excepcións: *souber, souberes, souber; tiver, tiveres, tiver; cantar, cantares, cantar.*



En contra da lei morfolóxica da conservación de *-e*, que acabamos de mencionar, en galego antigo había algunhas formas verbais en que o *-e* desaparecía case por regra; ocorría isto tras *z* [dz], nos verbos acabados en *-zer, zir* (< vog. + CERE, vog. + CERE; vog. + CIRE): *faz, jaz, praz, diz, aduz, nuz.* Tamén pasaba isto con *fiz* (< FECI) e *fez* (FECIT). Carecemos de noticias de se se podía tamén dicir *coz* (de *cozer*) e *luz* (de *luzir*). En troques, tras *c* [ts] o *-e* non desaparecía nunca (*vence, torce, nace, coñoce*), porque a súa falta daría lugar a un grupo consonántico insólito: **torç* [tɔrts], **naç* [nats] (antes [nasts]). Desta maneira quedaba establecida unha distribución complementaria entre os verbos con raíz rematada en consoante africada alveolar: *e* tras [ts], -ø tras [dz], debido a que se mantiña a correlación de sonoridade: *coñoce* / *aduz*. Esta distribución é a que aínda con carácter bastante sistemático se mantén en portugués (aínda que o [ts] pasase a [s] e o [dz] a [z]: *agradece / faz*; debe notarse o paralelismo con *disse / quis*). De todas as maneiras hai vacilacións mesmo no portugués normativo, pero sempre con tendencia a recuperar o *-e*: imperativo *diz* ou *dize, faz* ou *faze, conduz* ou *conduze*.

En galego, coa confluencia /ts/-/dz/ en /θ/ (ou /s/) desapareceu a condición que gobernaba aquela distribución complementaria e repúxose o *-e* de modo constante, cousa que non é casual, dado que a desfonoloxización se resolveu precisamente en favor da consoante xorda, é dicir, da que esixía constantemente *-e*.

Debe usarse, por tanto, *prace, xace, aduce, conduce, reduce* etc. Tan inxustificado resulta escribir *conduz* como resultaría escribir *naz*.

Para a sorte de *diz, faz* e *fiz* véxase máis abaixo *dicir* (17.3.5) e *facer* (17.3.8). *Nuzir* perdeuse.

No galego antigo había tamén outro caso de perda case sistemática de *-e*: a que se producía nos verbos rematados en *-ler (valer)* e *-rer (querer)*: *val, quer*. De todas as maneiras, xa en textos antigos aparecen *vale* e *quere* co *-e* recuperado. Na fala actual, aínda que é posible documentar *val* e *quer*, son formas xa minoritarias; o propio portugués optou de modo definitivo por *vale* como forma normativa única; en canto á outra forma, mantén vacilación: *quere*

cando leva enclítico un pronome de terceira persoa (*quere-o*), *quer* no resto dos casos. Normativamente as únicas formas aceptables en galego son *vale* e *quere*.

A forma antiga *quer* quedou fosilizada como conxunción disxuntiva.

## 17.2.4. Verbos con radical acabado en vogal

### 17.2.4.1. Verbos acabados en *-ear, -oar*

Son completamente regulares:

NOMEAR

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| nomeo<br>nomeas<br>nomea<br>nomeamos<br>nomeades<br>nomean | nomeaba<br>nomeabas<br>nomeaba<br>nomeabamos<br>nomeabades<br>nomeaban | nomee<br>nomees<br>nomee<br>nomeemos<br>nomeedes<br>nomeen | nomea<br>nomeade |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| nomeei<br>nomeaches<br>nomeou<br>nomeamos<br>nomeastes<br>nomearon | nomeara<br>nomearas<br>nomeara<br>nomearamos<br>nomearades<br>nomearan | nomease<br>nomeases<br>nomease<br>nomeásemos<br>nomeásedes<br>nomeasen | nomear<br>nomeares<br>nomear<br>nomearmos<br>nomeardes<br>nomearen |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| nomearei<br>nomearás<br>nomeará<br>nomearemos<br>nomearedes<br>nomearán | nomearía<br>nomearías<br>nomearía<br>nomeariamos<br>nomeariades<br>nomearían | nomear<br>nomeares<br>nomear<br>nomearmos<br>nomeardes<br>nomearen | INF.<br>nomear<br>XER.<br>nomeando<br>PART.<br>nomeado |



AMONTOAR

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| amontoo<br>amontoas<br>amontoa<br>amontoamos<br>amontoades<br>amontoan | amontoaba<br>amontoabas<br>amontoaba<br>amontoabamos<br>amontoabades<br>amontoaban | amontoe<br>amontoes<br>amontoe<br>amontoemos<br>amontoedes<br>amontoen | amontoa<br>amontoade |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| amontoei<br>amontoaches<br>amontoou<br>amontoamos<br>amontoastes<br>amontoaron | amontoara<br>amontoaras<br>amontoara<br>amontoaramos<br>amontoarades<br>amontoaran | amontoase<br>amontoases<br>amontoase<br>amontoásemos<br>amontoásedes<br>amontoasen | amontoar<br>amontoares<br>amontoar<br>amontoarmos<br>amontoardes<br>amontoaren |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| amontoarei<br>amontoarás<br>amontoará<br>amontoaremos<br>amontoaredes<br>amontoarán | amontoaría<br>amontoarías<br>amontoaría<br>amontoariamos<br>amontoariades<br>amontoarían | amontoar<br>amontoares<br>amontoar<br>amontoarmos<br>amontoardes<br>amontoaren | INF.<br>amontoar<br>XER.<br>amontoando<br>PART.<br>amontoado |

### 17.2.4.2. Verbos acabados en *-iar, -uar*

Entre os acabados en *-iar, -uar*, aínda que regulares sempre, cómpre distinguir: a) aqueles en que *ia, io, ie* ou *ua, uo, ue* son sempre ditongo (*cambio, cambia, cambie; minguo, mingua, mingüe*), e b) os que teñen aquelas secuencias conservadas como hiato (*afío, afía, afíe*, e mesmo *a-fi-ar*, ou *acentúo, acentúa, acentúe*).

No resto do paradigma non hai diferenza acentual, pero fonetica-

a) CAMBIAR

| PRES. IND. | PRES. SUBX. | IMPERATIVO |
|---|---|---|
| cambio | cambie | |
| cambias | cambies | cambia |
| cambia | cambie | |
| cambiamos | cambiemos | |
| cambiades | cambiedes | cambiade |
| cambian | cambien | |

a) AFIAR

| PRES. IND. | PRES. SUBX. | IMPERATIVO |
|---|---|---|
| afío | afíe | |
| afías | afíes | afía |
| afía | afíe | |
| afiamos | afiemos | |
| afiades | afiedes | afiade |
| afían | afíen | |

mente as secuencias *-ia-*, *-ie-* pronúncianse como ditongo nos verbos do primeiro tipo *cam-bia-mos, cam-bia-des, cam-bia-ba, cam-bie-des, cam-bia-rei, cam-biar* etc.) e como hiatos nos do segundo tipo (*a-fi-a-mos, a-fi-a-ba, a-fi-a-rei, a-fi-ar*).

Os do tipo a) constitúen o grupo maioritario; son, nomeadamente, os que se corresponden con substantivos en *-io, -ia*: *cambiar, oficiar, viciar* etc. (cf. os substantivos correspondentes: *cambio, oficio, vicio* etc.).

Os do tipo b) son menos abundantes; correspóndense case sempre cos substantivos en *-ío, -ía: adiar, agoniar, arrefriar, asubiar, aviar, chiar, confiar, espiar, fiar, guiar, liar, miar, variar, vixiar,* xunto con outros membros das mesmas familias léxicas (*desafiar, desconfiar, porfiar* etc.) (cf. os substantivos *día, agonía, frío, asubío, avío, chío, espía, fío, guía, vixía* etc.). Conxúganse tamén conforme este modelo *ansiar* e *paliar*.

Na lingua popular dáse algunha transferencia dos verbos en *-iar* (do tipo *cambiar*) para os verbos en *-ear* (vide 17.2.4.1); non é infrecuente oír *cambeo, cambeas, cambea* etc., ao lado de *cambio, cambias, cambia* etc. Desde un punto de vista normativo é preferible manter separados *-iar/-ear*, conforme á tradición. Advírtase que os verbos en *-iar* (do tipo *cambiar*) xeran substantivos en *-io* (*cambio*), e os verbos en *-ear* substantivos en *-eo* (*troulear, trouleo*). A inexistencia dun substantivo **cambeo* é suficiente para facer menos aceptables *cambeo, cambeas, cambea* etc. do que *cambio, cambias, cambia* etc.

17.2.4.3. Verbos acabados en *-aer, -oer, -aír, -oír*



*Caer* (*decaer, recaer*), *choer, doer* (*condoer*), *moer* (*remoer*), *proer, roer* (*corroer*), *oír* (*desoír, entreoír*), *saír* (*sobresaír*), os derivados de *traer* (*atraer, distraer...*) etc., son regulares, pero intercalan un *-i-* sen valor morfolóxico entre a raíz e a desinencia, cando esta empeza por *o* ou por *a*.

*Traer,* pero non os seus derivados, ten outras irregularidades que se

CAER

| PRES. IND. | COPRETÉR. | PRETÉRITO | PRES. SUBX. | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|---|
| ca**i**o | caía | caín | ca**i**a | |
| caes | caías | caíches | ca**i**as | cae |
| cae | caía | caeu | ca**i**a | |
| caemos | caïamos | caemos | ca**i**amos | |
| caedes | caïades | caestes | ca**i**ades | caede |
| caen | caían | caeron | ca**i**an | |

MOER

| PRES. IND. | COPRETÉR. | PRETÉRITO | PRES. SUBX. | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|---|
| mo**i**o | moía | moín | mo**i**a | |
| moes | moías | moíches | mo**i**as | moe |
| moe | moía | moeu | mo**i**a | |
| moemos | moïamos | moemos | mo**i**amos | |
| moedes | moïades | moestes | mo**i**ades | moede |
| moen | moían | moeron | mo**i**an | |

SAÍR

| PRES. IND. | COPRETÉR. | PRETÉRITO | PRES. SUBX. | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|---|
| sa**i**o | saía | saín | sa**i**a | |
| saes | saías | saíches | sa**i**as | sae |
| sae | saía | saíu | sa**i**a | |
| saímos | saïamos | saímos | sa**i**amos | |
| saídes | saïades | saístes | sa**i**ades | saíde |
| saen | saían | saíron | sa**i**an | |

OÍR

| PRES. IND. | COPRETÉR. | PRETÉRITO | PRES. SUBX. | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|---|
| o**i**o | oía | oín | o**i**a | |
| oes | oías | oíches | o**i**as | oe |
| oe | oía | oíu | o**i**a | |
| oímos | oïamos | oímos | o**i**amos | |
| oídes | oïades | oístes | o**i**ades | oíde |
| oen | oían | oíron | o**i**an | |

verán en 17.3.25.

***Caer, caír.*** Na lingua moderna dise *caer* nas provincias da Coruña e Lugo, en boa parte das de Pontevedra e Ourense e nas falas galegas de Asturias e Zamora. Din *caír* o resto de Pontevedra e Ourense, puntos illados de Lugo e gran parte do galego de León. No galego medieval practicamente era descoñecida outra forma que non fose *caer*. Os verbos en *-aer* e *-aír* tiñan en común algunhas formas: *caía = saía*, *caí(n) = saí(n), caio = saio, caia = saia* etc. Destas formas comúns resultou a nivelación analóxica *caír = saír*. Pero tendo en conta a maior tradición de *caer* e a maior extensión na fala actual, débese escoller esta forma como normativa.

***Caes, cae, caen.*** En xeral, as formas do tipo *caes, cae, caen* mantéñense como [ˈkaes̯], [ˈkae], [ˈkaeŋ], aínda que exista unha tendencia, segundo as zonas, a pronunciacións ou [kajs̯], [kaj], [kajŋ] (zona oriental), ou [kas̯], [kaj], [kaŋ] (noutras zonas); de todos os modos, estas pronunciacións [kajs̯], [kas̯] etc. conviven sempre coas formas plenas (*caes, cae, caen*).

Foneticamente cabería esperar unicamente pronunciacións do tipo [kajs̯] (zona oriental) / [kas̯] (resto do dominio lingüístico galego), paralelas a *animais / animás, ladrois / ladrós, ladróns*. Pero contra esta tendencia fonética disgregadora hai o freo reconstrutor da morfoloxía. Se *-es, -e, -en* son a marca de número e persoa non é económico morfoloxicamente facer deles dous tipos de alomorfos [e], [es̯], [eŋ] tras consoante (beb*es*, beb*e*, beb*en*) e [js̯], [j], [jŋ] ou [s̯], [j], [ŋ] tras vogal ([mɔjs̯], [mɔj], [mɔ̃jŋ] ou [mɔs̯], [mɔj], [mɔ̃ŋ]). Advírtase tamén que esta mesma explicación xustifica a persistencia do *-e* tanto en portugués coma en galego no presente de subxuntivo dos verbos en *-oar*: *amontoe, amontoes, amontoen*; neste caso o *o* é pechado, pero isto é irrelevante. Podemos observar que o *-e* se interpreta como [e] e non como [j] porque a énclise do pronome non esixe o alomorfo *no, na, nos, nas* como ocorre cando a terminación do verbo é realmente un ditongo: *seino, hainas, leveinos, moeunas* etc., pero *el móeo, el remóea.*

Estas mesmas consideracións referentes a *-es, -e, -en* son aplicables aos verbos en *-aír, oír* e *-uír* (vide 17.2.4.4).

***Moio, moia*** etc. Presentan tamén unha mostra de solidariedade morfolóxica. De MOLO e CADAM esperariamos *mó* (cf. FASEOLUM > **freixoo* > *freixó*) e **cá* (cf. *Triavada* > *Triabá*). Para manter regulares as formas conservouse o hiato (*moo*, **caa*) e mesmo se reforzou cun *-i-*, que axuda a marcar a fronteira silábica: *moio, caia*. Este *-i-* estendeuse despois a outras persoas, mesmo cando non separaba vogais idénticas, para evitar irregularizar novamente o verbo; así, conforme a *caia* fíxose *caio* e conforme a *moio* fíxose *moia*. (No caso de *caia*, *caio* o *-i-* podería xustificarse tamén mediante un hipotético *CADEAM, *CADEO, se temos en conta que CADĔRE pasou a *CADĒRE en época moi antiga). Hoxe *caio, caia* etc. son formas únicas en todo o galego; *moio* e *moia* (fronte a *moo, moa*) son maioritarias. Esta é a razón pola que se escollen as formas con *-i-*.

***Sairei*** (vide 17.3.1, nota *caberei*).

***Oír*** (vide 17.3.13).

### 17.2.4.4. Verbos en -uír

Verbos en *-uír: argüír, -cluír (concluír, recluír...), diluír, estatuír, fluír* e derivados, *imbuír, -stituír (destituír, restituír...), -struír (construír, destruír...), -tribuír (atribuír, contribuír...)*. Son regulares:

***Inclúes, inclúe, inclúen.*** Para a xustificación de *-es, -e, -en* véxanse os

INCLUÍR

| PRES. IND. | COPRETÉR. | PRES. SUBX. | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| inclúo | incluía | inclúa | |
| inclúes | incluías | inclúas | inclúe |
| inclúe | incluía | inclúa | |
| incluímos | incluïamos | incluamos | |
| incluídes | incluïades | incluades | incluíde |
| inclúen | incluían | inclúan | |

argumentos expostos en 17.2.4.3 a propósito de *caes, cae, caen*. Obviamente, nestes verbos non ten por que aparecer ningún *-i-* antihiático coma o de *moio* ou *caia*, porque a distancia entre *u* (última vogal do radical) e as vogais da desinencia *-o, -e* e *-a* é tan grande que non hai crase posible e a fronteira silábica está perfectamente marcada pola diferente articulación dos dous fonemas *u/o, u/e, u/a*.

Estes verbos en *-uír*, igual ca os que veremos máis adiante en 17.2.5.2, non admiten en galego alternancia do timbre vocálico na raíz (non se coñecen en galego formas como **constroes, *constroe, *constroen* nin **constrois, *constroi, *constroin*).

### 17.2.4.5. Verbos en *-er* (< *-eer*) e *-ir* (< *-iir*)

Os verbos en *-er* (< *-eer*) e *-ir* (< *-iir*), como *crer, descrer; ler, reler, trasler; sobreser* e *rir, sorrir*, son parcialmente irregulares. De todas as maneiras, cómpre ter en conta algúns encontros vocálicos que na fala e na escrita (xa desde a época medieval) se resolven en contracción. Estes encontros son os seguintes: *-eé- > é* (ex.: *leer > ler*), *-ée- > -é-* (*lees > les*), *-eí- > -í-* (*leía > lía*), *-eï- > -i-* (*leïamos > liamos*), *-íe- > -í-* (*ríes > ris*), *-ií- > -í-* (*riíches > riches*), *-iï- > -i-* (*riïamos > riamos*).

Para *ver* e derivados, que en parte da súa conxugación habería que



LER

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| leo<br>les<br>le<br>lemos<br>ledes<br>len | lía<br>lías<br>lía<br>liamos<br>liades<br>lían | lea<br>leas<br>lea<br>leamos<br>leades<br>lean | <br>le<br><br><br>lede<br> |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| lin<br>liches<br>leu<br>lemos<br>lestes<br>leron | lera<br>leras<br>lera<br>leramos<br>lerades<br>leran | lese<br>leses<br>lese<br>lésemos<br>lésedes<br>lesen | ler<br>leres<br>ler<br>lermos<br>lerdes<br>leren |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| lerei<br>lerás<br>lerá<br>leremos<br>leredes<br>lerán | lería<br>lerías<br>lería<br>leriamos<br>leriades<br>lerían | ler<br>leres<br>ler<br>lermos<br>lerdes<br>leren | INF.<br>ler<br>XER.<br>lendo<br>PART.<br>lido |

incluír nesta epígrafe, vide 17.3.27.

As secuencias *-eo, -ea, -eas, -ean* nos verbos non xeran un iode antihiático polas mesmas razóns vistas para os substantivos e adxectivos en 9.8 e 9.9.

### 17.2.5. Alternancias vocálicas no radical do verbo

RIR

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| río<br>ris<br>ri<br>rimos<br>rides<br>rin | ría<br>rías<br>ría<br>riamos<br>riades<br>rían | ría<br>rías<br>ría<br>riamos<br>riades<br>rían | <br><br>ri<br><br><br>ride |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| rin<br>riches<br>riu<br>rimos<br>ristes<br>riron | rira<br>riras<br>rira<br>riramos<br>rirades<br>riran | rise<br>rises<br>rise<br>rísemos<br>rísedes<br>risen | rir<br>rires<br>rir<br>rirmos<br>rirdes<br>riren |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| rirei<br>rirás<br>rirá<br>riremos<br>riredes<br>rirán | riría<br>rirías<br>riría<br>ririamos<br>ririades<br>rirían | rir<br>rires<br>rir<br>rirmos<br>rirdes<br>riren | INF.<br>rir<br>XER.<br>rindo<br>PART.<br>rido |

17.2.5.1.Verbos en *-er*

Os verbos en *-er* que teñen *-e-*, *-o-* como últimas vogais do lexema presentan unha alternancia ['ɛ]/['e], ['ɔ]/['o], cando son tónicas, segundo a seguinte distribución: ['ɛ], ['ɔ] na 2ª e 3ª persoas de singular e na 3ª de plural do presente de indicativo; ['e], ['o] no resto. En posición átona son sempre pechadas.

Queda excluída desta alternancia no presente de indicativo outra



BEBER

| PRES. IND. | PRES. SUBX. | IMPERATIVO |
|---|---|---|
| bebo ['e]<br>bebes ['ɛ]<br>bebe ['ɛ]<br>---<br>---<br>beben ['ɛ] | beba ['e]<br>bebas ['e]<br>beba ['e]<br>---<br>---<br>beban ['e] | <br>bebe ['e]<br><br><br>---<br> |

COMER

| PRES. IND. | PRES. SUBX. | IMPERATIVO |
|---|---|---|
| como ['o]<br>comes ['ɔ]<br>come ['ɔ]<br>---<br>---<br>comen ['ɔ] | coma ['o]<br>comas ['o]<br>coma ['o]<br>---<br>---<br>coman ['o] | <br>come ['o]<br><br><br>---<br> |

serie de verbos que por razóns históricas teñen vocalismo radical tónico, ou sempre aberto ([ɛ]: *querer, quecer, esquecer*; [ɔ]: *poder*), ou sempre pechado ([e]: *deber, crer, ler*, e *sobreser*, así como os derivados de todos eles; e, en boa parte do territorio lingüístico galego, tamén os verbos rematados en *-cer: parecer* etc.).

Esta alternancia non ten repercusións gráficas. Unicamente as pode ter cando, por razóns de clareza, queiramos diferenciar parellas homógrafas: *(el) cóme / come (ti)*. Neste caso acentuarase graficamente a palabra en que apareza a vogal aberta.

17.2.5.2. Alternancias vocálicas nos verbos en *-ir*

A maioría dos verbos da terceira conxugación manteñen inalterada a última vogal do radical ao longo de todo o paradigma. Ocorre isto, sen excepción ningunha, cando é *a* (*partir, invadir, sobresaír, persuadir* etc.) ou cando é *i* (*finxir, incidir, dividir, transmitir, vivir, corrixir* etc.). Para o modelo de paradigma véxase *partir* en 17.1.

17.2.5.2.1. Verbos con *e* como vogal final do lexema no infinitivo

Estes verbos (*advertir, servir* etc.) poden presentar dous tipos de alternancia:

a) Hai un grupo que troca o *e* en *i* nas formas do presente de indica-

tivo e imperativo en que a raíz é tónica e, ademais, en todo o presente de subxuntivo:

Conforme ao modelo anterior conxúganse os seguintes verbos:

ADVERTIR

| PRES. IND. | PRES. SUBX. | IMPERATIVO |
|---|---|---|
| advirto | advirta | |
| advirtes | advirtas | advirte |
| advirte | advirta | |
| advertimos | advirtamos | |
| advertides | advirtades | advertide |
| advirten | advirtan | |

*adherir; advertir, divertir; agredir, transgredir; conferir, diferir, inferir, preferir, proferir, referir, transferir; competir, repetir; concernir, discernir; espelir; espir; dixerir, inxerir, suxerir; inserir; medir; pedir* e derivados; *reflectir; vestir, investir, revestir.*

b) Hai outro grupo que presenta unha variación tripla no vocalismo da raíz: en posición átona sempre *e* [e] (agás no presente de subxuntivo); en posición tónica hai *e* [ˈɛ] nas persoas 2ª, 3ª de singular e 3ª de plural do presente de indicativo e *i* na persoa 1ª de singular do presente de indicativo, na 2ª de singular do imperativo e en todo o presente de subxuntivo.

O mesmo paradigma é o dos verbos *ferir, mentir, sentir, seguir* e dos

SERVIR

| PRES. IND. | PRES. SUBX. | IMPERATIVO |
|---|---|---|
| sirvo | sirva | |
| serves [ˈɛ] | sirvas | sirve |
| serve [ˈɛ] | sirva | |
| servimos [e] | sirvamos | |
| servides [e] | sirvades | servide |
| serven [ˈɛ] | sirvan | |



seus derivados e compostos: *malferir; desmentir; asentir, consentir, resentir; conseguir, perseguir* e *proseguir* (advírtase que *conferir, inferir* etc. non son derivados de *ferir,* senón que se remontan á base latina -FERRE).

***Sirve ti.*** O portugués ten nesta persoa do imperativo o mesmo vocalismo radical ca as formas rizotónicas do presente de indicativo; ao contrario do galego, usa *serve tu* [ɛ], con solución análoga á que segue nos verbos da segunda: *bebe tu* [ɛ]. Tanto para un tipo de verbos coma para o outro, o galego e o portugués son coherentes, aínda que con solucións específicas en cada lingua: se o portugués ten no imperativo, como se dixo, o mesmo vocalismo ca no presente de indicativo (*ele corre* [ˈɔ], *corre tu* [ˈɔ]; *ele segue* [ˈɛ], *segue tu* [ˈɛ]), o galego en troques ten no imperativo o mesmo vocalismo ca no presente de subxuntivo (*corra vostede* [ˈo], *corre ti* [ˈo]; *siga vostede, sigue ti*).

***Seguir, advertir e repeler.*** Os verbos do tipo *seguir* tenden a eliminar a tripla alternancia e a incorporarse ao modelo do grupo anterior (*advirto*), máis regular morfoloxicamente. En realidade, o paradigma dado para *servir* e similares é o histórico, pero ten xa moi escaso apoio na fala popular, en que se tende a utilizar *sirvo, sirves, sirve* etc., segundo o modelo de *advertir*. Estas regularizacións non están motivadas por castelanismo, senón xeradas polo propio galego; malamente o castelán *mientes* pode xerar un galego *mintes*. Digamos de camiño que variantes do tipo *segues / sigues, serves / sirves* etc. (o mesmo ca *dormes / durmes* etc., que veremos despois) tamén as houbo en portugués desde finais do século XIV, pero na lingua estándar foron posteriormente reducidas a *segues, serves* (*dormes*) etc. No portugués trasmontano evítase a alternancia: *firo, fires; sigo, sigues* etc.

Adóptase como normativa a variante con alternancia por ser a tradicional e porque está en harmonía cos verbos da segunda en *-e...er, -o...er* (17.2.5), que a manteñen constantemente, e mesmo cos verbos da terceira en *-u...ir*, que conservan moito máis viva na fala a alternancia tradicional (17.2.5.2.2).

Cómpre ter en conta que os verbos en *-e...ir* non patrimoniais (do tipo

*advertir*) presentan problemas de adecuación a un modelo de paradigma. Realmente, o modelo tradicional destes verbos era o que practicaba a alternancia de tres membros (['i]/[e]/['ɛ]: *sirvo / servimos / serves*), con todo posterior xa a unha fase medieval en que a alternancia era só de dous membros (['e]/['ɛ]: *servio / serves*); pero os verbos cultos (*agredir, divertir, inferir, dixerir, competir* etc.) encaixaban mal neste tipo de paradigma. Por esta razón se acudiu á creación dun paradigma novo que os tolerase mellor, cunha alternancia de dous membros só (['i]/[e]: *advirto, advirtes, advertimos*...). Pero aínda así a solución non é plenamente satisfactoria para todos os verbos, de maneira que algúns deles tenden a manter o *e* constantemente (*somerxo, somerxes, somerxe; somerxa* etc.); desta forma resultaría que os verbos deste tipo terían unha conxugación mixta: serían da segunda as formas rizotónicas do presente de indicativo e do imperativo (*somerxo, somerxes, somerxe, somerxen; somerxe ti*) e o presente de subxuntivo (*somerxa, somerxas* etc.) e da terceira as formas arrizotónicas (*somerxir; somerximos, somerxides;* etc.), pero isto é anómalo tamén; e desta anormalidade téndese a saír por dous camiños: ou ben incorporando o verbo integramente á segunda (*compeler, expeler, impeler, propeler, repeler; emerxer, somerxer; converxer, diverxer*) en contra da solución habitual, porque a segunda conxugación é improdutiva desde hai séculos; ou ben conxugando este tipo de verbos pola terceira, o que daría lugar a formas rizotónicas pouco aceptables. Recoméndase, fundamentalmente para facilitar a conxugación regular, seguir para estes verbos o modelo da segunda (vide 17.1).

### 17.2.5.2.2. Verbos con *u* como vogal final do lexema no infinitivo

Os verbos que teñen *u* como vogal final do lexema no infinitivo (*discutir, fuxir* etc.) poden presentar dúas posibilidades de conxugación:

a) Verbos do tipo *discutir*

Hai verbos en *-u...ir* (*discutir, conducir* etc.) que son completamente regulares e seguen o modelo de *partir* (vide 17.1).

Son os seguintes (a maioría deles de procedencia culta): *argüír, asumir, atuír, -cluír* (*concluír, excluír, incluír, recluír*), *-cumbir* (*incumbir, sucumbir*...), *cumprir* 'completar', *-cutir* (*discutir, percutir, repercutir*...), *curtir, derruír, diluír, diminuír, -ducir* (*aducir, conducir, deducir, inducir, reducir, seducir, traducir*...), *embutir, escapulir, esculpir, estatuír, gruñir, fluír* e derivados (*afluír, confluír, influír, refluír*...), *fulxir* (e *refulxir*), *-fundir* (*fundir* 'derreter', *afundir, confundir, difundir, infundir, refundir*), *imbuír, insurxir, -ludir* (*aludir, eludir*), *nutrir, presumir, resumir, rustrir, -stituír* (*constituír, destituír, instituír, prostituír, reconstituír, restituír, substituír*...), *-struír* (*construír, destruír, instruír, obstruír, reconstruír*...), *suplir, -tribuír* (*atribuír, contribuír, distribuír, retribuír*...), *tupir* e derivados (*entupir, desentupir*), *unir* e derivados (*desunir, reunir*), *unxir, urxir, zurcir.*

b) Verbos do tipo *fuxir*

Hai outro grupo de verbos en *-u...ir*, menos numeroso, que presenta unha alternancia tradicional *u/o*: [ɔ] nas persoas 2ª e 3ª de singular e 3ª de plural do presente de indicativo, [u] no resto do paradigma:

Conforme a este modelo, conxúganse tamén os seguintes verbos:

FUXIR

| PRES. IND. | PRES. SUBX. | IMPERATIVO |
|---|---|---|
| fuxo | fuxa | |
| foxes ['ɔ] | fuxas | fuxe |
| foxe ['ɔ] | fuxa | |
| fuximos | fuxamos | |
| fuxides | fuxades | fuxide |
| foxen ['ɔ] | fuxan | |

*acudir, bulir* (e *rebulir*), *cubrir* e derivados (*descubrir, encubrir, recubrir*), *cumprir* 'ser mester', *cuspir, durmir, engulir, fundir* 'render', *fuxir, lucir* e derivados (*deslucir, entrelucir, relucir, translucir, tremelucir*), *mulir, muxir, pulir, ruxir, sacudir, subir, sufrir, sumir* (e os seus derivados *consumir* e *ensumir*), *tusir, ulir, urdir, xunguir, xurdir.*

***Cumprir, fundir.*** Advírtase que estes verbos teñen cada un dúas acep-

cións ben diferenciadas: *cumprir* 'completar' e 'ser mester'; *fundir* 'derreter' e 'render' Só coas respectivas segundas acepcións teñen alternancia.

***Fuxe ti.*** Para o timbre vocálico desta persoa do imperativo, tanto en galego coma en portugués, véxase o dito en 17.2.5.2.1 a propósito de *sirve ti.*

***Fuxo, foxes.*** O sistema galego medieval separaba mellor ca o actual os verbos sen alternancia dos que a tiñan. En xeral, presentábana os que en latín tiñan -ŏ- (DORMIRE); despois incorporáronse os que tiñan -ō- ou -ŭ- (-CUTERE, BULLIRE, COPERIRE, CONSPUERE, *INGULLIRE, RUGIRE, SUFERRE, TUSSIRE, SURGERE); carecían normalmente de alternancia os que en latín tiñan -ū- (LUCERE, -DUCERE etc.). Modernamente, nos verbos patrimoniais mantense a situación medieval, coa excepción de *lucir,* que se incorpora ao grupo dos verbos con alternancia. Os verbos que entraron por vía culta adheríronse en bloque ao grupo dos que non tiñan alternancia, tanto se tiñan -ŭ- (-CUMBERE, FUNDERE, URGERE etc.) coma se tiñan -ū- (-LUDERE, NUTRIRE etc.).

Actualmente hai unha tendencia a regularizar o paradigma dos verbos do tipo *fuxir,* mantendo como vocalismo radical sempre *u* (*fuxo, fuxes, fuxe* etc.); esta tendencia é paralela á que tamén opera nos verbos do tipo *servir* (*sirvo, sirves* etc.); con todo, a alternancia nos verbos do tipo *fuxir* mantén maior vitalidade ca nos do tipo *servir.* Para a escolla como normativo do paradigma con alternancia véxase o dito en 17.2.5.2.1, nota *seguir, advertir* e *repeler*.

***Durmir, dormir.*** Advírtase a seguinte falta de paralelismo: os verbos que teñen vogal palatal como última vogal do radical nas formas arrizotónicas manteñen aínda o timbre etimolóxico, sexa *e* (*advertir, servir*) ou *i* (*dividir*). Polo contrario, os verbos que no galego antigo tiñan *o* no radical mudárono en *u* nas formas arrizotónicas. Desta maneira os antigos *acodir, bolir, cospir, dormir, foxir, polir, roxir, sobir, somir, sortir, tosir* etc. (igual que moitas palabras que tiñan a secuencia *o...i*: *sotil, Loís, moíño, resocitar, roindade*...), harmonizáronse en *u...i*: *bulir, -cudir* etc. Este cambio (e ás veces o inverso: *lucir* > *locir, fundir* > *fondir*) é xa antigo no idioma e hoxe está practicamente concluído. En portugués, en posición pretónica as vogais da serie velar neutralízanse en [u], de maneira que se pronuncia igual o *u* de *bulir* ca o *o* de *dormir.* Escribir *acudir, bulir, cuspir, fugir, subir* etc., fronte a *cobrir, dormir, engolir, tossir* etc., é unha incoherencia gráfica sen ningún apoio fonético nin etimolóxico.

***Sufrir, sofrer; tusir, toser.*** A alternancia axuda a acentuar as interferencias entre a segunda e terceira conxugacións (*dormes, dorme, dormen* [ˈɔ], *comes, come, comen* [ˈɔ]). Estas formas comúns provocan ás veces intercambios nas dúas direccións: os orixinarios *sofrer* e *tusir* admiten tamén as variantes alternativas *sufrir* e *toser*. *Tusir* e *sufrir* son hoxe as formas máis estendidas; por esta razón deben ser preferidas ás outras.

### 17.2.6. Produtividade da 2ª e 3ª conxugacións

Mantéñense como verbos da segunda: *converxer, emerxer, encher, erguer, esparexer, fender, ferver, premer, render, repeler, rexer, toller, xemer.* Tamén se conservan como verbos da segunda os derivados de *bater* (*abater, combater, debater, rebater*), *correr* (*concorrer, decorrer, discorrer, escorrer, incorrer, ocorrer, percorrer, recorrer, socorrer, transcorrer*), *romper* (*corromper, interromper, irromper, prorromper*) e *verter* (*converter, inverter, perverter, reverter, subverter*; pero *advertir* e *divertir*). Para *caer* e *traer* véxase 17.2.4.3 e 17.3.25, respectivamente.

Pasaron á terceira *concibir, escribir, vivir, dicir, elixir* e derivados, así como *aducir, recibir* e os restantes membros da familia léxica (véxase unha explicación máis detallada en *dicir*, 17.3.5).

As vacilacións entre a segunda e terceira conxugación e mesmo a fuga xa consumada de verbos da segunda para a terceira explícanse pola existencia de forzas niveladoras que operan en favor dunha ou doutra. Actúan a favor da terceira: a) a maior produtividade deste modelo, que é o que recibe (coma no portugués e no castelán) a maioría dos verbos cultos procedentes da 2ª, 3ª e 4ª conxugacións latinas; b) que nos tempos en que hai coalescencia morfolóxica entre a 2ª e 3ª prevalecen as desinencias propias da 3ª (vogal temática *í* ou ausencia de vogal temática): *comín, comiches, partía, partías* etc. = *partín, partiches, partía, partías* etc.; *coma* etc. = *parta* etc. Actúa en favor da segun-

da a existencia dun verbo patrimonial próximo, pola forma e polo significado, á base latina de que proceden os derivados cultos (*combater = bater, recorrer = correr*).

## 17.3. Paradigmas dos verbos irregulares

### 17.3.1. *Caber*

***Caibo, caiba, caibas*** etc. Na lingua moderna rexístranse as seguintes

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| caibo | cabía | caiba | |
| cabes | cabías | caibas | cabe |
| cabe | cabía | caiba | |
| cabemos | cabiamos | caibamos | |
| cabedes | cabiades | caibades | cabede |
| caben | cabían | caiban | |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| couben | coubera | coubese | caber |
| coubeches | couberas | coubeses | caberes |
| coubo | coubera | coubese | caber |
| coubemos | couberamos | coubésemos | cabermos |
| coubestes | couberades | coubésedes | caberdes |
| couberon | couberan | coubesen | caberen |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| caberei | cabería | couber | INF. |
| caberás | caberías | couberes | caber |
| caberá | cabería | couber | XER. |
| caberemos | caberiamos | coubermos | cabendo |
| caberedes | caberiades | couberdes | PART. |
| caberán | caberían | couberen | cabido |

solucións, entre outras que son irrelevantes para o que agora interesa: *caibo, caiba* en puntos illados escasos, máis densos no NL da Coruña, no NO de Lugo, no SO de Ourense e no de Pontevedra; *cabio, cabia* nunha franxa oriental do dominio galego e na parte central de Ourense; *cabo, caba* por todas as partes, pero con maior densidade, formando case unha área compacta, na metade occidental de Galicia; *queipo, queip*a aparecen de modo esporádico só no N.



No galego medieval non temos documentacións para a primeira persoa do presente de indicativo; hainas, en troques, para o presente de subxuntivo: *cabia* e *caiba*, e mesmo *caibia*.

As formas antigas *cabio* e *caibo, cabia* e *caiba* (e mesmo *caibio* e *caibia* con anticipación de iode) son as esperadas historicamente do lat. CAPIO, CAPIAM (obsérvese o paralelismo con *agua, auga, augua*). Estas formas continúan no galego actual. *Cabo, caba* etc. (igual que *chova, como, durmo* etc., ant. *chovia, comio* ~ *coimo, dormio* etc.) son formas analóxicas innovadoras. As variantes híbridas *queipo, queipa* son castelanismos, motivados quizais polo escaso arraigamento do verbo *caber,* que está sendo suplantado polo semanticamente afín *coller.*

Normativamente non cabe escoller senón entre as formas galegas e de entre elas debe descartarse *cabo, caba* por ser unha innovación aínda non consumada; entre *cabio/caibo, cabia/caiba* etc. débese dar preferencia á segunda por ser, das dúas, a maioritaria, e por ser a solución congruente con *poida* e *queira*.

O dito neste comentario vale tamén para as formas correspondentes de *saber*, coa excepción da primeira persoa do presente de indicativo, que é *sei*. Tamén cómpre advertir que na maioría dos casos hai coincidencia *caiba/saiba*, pero non necesariamente.

*Couben, coubera, coubese, couber*. Para o tema de perfecto no galego actual rexístranse as seguintes raíces: *coub-,* dispersa por todo o dominio galego, pero formando unha rede bastante densa na parte occidental (case compacta na provincia da Coruña); *coup-,* dispersa tamén por todo o galego, pero predominantemente na zona oriental; *cab-* (fraca), tamén esporadicamente ao longo das Rías Baixas. No galego histórico unicamente se documentan formas coa raíz *coub-.*

*Coub-* ten xustificación satisfactoria dentro das leis da fonética histórica

galega: sonoriza a consoante oclusiva intervocálica (CAPUIT > *coubo* e, paralelamente, SAPUIT > *soubo*), de modo idéntico a outros casos (PLACUIT > *prougo*, POTUIT > *puido*). Non se dispón de datos suficientes para saber se *coup-* é galega tamén; a falta de documentación antiga e que *coub-* e *soub-* se rexistren na actualidade mesmo máis alá do río Navia (nos concellos de Allande e Cangas de Narcea) é un dato negativo. Seguramente *coup-*, o mesmo que no tema de presente *queip-*, é unha forma híbrida, resultante do cruzamento do galego *coub-* co castelán *cup-*. Finalmente *cab-* (*cabín, cabiches*...) é o resultado da propagación analóxica do tema de presente ao tema de perfecto, ou sexa, a substitución do perfecto forte tradicional por un perfecto fraco regular.

Normativamente non se pode favorecer ningunha forma senón a tradicional *coub-*.

O dito neste comentario é totalmente aplicable a *souben, soubera, soubese, souber.*

***Coubeches, coubera, couberas, couberamos, coubese, coubésemos*** etc. A vogal temática de perfecto dos verbos irregulares é un [ɛ] nas formas arrizotónicas, tanto en posición tónica (*dixeches, dixera, dixese, dixer*) como átona (*dixeramos*), mentres que nas rizotónicas do pretérito de indicativo a vogal temática é un *e* pechado na 1ª persoa de singular (*dixen*) e ø na 3ª persoa de singular (*dixo*).

***Caberei, cabería.*** É ocioso lembrar que o futuro é totalmente regular; formas sincopadas do tipo *cabrei, sabrei* son castelanismos. O galego antigo coñecía tamén futuros sincopados paralelos aos do castelán, pero dábanse unicamente en verbos que (no protogalego) acababan en *-ler ~ -lir, -ner ~ -nir,* e *-rer ~ -rir: valrei, salrei, terrei, porrei, marrei, verrei; querrei, morrei, guarrei.* Non existiron nunca en galego futuros con *d* epentético, do tipo **valdrei* etc. Todos estes verbos, menos os que se perderon, reconstruíron un futuro regular: *valerei, sairei, terei*... Con máis razón teñen hoxe futuro regular (non sincopado) os que o tiveron durante toda a historia do galego, como *caberei, saberei.* Quedan, evidentemente, fóra desta regularización os futuros de *dicir* e *facer* (*direi, farei*), como en case todas as linguas románicas, porque a súa irregularidade non se debe a unha síncope.

### 17.3.2. *CAER* (vide 17.2.4.3)



### 17.3.3. *CRER* (vide 17.2.4.5)

### 17.3.4. *DAR*

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| dou<br>dás<br>dá<br>damos<br>dades<br>dan | daba<br>dabas<br>daba<br>dabamos<br>dabades<br>daban | dea<br>deas<br>dea<br>deamos<br>deades<br>dean | <br>dá<br><br><br>dade<br> |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| dei<br>deches<br>deu<br>demos<br>destes<br>deron | dera<br>deras<br>dera<br>deramos<br>derades<br>deran | dese<br>deses<br>dese<br>désemos<br>désedes<br>desen | dar<br>dares<br>dar<br>darmos<br>dardes<br>daren |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| darei<br>darás<br>dará<br>daremos<br>daredes<br>darán | daría<br>darías<br>daría<br>dariamos<br>dariades<br>darían | der<br>deres<br>der<br>dermos<br>derdes<br>deren | INF.<br>dar<br>XER.<br>dando<br>PART.<br>dado |

***Dei, din.*** No galego actual rexístranse fundamentalmente as formas *dei* e *din*; ambas aparecen en todo o galego en proporción similar, pero a densidade de *dei* é maior na zona occidental e a de *din* na oriental. No galego antigo non se rexistra senón *dei*, que é a forma etimolóxica; a forma moderna *din* é analóxica de *vin* (pretérito de *ver*).

Tendo en conta que a vitalidade da forma tradicional *dei* é aínda moi grande, normativamente debe ser a única recomendable.

***Deu, dou.*** Na terceira persoa de singular do perfecto rexístranse, funda-

mentalmente, dúas variantes, xeograficamente complementarias: *deu* e *dou*. Esta última ocupa case integramente a provincia da Coruña (excepto ao norte das Pontes) e a parte setentrional da de Pontevedra (o que queda ao N da ría de Pontevedra); no resto do dominio lingüístico galego aparece *deu*; dentro da área de *deu* rexístrase tamén algunha vez *diu*. Cómpre con todo advertir que *deu* admite dúas pronuncias: [dɛw], que é a etimolóxica (DĔDIT), e [dew], en que hai unha analoxía con *veu* [bew] (< *VĒNO en vez de VĒNIT) ou ben unha harmonización entre [ɛ] e mais [-w] (como en *meu*, que tamén ten dobre pronunciación). No galego antigo case é exclusivo *deu*, pero xa existen exemplos de *dou* en diversos textos medievais.

A forma *deu*, calquera que sexa a súa pronuncia, é a etimolóxica. *Dou* é analóxica dos verbos en *-ar*: da proporción *cantei = dei* resulta *cantou = dou*; nótese que no tema de presente *dar* é da primeira e isto axuda a igualar a ecuación mencionada. *Diu* (igual que *din, diches, dimos, distes, diron, dira, dise*, que tamén existen, case sempre nos mesmos puntos) está motivada por unha nivelación con *viu* (de *ver*) e cos perfectos fracos da terceira; esta trasfega dos tempos do tema de perfecto á terceira debeu de empezar pola segunda persoa de singular do pretérito, *diste*, que xa é antiga ao lado de *deste*.

Normativamente a escolla debe favorecer a forma tradicional *deu*, que segue tendo un amplo apoio na fala.

***Dea, deas*** etc. A fala actual ofrece dúas solucións maioritarias: *dea, deas* etc. e *día, días* etc. O dominio de *dea* comprende as provincias da Coruña e Pontevedra, así como as metades SO de Lugo e NO de Ourense; o resto ocúpao a forma *día*. En cinco puntos illados do *Atlas Lingüístico Galego* rexístranse tamén *deña* ou *dé*, en catro deles convivindo con *dea*. Nos textos antigos documéntanse fundamentalmente as formas *dé, dés* etc., pero xa hai testemuños medievais de *día* e de *dea*.

O resultado *dé, dés* etc. correspóndese etimoloxicamente co latín DEM, DES etc. Con todo, este subxuntivo foi considerado "irregular", porque se interpretou *de-* como raíz (igual que *le-* no verbo *ler*), incrementándose co sufixo modo-temporal propio dos verbos en *-er* (cf. *lea, leas* etc.); lembremos que



o verbo *dar*, aínda que nos tempos do tema de presente é da primeira, nos tempos do tema de perfecto é da segunda. De aí resultou *dea, deas* etc. Cronoloxicamente este fenómeno foi recorrente: apareceu por primeira vez na época prerrománica un *DEA, *DEAS, que explica as formas *dea* do romanés, e *día* do galego oriental, asturiano e italiano (cun tratamento do hiato *-éa-* idéntico ao de MEA, *HABÉAM -por HABEBAM- etc.); a segunda vez foi en época máis recente (cando xa o hiato *-ea-* se resolvera en *-ía-*); desta segunda onda de regularizacións son os *dea* do castelán, do portugués e do galego. Ora, o portugués e o castelán, coa presión da lingua culta e co freo da norma académica, lograron manter os *dea* como vulgarismos. Pero o galego, libre de prexuízos cultistas, logrou facer completamente normal o que nos outros idiomas é unha forma reprimida pola norma. Ao desapareceren os *dé, dés* etc. non hai dentro da propia fala outras formas con que contrastar as novas; o contraste só se pode facer co castelán e co portugués. Por iso, as dúas únicas formas galegas lexítimas só poden ser *día* ou *dea*, ambas xeradas polo propio galego. Destas, a forma máis usada na tradición escrita moderna é *dea*, que é a maioritaria no galego falado, e por iso se escolle como normativa.

### 17.3.5. *Dicir*

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| digo | dicía | diga | |
| dis | dicías | digas | di |
| di | dicía | diga | |
| dicimos | diciamos | digamos | |
| dicides | diciades | digades | dicide |
| din | dicían | digan | |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| dixen | dixera | dixese | dicir |
| dixeches | dixeras | dixeses | dicires |
| dixo | dixera | dixese | dicir |
| dixemos | dixeramos | dixésemos | dicirmos |
| dixestes | dixerades | dixésedes | dicirdes |
| dixeron | dixera | dixesen | diciren |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| direi | diría | dixer | INF. |
| dirás | dirías | dixeres | dicir |
| dirá | diría | dixer | XER. |
| diremos | diriamos | dixermos | dicindo |
| diredes | diriades | dixerdes | PART. |
| dirán | dirían | dixeren | dito |

Conxúganse tamén así os derivados de *dicir: contradicir, desdicir, predicir.* No galego actual existe unha tendencia maioritaria a conxugar os verbos *bendicir* e *maldicir* de maneira totalmente regular (*bendice, bendicirá, bendiza, bendiciu* etc.), se ben tampouco parece condenable, sobre todo no presente de indicativo e subxuntivo, a conxugación seguindo o modelo de *dicir*.

***Dicir, decer, decir, dicer.*** *Dizer* é a forma antiga, documentada desde as orixes do idioma. É a única forma rexistrada nos glosarios do *Cancioneiro da Ajuda,* dos *Miragres de Santiago* ou da *Crónica Xeral.* Tamén era a forma leonesa antiga e aínda a recolle B. Vigón en Colunga en 1896, ao lado de *decir*. Con todo, axiña se foi introducindo a variante *dezer* (con vogal radical *-e-*, eliminando desta maneira a secuencia *-i...er,* infrecuente en verbos da segunda). Quizais tras das formas *dezía* e similares, que xa se documentan ao lado de *dizía* nas *Cantigas de Santa María*, nos *Miragres de Santiago*, na *Crónica Xeral*, na *Crónica Troiana* etc., hai un infinitivo *dezer* (aínda que pode haber tamén *dezir, dizer* ou *dizir*; nestes dous últimos casos *dezía* sería variante de *dizía* por disimilación de vogais). O que é seguro é que tras do xerundio *dezendo* das *Cantigas de Santa María* hai forzosamente un infinitivo *dezer,* rexistrado tamén nun documento de Montederramo do 1291 e noutro de Ourense do 1292, e que volvemos a achar noutros documentos do século XV. Tamén pide un primitivo *dezer* o *contradezer* que usa Gil Vicente (1523). Esta forma, ou a que xa ten o *-z-* enxordecido (*decer*), aparece en diferentes textos galegos dos século XVII e XVIII. Segue aparecendo con abundancia no século XIX nos primeiros textos do Rexurdimento e aínda hoxe non esmoreceu totalmente na fala viva. *Dezer* continúa tamén dialectalmente en portugués. Pero en galego o antigo *dizer* non é substituído só por *decer*, senón por *dicir* e *decir*. O infinitivo *dezir* encontrámolo xa nun documento de Ribas de Sil de 1405, e coa grafía *desyr* noutro de Rianxo de 1457. Sarmiento, que escribe a mediados do século XVIII, non usa senón estas dúas formas (*dicir* ~ *decir*); nos textos do século XIX citados antes aparecen tamén estas mesmas formas (ao lado de *decer*). Na lingua oral moderna continúanse usando as dúas variantes, aínda que na escrita adoitaba dárselle preferencia a *decir*. A forma *dicer* ou *dizer* empregada por algúns escritores modernos non ten apoio na lingua actual.

*Dizer* é unha forma definitivamente morta en galego. Para substituíla acudiuse a *decer*, que harmoniza a vogal radical coa temática, ou a *dicir*, que harmoniza a vogal temática coa radical, evitando así un verbo de vocalismo insólito. O paso de *dizer* a *dezer* ou *decer* foi favorecido polas formas en que a vogal temática era tónica (*dizer, dizendo, dizemos, dizedes* > *decer, decendo, decemos, decedes*, segundo o modelo de *temer, temendo, tememos, temedes*). O paso a *dicir* foi favorecido por aqueles casos en que a 2ª e 3ª conxugacións estaban neutralizadas: *dizes, dize, dizen, dizía*, e mesmo *digo, diga, dixe*; estas formas fan imprevisible un infinitivo *dizer* ou *dicer* e mesmo favorecen o paso á terceira, que é, das dúas, o modelo produtivo. Tanto *decer* coma *dicir* están, pois, dentro da deriva do propio galego e foron xeradas sen intervención de

influxos alleos. Por razóns transparentes *decer* non pode ser castelanismo; por razóns case tan transparentes tampouco o pode ser *dicir*. Xustificar *dicir* como castelanismo supón xustificar coa mesma causa o paso dos antigos *cinger* (aínda no século XIV) a *cingir* (xa no século XIII, despois *cinxir*); *imprimer* e *reprimer* (en port. aínda no século XV) a *imprimir* e *reprimir* en portugués e en galego; outro tanto ocorre (e aquí o paralelismo con *dizer* > *dicir* aínda é maior) co paso do ant. *aduzer* (en circulación aínda no século XV) para *aducir* (en portugués *aducir* e *aduzir*). Habería mesmo que xustificar o antigo *riír* (hoxe *rir*) como castelanismo, en paga do esperado *rier* (que houbo no leonés e que nin no galego nin no portugués se documenta). Téñase en conta, ademais, que a vogal radical nos verbos da segunda (e da terceira) conxugación cumpre unha función de reforzo da vogal temática, é dicir, axuda a indicar a clase mórfica dun verbo: *i, u* no radical non poden ser senón de verbos da terceira, e nunca da segunda, que só presentan *a, e, o*. A situación de excepcionalidade en que quedaban os verbos *dizer, escriber* e *viver* explica o seu paso ou ben á segunda conxugación (*decer, escreber*), ou ben, máis frecuentemente, á terceira (*dicir, escribir, vivir*). Mesmo a forma *decir*, que normalmente se descarta como castelanismo, pode ter xustificación tamén dentro da propia deriva do galego (e do portugués), se temos en conta que a secuencia *e...ir* se fixo habitual no galego coa incorporación de verbos cultos do tipo *advertir* (cf. 17.2.5.2.1). Con todo, só a presión do castelán parece xustificar a ampla extensión de *decir* fronte ao mantemento xeral de *escribir* e *vivir.*

Entre unha forma arcaica ou préstamo do portugués (*dicer*), un posible préstamo do castelán (*decir*), unha forma galega viva pero de escasa representación na fala (*decer*) e unha forma viva amplamente representada na fala e libre de toda sospeita de préstamo (*dicir*), normativamente debe optarse por esta última.

Os argumentos expostos ata aquí son aplicables tamén a *escribir* e a *vivir*. Con respecto ao primeiro destes verbos, na época medieval rexístranse *escriver, escrever* e *escrivir* en proporcións diferentes. *Escriver* é a forma esperada de SCRIBERE, paralela a *dizer* e *viver*. *Escrever* harmoniza a vogal radical coa temática (como *dezer, vever*) e *escrivir* (con algunha variante como *iscrivir* ou *escrevir*) harmoniza a vogal temática coa radical (como *dicir* e *vivir*). A forma *escriver,* xa minoritaria na época medieval, esmoreceu sen deixar rastro. Das



outras dúas, *escribir* (documentada xa a mediados do século XIII), é practicamente a única forma do galego moderno, mentres que *escrever* é a forma do portugués. Tendo en conta que *escribir* é forma galega desde sempre e que hoxe apenas hai testemuños de *escreber* en territorio lingüístico galego, a escolla da forma que se xustifica no uso maioritario non ofrece dúbida.

Con respecto a *vivir, viver*, a segunda é a forma antiga, pero xa no século XIV empezan a documentarse formas como *viviu,* que poden supor un infinitivo *vivir.* Nin na fala actual nin na literatura galega moderna aparecen testemuños de *viver,* de non ser como portuguesismo consciente. A neutralización fonolóxica de *b/v*, xa antiga en galego, fixo imposible que prosperase a solución *vever* (paralela á de *decer*) e mesmo a de *vevir* (paralela a *decir*) (ambas documentadas por Huber), porque darían lugar a homonimias ocasionalmente embarazosas; formas do tipo *vevía, vevías* (que son o resultado da disimilación de *vivía, vivías* etc., e posiblemente non copretéritos dos escasos *vever* e *vevir*), non deron callado. Con vistas a propoñer unha forma normativa vale tamén o dito a propósito de *dicir* e *escribir*, coa vantaxe de que neste caso non hai senón unha solución moderna: *vivir*.

***Dis, di, din.*** Na fala viva hai fundamentalmente dous dominios: *dices, dice, dicen,* que ocupa todo o galego oriental e puntos illados no S de Pontevedra, e *dis, di, din*, que ocupa A Coruña e Pontevedra e o occidente de Lugo e de Ourense. Na época medieval as formas correspondentes eran *dizes, dize* ou *diz, dizen*, de onde proceden as do portugués moderno.

As formas apocopadas son xenuinamente galegas e xustifícanse da seguinte maneira: a forma antiga *diz* (de 3ª p. sing.) reduciuse a *di* por analoxía con *dá* (nótese que *dicir* e *dar* teñen unha base morfolóxica común en varias formas: *direi* = *darei, diría* = *daría, di* = *dá* etc.). Nas zonas de seseo final, hai unha causa coadxuvante: despois da desafricación e do enxordecemento do *-z, diz* quedaba convertida en **dis*, que foi interpretada como *di* + *-s*, cunha desinencia *-s* insólita nunha terceira persoa; por iso foi reducida a *di* (isto é, *di* + -∅). Non é, sen dúbida, casual que as formas *dis, di, din* aparezan na área de seseo final (hoxe propagadas contra oriente) e *dices, dice, dicen* onde non o hai.

Por seren maioritarias xeográfica e demograficamente, tradicionais na escrita moderna e homólogas a *fas, fai, fan* (vide 17.3.8), *dis, di, din* son as formas escollidas como normativas.

## 17.3.6. *Doer* (vide 17.2.4.3)

## 17.3.7. *Estar*

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| estou<br>estás<br>está<br>estamos<br>estades<br>están | estaba<br>estabas<br>estaba<br>estabamos<br>estabades<br>estaban | estea<br>esteas<br>estea<br>esteamos<br>esteades<br>estean | está<br><br><br>estade |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| estiven<br>estiveches<br>estivo<br>estivemos<br>estivestes<br>estiveron | estivera<br>estiveras<br>estivera<br>estiveramos<br>estiverades<br>estiveran | estivese<br>estiveses<br>estivese<br>estivésemos<br>estivésedes<br>estivesen | estivese<br>estiveses<br>estivese<br>estivésemos<br>estivésedes<br>estivesen |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| estarei<br>estarás<br>estará<br>estaremos<br>estaredes<br>estarán | estaría<br>estarías<br>estaría<br>estariamos<br>estariades<br>estarían | estiver<br>estiveres<br>estiver<br>estivermos<br>estiverdes<br>estiveren | INF.<br>estar<br>XER.<br>estando<br>PART.<br>estado |

Os verbos *arrestar, contrastar, obstar, prestar, restar,* derivados latinos de STARE, por seren hoxe semanticamente opacos, son totalmente regulares: *resto, restaba, restei...*



***Estar, tar.*** No galego oral existen dúas variantes, repartidas xeograficamente: a forma plena *estar,* moito máis estendida, e a forma con aférese *tar.* A forma plena é a normativa.

***Estea, esteas*** etc. Na fala actual hai fundamentalmente dous resultados: *(es)teña, (es)teñas, (es)teña,* que ocupa un dominio comprendido por unha liña que, partindo de Ribadeo, baixa ata Carballedo (Lugo) e volve a subir ata a ría da Coruña; o resto de Galicia di *(es)tea, (es)teas, (es)tea* etc. Na zona oriental exterior hai restos de *(es)tía, (es)tías, (es)tía* etc.; na provincia de Ourense hai puntos illados de *esté, estés, esté* (case sempre convivindo con *estea*); en dous puntos da raia limega hai *estexa, estexas* [3], como en portugués. Na época medieval non se documenta senón *esté, estés, esté*. Estas formas son as que responden ás latinas STEM, STES, STET, STEMUS, STETIS, STENT. *(Es)tía, (es)tías, (es)tía* correspóndense cunha forma protorrománica *STEAM, *STEAS, *STEAT etc., que se conserva tamén no romanés (3ª sg. *să stea*, 3ª pl. *să stea*), no italiano (*stia, stia, stia, stiamo, stiate, stiano*) e no occitano antigo (*estía, estías, estía, estían*); nótese o paralelismo con *día, días* etc. As formas *(es)teña, (es)teñas* etc. son analóxicas de *teña,* do verbo *ter; estexa* é analóxica de *sexa*; e *(es)tea* é xerada polo mesmo procedemento mencionado antes para *dea* (vide 17.3.4): *(es)te-* considérase radical (como *le-,* de *ler*) e increméntaselle un sufixo modo-temporal *a* (como *le-a*); igual ocorrera xa na época latina: a *ste-* engadíuselle o sufixo modo-temporal de FIAM.

Aínda que todas as formas son xeradas polo propio galego, escóllese *estea* como normativa por ser a que ocupa unha área maior.

## 17.3.8. *Facer*

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| fago | facía | faga | |
| fas | facías | fagas | fai |
| fai | facía | faga | |
| facemos | faciamos | fagamos | |
| facedes | faciades | fagades | facede |
| fan | facían | fagan | |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| fixen | fixera | fixese | facer |
| fixeches | fixeras | fixeses | faceres |
| fixo | fixera | fixese | facer |
| fixemos | fixeramos | fixésemos | facermos |
| fixestes | fixerades | fixésedes | facerdes |
| fixeron | fixeran | fixesen | faceren |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| farei | faría | fixer | INF. |
| farás | farías | fixeres | facer |
| fará | faría | fixer | XER. |
| faremos | fariamos | fixermos | facendo |
| faredes | fariades | fixerdes | PART. |
| farán | farían | fixeren | feito |

Conxúganse do mesmo xeito os derivados de *facer* (*afacer, desfacer, refacer, satisfacer*).

***Fas, fai, fan.*** No galego actual danse basicamente dúas solucións: *fas, fai, fan,* que ocupa a provincia da Coruña e Pontevedra e case todo Lugo e Ourense, e *fais, fai, fain* nunha franxa estreita que comprende o oriente de Lugo e Ourense e o galego exterior. Na época medieval documéntanse, fundamentalmente, *fazes, faze* ou *faz, fazen*; no imperativo (2ª sing.) *faz, fas* ou *fais.*

Houbo varias forzas colaborando simultaneamente na transformación das formas antigas nas modernas: *faz* (3ª sing.), nas zonas onde *cruz* dá *crus,* converteríase en **fas* (*el fas*), que era unha terceira persoa insólita, pois acababa



en -*s*, en contra do habitual; igualmente insólito era que a 2ª sing. do imperativo acabase en -*s* (*fas* ou *fais*), cando o normal é que acabe tamén en -Ø; por outra parte estaba o futuro *farei,* en que hai unha segunda raíz *fa-* (fronte ao *faz-* esperado). O resultado foi a nivelación destas persoas coas do verbo *haber,* que semanticamente é afín; así, segundo *has, hai, han* resultaron *fas, fai, fan*. Na zona oriental, seguindo a proporción *fai = poi* ('el pon'), creáronse as formas analóxicas *fais* (= *pois*) e *fain* (= *poin*).

Escóllense como normativas as formas *fas, fai, fan*, por seren as de maior extensión xeográfica e estaren xa consagradas pola tradición escrita moderna.

***Fixen, fixera, fixese, fixer.*** Na fala actual ao lado da raíz maioritaria *fix-* (*fixen, fixeches, fixo, fixemos..., fixera..., fixese..., fixer...*), que ocupa toda a provincia da Coruña, Pontevedra case íntegra e a maior parte das provincias de Lugo e Ourense, hai tamén unha raíz *fiz-* (*ficen, ficeche(s), fizo, ficemos..., ficera..., ficese..., ficer...*), propia de puntos do galego oriental; e *fig-* (*figuen, figueche(s), figo, figuemos..., figuera..., figuese..., figuer...*), en puntos illados de Ourense, especialmente no SO. Aínda hai outras posibilidades, pero teñen unha representación escasa (*fex-, fez-* etc.). Nos textos medievais o paradigma máis común era *fiz, feziste, fez(o), fezemos..., fezera..., fezesse..., fezer...;* como formas innovadoras aparecen documentadas xa no século XIII *eu fige* e *eu fix* e ademais a raíz *fiz-* (en vez de *fez-*) en varias persoas, á parte da primeira do singular do pretérito.

As formas galegas modernas coa raíz *fiz-* continúan o paradigma medieval; as que teñen a raíz *fix-* débense a unha innovación galega motivada por unha analoxía cos antigos *quige, quigeste, quijo*. Esta analoxía reforzouse no momento en que as antigas formas *disse, disseste, disso* pasaron a *dixen, dixeches, dixo,* xa na Idade Media. O criterio de área maior aconsella escoller como normativas *fixen* etc., consagradas xa pola tradición escrita moderna.

### 17.3.9. *HABER*

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| hei<br>has<br>ha, hai<br>habemos<br>habedes<br>han | había<br>habías<br>había<br>habiamos<br>habiades<br>habían | haxa<br>haxas<br>haxa<br>haxamos<br>haxades<br>haxan | <br>---<br><br><br>---<br> |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| houben<br>houbeches<br>houbo<br>houbemos<br>houbestes<br>houberon | houbera<br>houberas<br>houbera<br>houberamos<br>houberades<br>houberan | houbese<br>houbeses<br>houbese<br>houbésemos<br>houbésedes<br>houbesen | haber<br>haberes<br>haber<br>habermos<br>haberdes<br>haberen |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| haberei<br>haberás<br>haberá<br>haberemos<br>haberedes<br>haberán | habería<br>haberías<br>habería<br>haberiamos<br>haberiades<br>haberían | houber<br>houberes<br>houber<br>houbermos<br>houberdes<br>houberen | INF.<br>haber<br>XER.<br>habendo<br>PART.<br>habido |

***Habemos, habedes.*** Na lingua oral hai basicamente dous resultados: *habemos, habedes* e *hemos, hedes*. Estas dúas últimas formas aparecen dispersas un pouco por todo o dominio lingüístico galego, ás veces convivindo con *habemos, habedes*; a súa densidade maior dáse na zona oriental. Na lingua antiga predominan as formas plenas.

A aparición das formas reducidas é facilmente xustificable se temos en conta que o futuro as pide: as formas comúns *cantarei, cantarás, cantará, cantarán = hei, has, ha, han* pide tamén a nivelación de *habemos, habedes* con *cantaremos, cantaredes*, e polo tanto o resultado *hemos, hedes.*



Tanto *hemos* coma *habemos* son galegas, pero o seren máis tradicionais e teren unha extensión maior fai preferibles as formas sen reducir, coa mesma raíz do resto do paradigma.

### 17.3.10. *Ir*

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| vou<br>vas<br>vai<br>imos<br>ides<br>van | ía<br>ías<br>ía<br>iamos<br>iades<br>ían | vaia<br>vaias<br>vaia<br>vaiamos<br>vaiades<br>vaian | <br>vai<br><br>vamos<br>ide<br> |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| fun<br>fuches<br>foi<br>fomos<br>fostes<br>foron | fora<br>foras<br>fora<br>foramos<br>forades<br>foran | fose<br>foses<br>fose<br>fósemos<br>fósedes<br>fosen | ir<br>ires<br>ir<br>irmos<br>irdes<br>iren |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| irei<br>irás<br>irá<br>iremos<br>iredes<br>irán | iría<br>irías<br>iría<br>iriamos<br>iriades<br>irían | for<br>fores<br>for<br>formos<br>fordes<br>foren | INF.<br>ir<br>XER.<br>indo<br>PART.<br>ido |

O verbo derivado latino *preterir* carece de motivación semántica; nas persoas en que non é defectivo conxúgase como *advertir* (17.2.5.2.1), e non como derivado de *ir*.

***Imos, vamos, ides, vades.*** Na fala actual séntense as formas *imos / vamos* por todo o territorio galego, distribuídas, sen formaren áreas compactas, nunha proporción similar. A parella *ides / vades* non ten unha distribución simétrica da anterior, pois hai predominio de *ides*; os *vades* están

dispersos por todo o territorio, pero abundan máis na zona oriental. Na lingua antiga non hai senón *imos, ides*.

As formas *vamos, vades* adoitan explicarse por castelanismo e poida que haxa algo de interferencia do castelán en transferir estas formas do presente de subxuntivo ao presente de indicativo. Probablemente a interferencia co castelán explique tamén que na fala viva sexa máis abundante *vamos* ca *vades* (porque a primeira é común co castelán e a segunda só parcialmente). Por esta razón, é mellor dar preferencia ás tradicionais e diferenciais *imos, ides*. Iso non quita que a forma *vamos* teña os seus usos específicos dentro do paradigma, pero non como presente de indicativo, senón como imperativo, e sometida por tanto ás mesmas regras de uso ca *vai* e *ide*.

***Ía, ías*** etc. No galego oral a forma *iba, ibas* etc. é a única en case todo o dominio lingüístico. A tradicional *ía, ías* etc. só se rexistra, xeralmente a carón de *iba, ibas* etc., no oeste e sur de Pontevedra, no SO de Ourense e nalgún punto de Zamora. A forma innovadora *iña, iñas* etc. (analóxica de *viña, viñas* etc.) é propia da área fisterrá. Nos textos medievais documéntase fundamentalmente *ía, ías* etc., pero tamén *iva, ivas* etc.

Adoita explicarse *iba, ibas* etc. como castelanismo, e realmente o feito de seren escasas estas formas nos textos antigos e abundaren na actualidade, cando aumentou a presión do castelán sobre o galego, son argumentos de peso en favor da hipótese castelanista. Así e todo, non se pode negar que a recuperación da forma *iba* tamén conta coa axuda doutros factores á parte da interferencia co castelán. Advirtamos que no propio castelán *iba* é unha forma anómala, que se salvou de pasar a **ía* pola mesma forza que fixo (ou axudou a) que o galego *ía* volvese a *iba*, ou mesmo se conservase. O galego *ía* (ou mesmo a forma castelá esperada, **ía*) resulta de escaso corpo fonético, e polo tanto necesitaba, como moitas formas do verbo *ir* en todas as linguas románicas, un reforzo; e o reforzo neste caso non podía ser outro que un elemento que estivese xa no propio copretérito: o sufixo modo-temporal *ba* (propio dos verbos da primeira) ou a terminación *-iña* do seu antónimo vir. Posiblemente non foi alleo á restauración de *ía* en *iba* ou *iña* (e á preservación de *iba* en castelán) o feito de haber outro *ía* (= *había*), funcionando en perífrases que non eran aínda definitivamente opacas: *cataría, cata-los-ía*. Ademais, hai outros datos para facer ver que non se pode acudir sen máis ao expediente fácil do castelanismo para explicar unha coincidencia moderna do galego co castelán; lembremos só que as formas *iba, ibas* etc. son tamén frecuentes nos dialectos do norte de Portugal, terra que ten estado máis libre do castelanismo do que a propia Lisboa ou Coímbra.

Mesmo tendo en conta a posibilidade de que *iba* sexa unha forma xerada polo propio galego, é mellor dar preferencia á tradicional, aínda que minoritaria, *ía*, libre de toda sospeita de interferencia.

***Fuches.*** No galego central e oriental a forma totalmente maioritaria é *fuche(s)*, mentres que no galego occidental se rexistran as formas *foste(s)* e *foche(s)* con innovación na vogal radical. No galego antigo a forma máis documentada (dentro da escaseza de documentacións) é *fuste*, con raíz *fu-* xustificada etimoloxicamente polo *-i* (*FUSTI). As formas modernas con *fo-* débense a unha nivelación analóxica con *fomos, fostes, foron, fora* etc. En consecuencia, por ser *fuches* maioritaria, tradicional e congruente coa solución *comiches* escollida e xustificada máis arriba (vide 17.1), debemos preferila como normativa.

***Fomos, fostes, fora, fose, for.*** A vogal radical de *fomos, fostes, foron, fora... fose..., for...* é sempre pechada, agás na maior parte dos falares da área asturiana, onde o timbre é aberto.

### 17.3.11. *Ler* (vide 17.2.4.5)

### 17.3.12. *Moer* (vide 17.2.4.3)

## 17.3.13. a) *Oír* (vide ademais 17.2.4.3)

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| oio<br>oes<br>oe<br>oímos<br>oídes<br>oen | oía<br>oías<br>oía<br>oïamos<br>oïades<br>oían | oia<br>oias<br>oia<br>oiamos<br>oiades<br>oian | oe<br>oíde |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| oín<br>oíches<br>oíu<br>oímos<br>oístes<br>oíron | oíra<br>oíras<br>oíra<br>oiramos<br>oirades<br>oíran | oíse<br>oíses<br>oíse<br>oísemos<br>oísedes<br>oísen | oír<br>oíres<br>oír<br>oírmos<br>oírdes<br>oíren |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| oirei<br>oirás<br>oirá<br>oiremos<br>oiredes<br>oirán | oiría<br>oirías<br>oiría<br>oiriamos<br>oiriades<br>oirían | oír<br>oíres<br>oír<br>oírmos<br>oírdes<br>oíren | INF.<br>oír<br>XER.<br>oíndo<br>PART.<br>oído |



## 17.3.13.b) *Ouvir*

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| ouzo<br>ouves<br>ouve<br>ouvimos<br>ouvides<br>ouven | ouvía<br>ouvías<br>ouvía<br>ouviamos<br>ouviades<br>ouvían | ouza<br>ouzas<br>ouza<br>ouzamos<br>ouzades<br>ouzan | ouve<br>ouvide |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| ouvín<br>ouviches<br>ouviu<br>ouvimos<br>ouvistes<br>ouviron | ouvira<br>ouviras<br>ouvira<br>ouviramos<br>ouvirades<br>ouviran | ouvise<br>ouvises<br>ouvise<br>ouvísemos<br>ouvísedes<br>ouvisen | ouvir<br>ouvires<br>ouvir<br>ouvirmos<br>ouvirdes<br>ouviren |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| ouvirei<br>ouvirás<br>ouvirá<br>ouviremos<br>ouviredes<br>ouvirán | ouviría<br>ouvirías<br>ouviría<br>ouviriamos<br>ouviriades<br>ouvirían | ouvir<br>ouvires<br>ouvir<br>ouvirmos<br>ouvirdes<br>ouviren | INF.<br>ouvir<br>XER.<br>ouvindo<br>PART.<br>ouvido |

***Oír, ouvir, ouguir.*** O latín AUDIRE no infinitivo e no resto das formas arrizotónicas (AUDIMUS, AUDIEBAM, AUDIVI...) resólvese nunha forma antiga *ouír* (*ouímos, ouía, ouí*...). Esta forma está documentada nos textos máis arcaicos do idioma e de maneira esporádica aínda no século XV. Pero a secuencia *ou* + vogal, aínda que común en casos de *sandhi* (*cantou a cántiga*), en interior de palabra resultaba de pronunciación incómoda e polo tanto inestable. A lingua ten que facer tres movementos sucesivos, *glissando*, sen apoio ningún no padal; e, ao facelo á velocidade normal da fala, tiveron lugar dous resultados diferentes. Un deles consistiu na redución do ditongo (*ouir* > *oír*), solución maioritaria xa no galego medieval; e o outro no reforzamento da fronteira silábica, mediante a introdución dunha consoante labial ([ow'iɾ] > [ow'βiɾ], que é a base de [ow'βiɾ]) ou velar ([ow'iɾ] > [ow'ɣwiɾ] ou [ow'ɣiɾ]).

Todas estas formas están representadas na fala actual: *ouír* vive nunha área compacta no interior de Pontevedra, en puntos da área fisterrá e da asturiana e nalgúns outros illados; *ouguir* é forma exclusiva de puntos do galego de Asturias, mentres que *ouvir* é propia de puntos pontevedreses do Baixo Miño e do Condado, dunha franxa en terras ourensás ao longo da raia de Portugal e do galego de Zamora, amais de ser forma característica do portugués. Estatisticamente na fala actual *oír* está fronte ás outras solucións todas, nunha proporción de 10:1. Xeograficamente *oír* é máis ben lucense (en termos romanos), o mesmo que *choer, loar, goír, Goián, coella* etc. e *ouvir* é máis ben bracarense, igual que *chouvir, louvar, gouvir, Gouvián, couve* etc.; *grosso modo*, porque non todas as palabras citadas están documentadas en toda a xeografía de Galicia e Portugal, nin a fronteira da forma setentrional e meridional coincide en todas elas. Por razóns de representatividade demográfica e de tradición histórica e literaria admítense normativamente *oír* e *ouvir*. Advírtase que, por coherencia, non deben mesturarse formas dos dous paradigmas.

***Oio, ouzo.*** O que acabamos de dicir para *oír* e para as outras formas arrizotónicas vale tamén para *oes, oe, oen* (fronte a *ouves, ouve, ouven*). Tanto nos textos antigos coma na fala actual hai correspondencia absoluta. Pero outra cousa diferente son a primeira persoa do presente de indicativo e o presente de subxuntivo enteiro. Neste caso, aínda que na fala actual hai, en termos xerais, unha correspondencia xeográfica entre *oio* e *oír, ouvo* e *ouvir, ozco* e *ouguir,* esta correspondencia non é antiga, senón moderna, establecida por vía analóxica (menos no caso de *ozco, ozca*, que proceden de AUDISCO, AUDISCAM). O galego medieval, na medida en que nos é coñecido, non ofrece senón *ouço, ouça, ouças* etc., que son o resultado fonético esperado de AUDIO, AUDIAM, AUDIAS etc. As formas medievais pronunciadas hoxe *ouzo* ou *ouso, ouza* ou *ousa* etc., viven aínda pola banda de Fisterra, ao occidente dunha liña que se trace desde Malpica a Outes (en case todos os puntos convivindo xa con *oio, oia* etc.); tamén hai restos de *ouzo* e *ouso* en Pontevedra, pero xa sen formaren áreas compactas.

Certamente, a conxugación *ouço, oes, oe, oímos..., oía..., oí(n)..., oíra..., ouça..., oísse...* ou ben *ouço, ouves, ouve, ouvimos..., ouvía..., ouví(n)..., ouvira..., ouça..., ouvisse...* era irregular; *oes, oe, oímos* ou *ouves, ouve, ouvimos*



non fan previsible que a forma da primeira persoa poida ser *ouço* (hoxe *ouzo*). Por esa razón se regularizou maioritariamente en *oio*, conforme a *oes, oe, oímos* etc., ou en *ouvo*, conforme a *ouves, ouve, ouvimos* etc., precisamente da mesma maneira que se regularizaron *posso, arço, menço, perço, peço, coñosco* etc. en *podo, ardo, minto, perdo, pido, coñezo* (conforme a *podes, ardes, mintas, perdes, pides, coñeces*).

## 17.3.14. *PARIR*

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| pairo<br>pares<br>pare<br>parimos<br>parides<br>paren | paría<br>parías<br>paría<br>pariamos<br>pariades<br>parían | paira<br>pairas<br>paira<br>pairamos<br>pairades<br>pairan | pare<br>paride |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| parín<br>pariches<br>pariu<br>parimos<br>paristes<br>pariron | parira<br>pariras<br>parira<br>pariramos<br>parirades<br>pariran | parise<br>parises<br>parise<br>parísemos<br>parísedes<br>parisen | parir<br>parires<br>parir<br>parirmos<br>parirdes<br>pariren |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| parirei<br>parirás<br>parirá<br>pariremos<br>pariredes<br>parirán | pariría<br>parirías<br>pariría<br>paririamos<br>paririades<br>parirían | parir<br>parires<br>parir<br>parirmos<br>parirdes<br>pariren | INF.<br>parir<br>XER.<br>parindo<br>PART.<br>parido |

## 17.3.15. *Poder*

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| podo<br>podes<br>pode<br>podemos<br>podedes<br>poden | podía<br>podías<br>podía<br>podiamos<br>podiades<br>podían | poida<br>poidas<br>poida<br>poidamos<br>poidades<br>poidan | <br>pode<br><br><br>podede<br> |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| puiden<br>puideches<br>puido<br>puidemos<br>puidestes<br>puideron | puidera<br>puideras<br>puidera<br>puideramos<br>puiderades<br>puideran | puidese<br>puideses<br>puidese<br>puidésemos<br>puidésedes<br>puidesen | poder<br>poderes<br>poder<br>podermos<br>poderdes<br>poderen |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| poderei<br>poderás<br>poderá<br>poderemos<br>poderedes<br>poderán | podería<br>poderías<br>podería<br>poderiamos<br>poderiades<br>poderían | puider<br>puideres<br>puider<br>puidermos<br>puiderdes<br>puideren | INF.<br>poder<br>XER.<br>podendo<br>PART.<br>podido |

***Podo, poida.*** No galego actual hai basicamente os resultados seguintes:

| PRES. IND. | PRES. SUBX. |
|---|---|
| *podo* [ˈɔ] | *poda, podas* etc. [ˈɔ] |
| *poido* [ˈɔ] | *poida, poidas* etc. [ˈɔ] |
| *podio* [ˈɔ] | *podia, podias* etc. [ˈɔ] |
| *podo* [ˈo] | *poda, podas* etc. [ˈo] |
| *poido* [ˈo] | *poida, poidas* etc. [ˈo] |
| | *podia, podias* etc. [ˈo] |

A distribución xeográfica destas formas é bastante anárquica. Por outra parte, non sempre hai congruencia entre o presente de indicativo e o de subxuntivo: non sempre a *podo* lle corresponde *poda* etc. Na primeira persoa do



presente de indicativo a forma maioritaria é *podo*; no presente de subxuntivo a forma correspondente, *poda, podas* etc. [ˈɔ], rexístrase aproximadamente na quinta parte do territorio galego, formando unha área compacta no NO (fisterrán) e no SL de Galicia. *Poido* [ˈɔ] e *poido* [ˈo] aparecen, de modo disperso, no N de Galicia e en escasos puntos illados doutras zonas; *poida* [ˈɔ] e *poida* [ˈo] ocupan unha gran franxa transversal aos lados dun eixe que vai desde Ortegal á Guarda. *Podio* [ˈɔ] e *podia* [ˈɔ], *podia* [ˈo] son formas surorientais (e, en xeral, non exclusivas, senón concorrentes con outras).

No galego medieval as únicas formas documentadas son *posso, possa, possas* etc., que continúan o lat. POSSUM e *POSSAM (por POSSIM) etc. Delas non queda resto ningún no galego moderno.

Todas as formas modernas se deben a nivelacións analóxicas, pero non co paradigma regular (que regularizaría este verbo en *podo* [ˈo], *podes* [ˈɔ], *pode* [ˈɔ]... *poda* [ˈo], *podas* [ˈo] etc.), senón partindo do propio paradigma e do paradigma do verbo tamén modal *querer*. Así, *podo* [ˈɔ] con vogal radical aberta, coma *podes* [ˈɔ] e *quero* [ˈɛ]; *poida* [ˈɔ] e *poida* [ˈo], con iode coma *queira*. Como todas son formas xeradas polo galego, a escolla faise segundo o criterio de área maior. Por tanto *podo* [ˈɔ] e *poida, poidas* etc. [ˈɔ] (para o cambio da antiga forma *posso* en *podo* vide 17.3.13, nota *oio, ouzo*).

***Puiden, puidera, puidese, puider***. No galego actual o radical *puid-* (máis raramente *poid-*) forma unha zona compacta que abrangue a parte centro--setentrional da Coruña e de Lugo e todo o galego de Asturias (agás as terras de Ibias), mentres que *pud-* é o radical xeral do resto do dominio lingüístico galego, con algunhas áreas espalladas de *puid-*, tanto en Pontevedra (terras de Mondariz e Ponteareas) coma en Ourense (terras de Verín e Cualedro).

No galego medieval rexístranse as formas seguintes: *(eu) puide ~ poide* [o] *~ pudi ~ pude; (tu) podischi ~ podiste ~ podeste; (el) pode* [o] *~ podo* [o] *~ pude ~ pudo; (nós) podemos; (vós) podestes, (eles) poderon; podera, podesse, poder* (o timbre vocálico de *o* deducímolo filoloxicamente). Da súa distribución xeográfica non hai aínda datos, pero pódese supoñer que hai algunhas formas (*puide, pudo*) que eran exclusivamente galegas.

O que se pode comprobar cos datos modernos é que se produciu unha propagación analóxica de vocalismo da raíz da primeira persoa do pretérito (como sucedeu noutros casos: *fixe(n), tive(n), puxe(n)* etc.); esta propagación partiu unhas veces de *puide(n)* e outras de *pude(n)*. Desta nivelación o portugués salvou a terceira persoa do pretérito (*ele pôde*); o galego non salvou nada.

Con vistas a unha escolla normativa calquera das formas é aceptable. *Puden, pudeches, pudo* etc. ten a seu favor ocupar unha área maior; *puiden, puideches* etc. conta coa vantaxe de ser a forma máis utilizada na tradición escrita moderna, quizais por ser diferencial con respecto á correspondente castelá. Esta é a razón que leva a adoptala como normativa.

***Poderei*** (vide 17.3.1).

### 17.3.16. a) *Poñer*

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| poño<br>pos<br>pon<br>poñemos<br>poñedes<br>poñen | poñía<br>poñías<br>poñía<br>poñiamos<br>poñiades<br>poñían | poña<br>poñas<br>poña<br>poñamos<br>poñades<br>poñan | pon<br><br>poñede |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| puxen<br>puxeches<br>puxo<br>puxemos<br>puxestes<br>puxeron | puxera<br>puxeras<br>puxera<br>puxeramos<br>puxerades<br>puxeran | puxese<br>puxeses<br>puxese<br>puxésemos<br>puxésedes<br>puxesen | poñer<br>poñeres<br>poñer<br>poñermos<br>poñerdes<br>poñeren |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| poñerei<br>poñerás<br>poñerá<br>poñeremos<br>poñeredes<br>poñerán | poñería<br>poñerías<br>poñería<br>poñeriamos<br>poñeriades<br>poñerían | puxer<br>puxeres<br>puxer<br>puxermos<br>puxerdes<br>puxeren | INF.<br>poñer<br>XER.<br>poñendo<br>PART.<br>posto |



### 17.3.16. b) *Pór*

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| poño<br>pos<br>pon<br>pomos<br>pondes<br>pon | puña<br>puñas<br>puña<br>puñamos<br>puñades<br>puñan | poña<br>poñas<br>poña<br>poñamos<br>poñades<br>poñan | pon<br><br>ponde |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| puxen<br>puxeches<br>puxo<br>puxemos<br>puxestes<br>puxeron | puxera<br>puxeras<br>puxera<br>puxeramos<br>puxerades<br>puxeran | puxese<br>puxeses<br>puxese<br>puxésemos<br>puxésedes<br>puxesen | pór<br>pores<br>pór<br>pormos<br>pordes<br>poren |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| porei<br>porás<br>porá<br>poremos<br>poredes<br>porán | poría<br>porías<br>poría<br>poriamos<br>poriades<br>porían | puxer<br>puxeres<br>puxer<br>puxermos<br>puxerdes<br>puxeren | INF.<br>pór<br>XER.<br>pondo<br>PART.<br>posto |

Conxúganse igual que *poñer* e *pór* os seus derivados, tanto os formados con prefixos cultos coma cos populares. Así, os formados con *ante-, a-, com-, contra-, de-, descom-, dis-, ex-, im-, indis-, o-, predis-, presu-, pro-, re-, recom-, su-, super-, tras-, xusta-.*

***Pór, poñer.*** Na fala viva hai basicamente dous resultados: *pór* e *poñer*. *Pór* rexístrase na maior parte de Ourense e Pontevedra, nalgúns puntos illados da Coruña e Lugo e no galego de Zamora. *Poñer* ocupa o resto do dominio lingüístico. Formas arcaicas do tipo *poer* persisten no galego de Asturias. Conguentemente, a mesma área que *pór* ocúpana *pomos, pondes; puña, puñas, puña, puñamos, puñades, puñan; ponde; porei, porás* etc.; *poría, porías* etc.; *pondo*. A mesma área que *poñer* ocúpana *poñemos, poñedes; poñía, poñías,*

*poñía, poñiamos, poñiades, poñían; poñede; poñerei, poñerás* etc.; *poñería, poñerías* etc.; *poñendo*.

Na época medieval non hai senón *põér; põémos, põédes; põía* etc., sempre acentuadas na desinencia. Destas formas, por motivos analóxicos diversos, orixináronse os resultados duplos citados antes. Por unha parte, segundo a equivalencia *poño = teño, pões = tẽes, põe = tẽe, põen = tẽen, poña = teña, poñas = teñas* etc., creouse un infinitivo acentuado na raíz, *pór = tér (< tẽér)*, e así o resto das formas da primeira serie: *pomos = temos, pondes = tendes* etc. (nótese que *ter, temos, tendes* etc. eran orixinariamente tamén formas arrizotónicas: *tẽér, tẽémos, tẽédes* etc., pero aquí a crase vocálica está xustificada por seren vogais idénticas). Neste proceso de redución de *-oé-* > *-ó-* (*poémos* > *pómos*), que tamén se dá en portugués, aínda hai unha forza máis a colaborar, naquelas zonas do galego en que *-ões* se reduce a *-ós* (*calções > calzós; pões > pos*): esta forza reside nas equivalencias do tipo *pos = dás*, que provocan que a equivalencia se estenda a *pór, pomos* (= *dar, damos*). Por outra parte, dos presentes *poño, poña, poñas* etc. extraeuse unha raíz *poñ-* que se xeneralizou ao resto das formas arrizotónicas do tema de presente: *poñer, poñemos, poñendo, poñerei* etc.

Un caso algo especial constitúeo o copretérito. As formas medievais eran *põía ~ poĩa ~ poíña ~ puíña*. Estes dous últimos resultados tiñan un hiato *-oí-*, *-uí-* habitual no galego (cf. *moíño* e *muíño*). A substitución de *poíña* (~ *puíña*), *poíñas* (~ *puíñas*) etc., por *poñía, poñías* etc., é tamén analóxica, similar á de *põer, põemos* por *poñer, poñemos*. En troques, ao paso a *puña, puñas* etc. puido contribuír tamén a analoxía con *tiña, tiñas* etc. (lémbrese que a analoxía co verbo *ter* foi a que provocou tamén o paso de *poér* > *pór, poemos* > *pomos*, como se indicou máis arriba).

Desde un punto de vista normativo calquera dos resultados (*pór* e *poñer*, *pomos* e *poñemos* etc.) é aceptable, porque ambos os dous son galegos. Xeograficamente a extensión de *pór* é algo máis reducida ca a de poñer; en troques, historicamente, a solución *pór* é a máis documentada. Parece recomendable darlle preferencia a *poñer*, que é máis produtivo como base para formar derivados (*poñedora*, pero non **podora*).



***Pos, pon, poñen***. As formas do presente de indicativo de 2ª e 3ª persoas de singular e 3ª de plural teñen a vogal tónica aberta [ˈɔ].

***Poñerei*** (vide 17.3.1).

### 17.3.17. *Pracer*

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| prazo<br>praces<br>prace<br>pracemos<br>pracedes<br>pracer | pracía<br>pracías<br>pracía<br>praciamos<br>praciades<br>pracían | praza<br>prazas<br>praza<br>prazamos<br>prazades<br>prazan | prace<br><br>pracede |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| prouguen<br>prougueches<br>prougo<br>prouguemos<br>prouguestes<br>prougueron | prouguera<br>prougueras<br>prouguera<br>prougueramos<br>prouguerades<br>prougueran | prouguese<br>prougueses<br>prouguese<br>prouguésemos<br>prouguésedes<br>prouguesen | pracer<br>praceres<br>pracer<br>pracermos<br>pracerdes<br>praceren |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| pracerei<br>pracerás<br>pracerá<br>praceremos<br>praceredes<br>pracerán | pracería<br>pracerías<br>pracería<br>praceriamos<br>praceriades<br>pracerían | prouguer<br>prougueres<br>prouguer<br>prouguermos<br>prouguerdes<br>prougueren | INF.<br>pracer<br>XER.<br>pracendo<br>PART.<br>pracido |

Os derivados *apracer, compracer* e *despracer* son regulares en todo o paradigma.

***Pracer.*** Este verbo non pertence senón a un rexistro literario elevado. Coloquialmente foi substituído por *gustar, agradar* e outros verbos ou expresións sinónimas. Case sempre é unipersoal, o mesmo ca os seus derivados.

***Prace, praz*** (vide 17.2.3).

***Prougo, prouguera, prouguese, prouguer***. A pouca frecuencia de uso deste verbo fai que a mecánica da lingua tenda a facelo fraco nos tempos de perfecto (como lles ocorreu a outros perfectos fortes antigos: *adusse* > *aducín*); é dicir, a conxugalos regularmente: *praceu, pracera* etc. Pero xa que é un verbo que pertence a un rexistro culto e se usa conscientemente como arcaísmo, é preferible manter as formas antigas maioritarias, tal como figuran no paradigma proposto. En portugués moderno *prougue* etc. consolidouse como *prouve* etc. (por analoxía con *houve*). Pero en galego, aínda que hoxe xa non se rexistre na fala, *prougo* etc. debeu ter unha vitalidade moi considerable, mesmo despois do século XV. Doutra maneira non se explicaría como o pretérito tradicional de *traer* (que aínda no século XV era case exclusivamente *trouxe, trouxeste* etc.) puido xerar en galego moderno unha forma *trouguen, trougueches* etc., que se dá en case todo o dominio lingüístico ao lado da forma tradicional (*trouxen*); este *troug-* é analóxico de *proug-*. Por esta razón é preferible, de usar o arcaísmo, adoptar a forma histórica galega *prougo*.

### 17.3.18. *Querer*

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| quero<br>queres<br>quere<br>queremos<br>queredes<br>queren | quería<br>querías<br>quería<br>queriamos<br>queriades<br>querían | queira<br>queiras<br>queira<br>queiramos<br>queirades<br>queiran | quere<br><br>querede |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| quixen<br>quixeches<br>quixo<br>quixemos<br>quixestes<br>quixeron | quixera<br>quixeras<br>quixera<br>quixeramos<br>quixerades<br>quixeran | quixese<br>quixeses<br>quixese<br>quixésemos<br>quixésedes<br>quixesen | querer<br>quereres<br>querer<br>querermos<br>quererdes<br>quereren |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| quererei<br>quererás<br>quererá<br>quereremos<br>querereredes<br>quererán | querería<br>quererías<br>querería<br>quereriamos<br>quereriades<br>quererían | quixer<br>quixeres<br>quixer<br>quixermos<br>quixerdes<br>quixeren | INF.<br>querer<br>XER.<br>querendo<br>PART.<br>querido |



Os derivados cultos de *querer* (*adquirir, inquirir, requirir*) son inmotivados semanticamente; seguen por tanto a lei xeral de incorporación de verbos cultos (vide 17.2.6).

***Quero, queres, quere, queren***. A vogal radical das 1ª, 2ª e 3ª persoas do singular e da 3ª de plural do presente de indicativo ten timbre aberto [ɛ].

***Quererei*** (vide 17.3.1).

### 17.3.19. *Rir* (vide 17.2.4.5)

### 17.3.20. *Roer* (vide 17.2.4.3)

### 17.3.21. *Saber*

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| sei<br>sabes<br>sabe<br>sabemos<br>sabedes<br>saben | sabía<br>sabías<br>sabía<br>sabiamos<br>sabiades<br>sabían | saiba<br>saibas<br>saiba<br>saibamos<br>saibades<br>saiban | sabe<br><br>sabede |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| souben<br>soubeches<br>soubo<br>soubemos<br>soubestes<br>souberon | soubera<br>souberas<br>soubera<br>souberamos<br>souberades<br>souberan | soubese<br>soubeses<br>soubese<br>soubésemos<br>soubésedes<br>soubesen | saber<br>saberes<br>saber<br>sabermos<br>saberdes<br>saberen |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| saberei<br>saberás<br>saberá<br>saberemos<br>saberedes<br>saberán | sabería<br>saberías<br>sabería<br>saberiamos<br>saberiades<br>saberían | souber<br>souberes<br>souber<br>soubermos<br>souberdes<br>souberen | INF.<br>saber<br>XER.<br>sabendo<br>PART.<br>sabido |

Para a xustificación de certas escollas, véxase o dito a propósito de *caber* en 17.3.1.

### 17.3.22. *Saír* (vide 17.2.4.3 e 17.3.1, *caberei*)

### 17.3.23. *Ser*

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| son | era | sexa | |
| es [ɛ] | eras | sexas | sé |
| é [ɛ] | era | sexa | |
| somos | eramos | sexamos | |
| sodes | erades | sexades | sede |
| son | eran | sexan | |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| fun | fora | fose | ser |
| fuches | foras | foses | seres |
| foi | fora | fose | ser |
| fomos | foramos | fósemos | sermos |
| fostes | forades | fósedes | serdes |
| foron | foran | fosen | seren |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| serei | sería | for | INF. |
| serás | serías | fores | ser |
| será | sería | for | XER. |
| seremos | seriamos | formos | sendo |
| seredes | seriades | fordes | PART. |
| serán | serían | foren | sido |

O verbo defectivo *sobreser*, por ser inmotivado semanticamente, é regular nos tempos e persoas en que se conxuga (vide 17.2.4.5).

***Es.*** No occidente de Pontevedra, e na maior parte do galego oriental dise *eres* para a segunda persoa de singular do presente de indicativo. No resto do dominio galego dise *es* (en concorrencia algunha vez con *eres*). No galego antigo documéntanse escasamente tanto *es*, coma *eres* (ou *sees*). Aínda que *eres* fose unha forma galega (que non é descartable), o criterio de área maior e o de forma tradicional fan preferible *es*.

***Fuches*** (vide 17.3.10).



***Sexa, sexas, sexa*** etc. Na fala actual é maioritario o paradigma *sea, seas, sea* etc.; ao lado deste hai tamén un paradigma *seña, señas* etc. (formado sobre *teña, teñas* etc.), que ocupa a metade N da provincia de Lugo e o NL da provincia da Coruña. Quedan tamén restos escasos de *sía, sías* etc., e *sexa, sexas* etc., estes últimos en puntos dispersos. Nos textos antigos documéntase *sea, seia, seja e sía* (con diferentes grafías). *Sea, seia* e *seja* proceden de SEDEAM, onde o -DE- [dj] deu lugar a un triplo resultado idéntico ao que se dá noutras palabras xenuinamente galegas (MEDIUM > ant. *meo*, MODIUM > *moio*, HODIE > ant. *hoje*); faltan estudos de dialectoloxía medieval que nos dean indicios de se este triplo resultado de SEDEAM tiña unha distribución xeográfica complementaria ou se podía atopar nun punto máis dunha forma; isto último é o máis probable tendo en conta que tamén hoxe se poden rexistrar nunha mesma localidade *raio* e *raxo, raiola* e *raxeira* (ou mesmo *raza* ou *razada*), *-ear* e *-exar* (*varear* e *varexar*). *Sía, sías* etc. representa un lat. vulgar *SIAM, *SIAS etc. (postulado tamén polo sardo, italiano, retorromânico, francés, occitano e catalán); que na actualidade se manteña aínda este arcaísmo (de ESSE e non de SEDERE) nunha zona arcaizante (en puntos do galego de Asturias) non resulta nada estraño, pois esta zona móstrase conservadora tamén en moitos outros aspectos.

Pero aínda que todas as formas puidesen ter unha xustificación fonética ou analóxica dentro do propio galego, o certo é que o éxito da forma actualmente maioritaria, *sea*, débelle moito á interferencia do castelán. É preferible adoptar como normativa *sexa*, oralmente minoritaria, pero libre de calquera influxo alleo; ademais, esta é a forma consagrada pola tradición escrita moderna.

### 17.3.24. *Ter*

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| teño | tiña | teña | |
| tes | tiñas | teñas | ten |
| ten | tiña | teña | |
| temos | tiñamos | teñamos | |
| tendes / tedes | tiñades | teñades | tede / tende |
| teñen | tiñan | teñan | |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| tiven | tivera | tivese | ter |
| tiveches | tiveras | tiveses | teres |
| tivo | tivera | tivese | ter |
| tivemos | tiveramos | tivésemos | termos |
| tivestes | tiverades | tivésedes | terdes |
| tiveron | tiveran | tivesen | teren |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| terei | tería | tiver | INF. |
| terás | terías | tiveres | ter |
| terá | tería | tiver | XER. |
| teremos | teriamos | tivermos | tendo |
| teredes | teriades | tiverdes | PART. |
| terán | terían | tiveren | tido |

Os derivados *abster, ater, conter, deter, entreter, manter, reter* e *soster* conxúganse igual que *ter*.

***Tende(s) / tede(s)***. A forma medieval *tẽedes* ou *tẽdes* (como *vĩdes* ou *vĩdes*) resolveuse en galego moderno nas formas duplas mencionadas, repartidas xeograficamente en zonas complementarias (como *gado / gando*). *Tendes* (e *vindes*) ocupa, aproximadamente case toda a provincia de Ourense (menos unha franxa ao N), case toda a provincia de Pontevedra (menos as terras de Lalín e os arredores) e, na provincia da Coruña, o que queda ao occidente dunha liña que una Ribadulla con Camariñas; *tedes* (e *vides*) ocupa o dominio complementario. A distribución xeográfica das formas do imperativo *tende* e *tede* é practicamente a mesma.



Tratándose de dúas formas galegas, de plena vitalidade, e de áreas aproximadamente iguais, normativamente son aceptables ambas.

***Teñen, ten.*** A forma medieval *tẽen* resólvese foneticamente no galego moderno en *ten* e *tein* e, por vía analóxica (propagando a raíz *teñ-* de *teño, teña* etc.), en *teñen* (paralelamente *vẽen* > *vén, vein, veñen*). *Tein* (e *vein*) ocupa a mesma franxa oriental que di *(coraz)-ois*; *teñen* (e *veñen*), o territorio galego complementario; dentro do dominio de *teñen* hai puntos illados de *ten* (e *vén*), máis densos no S e no O. Sen dúbida, houbo un tempo en que *ten* (e *vén*) ocupaba toda a parte complementaria de *tein* (e *vein*); pero o sincretismo *el ten / eles ten* (*el vén / eles vén*) favoreceu a propagación da forma analóxica *teñen* (*veñen*), que permite diferenciar a 3ª persoa de singular da 3ª de plural (nótese que *teñen* e *veñen* non aparecen nunca en territorio de *tein* e *vein*, porque nesta área seguen diferenciándose *el ten / eles tein, el vén / eles vein* de modo similar a como se facía na época medieval). Por esta razón e por ser a forma de maior vitalidade na lingua falada e escrita moderna, *teñen* (e *veñen*), aínda sendo unha forma innovadora, debe ser preferida como normativa.

***Tiven, tiveches, tivo, tivemos, tivestes, tiveron, tivera, tivese, tiver.*** No galego moderno hai fundamentalmente dúas raíces: *tiv-*, que se conserva en puntos dispersos por toda Galicia, máis densos nas provincias da Coruña e Pontevedra ca nas outras dúas; e *tuv-*, que aparece en todo o dominio lingüístico, exceptuados aqueles puntos en que sobrevive *tiv-* (pero, mesmo nestes, convivindo ás veces as dúas formas). No galego medieval a raíz era *tiv-, tev-* (*tive, teviste, tevo, tevemos, tevestes, teveron, tevera, tevesse, tever*); é pouco abundante a presenza de *touv-* e *tov-* (antecedente do moderno *tuv-*) nos textos antigos. Os radicais *tev-*, *touv-* e *tov-* rexístranse actualmente en puntos do galego de Asturias.

As bases latinas TENUI, TENUISTI etc. non deixaron ningún descendente fonético no galego antigo; en lugar das formas esperadas (quizais **tinve, *tenviste* etc., cf. *valve, valviste* etc. < VALUI, VALUISTI), encóntranse *tive, teviste* etc., analóxicas de *sive, seviste* etc., do verbo *seer*. A raíz *touv-* e *tov-* xurdiu por analoxía con *ouv-*, motivada pola parentela semántica entre *tẽer* e *aver*. Non é improbable que na aparición de *tov-* (e *tuv-*) tivese algo de res-

ponsabilidade a interferencia co castelán; tívoa, sen dúbida, no éxito moderno de *tuv-*. Por esta razón debemos preferir as formas tradicionais con raíz *tiv-*, aínda que sexan xa minoritarias.

***Terei*** (vide 17.3.1).

### 17.3.25. *Traer*

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| traio | traía | traia | |
| traes | traías | traias | trae |
| trae | traía | traia | |
| traemos | traïamos | traiamos | |
| traedes | traïades | traiades | traede |
| traen | traían | traian | |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| trouxen | trouxera | trouxese | traer |
| trouxeches | trouxeras | trouxeses | traeres |
| trouxo | trouxera | trouxese | traer |
| trouxemos | trouxeramos | trouxésemos | traermos |
| trouxestes | trouxerades | trouxésedes | traerdes |
| trouxeron | trouxeran | trouxesen | traeren |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| traerei | traería | trouxer | INF. |
| traerás | traerías | trouxeres | traer |
| traerá | traería | trouxer | XER. |
| traeremos | traeriamos | trouxermos | traendo |
| traeredes | traeriades | trouxerdes | PART. |
| traerán | traerían | trouxeren | traído |

Os derivados *abstraer, atraer, contraer, distraer, extraer, retraer* e *subtraer*, por seren semanticamente inmotivados, son regulares en todos os tempos: *distraio, distraía, distraín, distraera, distraerei, distraería, distraia, distraese, distraer* (vide 17.2.4.3).

***Traer, traio, traes..., traía..., traerei..., traería..., traia...*** No galego moderno o infinitivo máis común é *traer*, repartido por todo o territorio lingüístico;



disperso por todo o dominio, con bastante densidade aínda, aparece *traguer*; hai tamén algunha salpicadura de *traír* (sempre en concorrencia con *traer* e *traguer*) e unha pequena zona de *trer* no galego de Asturias. De modo paralelo, as formas arrizotónicas do tema de presente (excepto o presente de subxuntivo) teñen as variantes correspondentes: *traemos, traedes, traía... traendo; traguemos, traguedes, traguía... traguendo; traímos, traídes, traía... traíndo; tremos, tredes, tría... trendo*. Na primeira persoa do presente de indicativo e en todo o presente de subxuntivo rexístranse os temas *trai-* (*traio, traia, traias...*), formando unha área bastante compacta no galego occidental, e *traig-* (*traigo, traiga, traigas...*), constituíndo unha área tamén bastante compacta no galego oriental. Na 2ª e 3ª persoas de singular e na 3ª de plural do presente de indicativo rexístranse, espallados de maneira irregular por todo o dominio do galego, os temas seguintes: *tra-* (*ti tras* en 53 puntos dos 167 explorados para o *ALGa*; *el tra*, nun punto; e *eles tran*, en 50 puntos); *trai-* (*ti trais*, en 22 puntos; *el trai*, en 79; *eles train*, en 21); e *trae-* (*ti traes*, en 96; *el trae*, en 87; *eles traen*, en 108). Hai ademais algún esporádico *traies, traie, traien* e *tragues, trague, traguen*. Con frecuencia nun mesmo punto existen dúas ou tres formas concorrentes.

No galego medieval o verbo era *trager* (lat. *TRAGERE, postulado por todos os idiomas románicos). No tema de presente tiña dúas raíces: [traɣ-], para a primeira persoa do presente de indicativo e todo o presente de subxuntivo (*trago, traga, tragas, traga...*) e [traʒ-], para o resto (*trages, trage, tragemos, tragedes, tragen, tragía..., tragerei, trageria, trager, tragendo*). Só o imperativo tiña formas algo anómalas: *trei, treide.*

As solucións modernas xustifícanse por unha substitución analóxica en cadea entre os verbos *aduzer* (e *dizer*), *fazer* e *trager*:

1. As terminacións comúns *aduzer, aduzes, aduz(e), aduzemos* etc. (ou *dizer, dizes, diz(e), dizemos* etc.) = *fazer, fazes, faz(e), fazemos* etc. provocaron que *faço, faça, faças* etc. se transformasen en *fago, faga, fagas* etc., conforme a *adugo, aduga, adugas* etc. (ou *digo, diga, digas* etc.). Desta maneira resultaban nivelados na primeira persoa do presente de indicativo e todo o presente de subxuntivo os verbos *fazer* e *trager*: *fago, faga, fagas... = trago,*

*traga, tragas*... Nótese que a raíz [traɣ-] chegou a xeneralizarse a expensas de [traʒ-] ao infinitivo e a outras formas fracas do tema de presente (*traguer, traguemos, traguendo* etc., que aínda perduran hoxe; lémbrese *poñer = poño*, para unha xeneralización similar).

2. Nunha época posterior, as formas comúns *fago = trago, faga = traga* etc. provocaron que sobre *fas ~ fais, fai, fan ~ fain* se creasen *tras ~ trais, trai, tran ~ train* (en portugués deuse a mesma nivelación: *trazes, traz, trazem = fazes, faz, fazem*; e aínda máis: *trazer, trazemos* etc. = *fazer, fazemos* etc.).

3. Á súa vez, o paralelismo de *tras, trai, tran* (ou variantes) con *cas, cai, can* (ou variantes) permitiu extraer un infinitivo *traer*, analóxico de *caer*.

4. De modo similar, o resto das formas acabaron asimilándose ao paradigma de *caer: traio = caio, traemos = caemos, traía = caía, traia = caia*. Á nivelación de *trager* con *caer* contribuíu, sen dúbida, o verbo *retraer* 'contar, referir', de uso frecuente aínda no século XV; este verbo, aínda que se remonte a *RETRAGERE, ten xa na época medieval a forma *retraer* (e non **retrager*), porque é préstamo do occitano *retraire*. A conxugación de *retraer* era idéntica á de *caer*.

5. *Traio, traia* etc., por influxo do castelán, acabaron pasando nalgunha zona a *traigo, traiga* etc. Cada un destes estadios cronolóxicos que acabamos de enumerar na súa secuencia aproximada non supón a anulación do anterior. Iso explica que na sincronía actual haxa restos de cada unha das etapas.

Normativamente debemos excluír aquilo que é alleo (*traigo, traiga* etc.), ou o que é moi marxinal (*trer, traír*) e o que, sendo galego, é minoritario (*traguer*). Queda, por tanto, un verbo *traer*, cunha conxugación idéntica á de *caer* no tema de presente. Desta maneira escóllense as formas maioritarias xeograficamente, que por outra parte son as máis utilizadas pola tradición escrita moderna.

***Trouxen, trouxera, trouxese, trouxer.*** Aínda que na fala actual existen as raíces *troux-* (*trouxen* etc.), *troix-* (*troixen*), *trux-* (*truxen*), *troug-* (*trouguen*), *trug-* (*truguen*), *trui-* (*truien*) e *tru-* (*truen*), a forma máis común, dispersa por todo o territorio lingüístico, é *troux-*; é tamén a forma tradicional e, por tanto, a escollida como normativa.



## 17.3.26. *VALER*

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| vallo | valía | valla | |
| vales | valías | vallas | vale |
| vale | valía | valla | |
| valemos | valiamos | vallamos | |
| valedes | valiades | vallades | valede |
| valen | valían | vallan | |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| valín | valera | valese | valer |
| valiches | valeras | valeses | valeres |
| valeu | valera | valese | valer |
| valemos | valeramos | valésemos | valermos |
| valestes | valerades | valésedes | valerdes |
| valeron | valeran | valesen | valeren |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| valerei | valería | valer | INF. |
| valerás | valerías | valeres | valer |
| valerá | valería | valer | XER. |
| valeremos | valeriamos | valermos | valendo |
| valeredes | valeriades | valerdes | PART. |
| valerán | valerían | valeren | valido |

Conxúgase da mesma maneira o derivado *equivaler*.

***Vallo, valla, vallas, vallamos, vallades, vallan.*** No galego actual alternan *vallo / val(i)o, valla / val(i)a* etc. A segunda forma é unha creación moderna motivada pola extensión analóxica da raíz *val-* (de *valer, vales, vale* etc.); a primeira é a etimolóxica, a única documentada na época antiga. Por esta razón é a escollida como normativa.

***Valerei*** (vide 17.3.1).

### 17.3.27. *Ver*

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| vexo<br>ves<br>ve<br>vemos<br>vedes<br>ven | vía<br>vías<br>vía<br>viamos<br>viades<br>vían | vexa<br>vexas<br>vexa<br>vexamos<br>vexades<br>vexan | <br>ve<br><br><br>vede<br> |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| vin<br>viches<br>viu<br>vimos<br>vistes<br>viron | vira<br>viras<br>vira<br>viramos<br>virades<br>viran | vise<br>vises<br>vise<br>vísemos<br>vísedes<br>visen | ver<br>veres<br>ver<br>vermos<br>verdes<br>veren |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| verei<br>verás<br>verá<br>veremos<br>veredes<br>verán | vería<br>verías<br>vería<br>veriamos<br>veriades<br>verían | vir<br>vires<br>vir<br>virmos<br>virdes<br>viren | INF.<br>ver<br>XER.<br>vendo<br>PART.<br>visto |

Conxúganse igual os derivados motivados: *entrever, prever, rever*. *Prover* conxúgase como *ver* nos tempos do tema de presente e nas formas nominais (*provexo, provés...; provía...; proverei...*), mentres que nos tempos do tema de perfecto tende a facerse regular: *provín, proviches, proveu, provemos, provestes, proveron; provera* etc.; *provese* etc.; *prover* etc.

***Vin, viches, viu... vira... vise... vir...*** Aínda que no tema de presente o verbo *ver* é da segunda, no tema de perfecto é da terceira. Iso significa que na terceira persoa do pretérito, na fala actual, alternan *viu / veu*, cunha distribución xeográfica idéntica á de *partiu / parteu* (vide 17.1). A forma normativa é, por tanto, *viu*, como *partiu*.



### 17.3.28. *Vir*

| INDICATIVO | | SUBXUNTIVO | IMPERATIVO |
|---|---|---|---|
| PRESENTE | COPRETÉRITO | PRESENTE | |
| veño<br>vés<br>vén<br>vimos<br>vindes / vides<br>veñen | viña<br>viñas<br>viña<br>viñamos<br>viñades<br>viñan | veña<br>veñas<br>veña<br>veñamos<br>veñades<br>veñan | <br>ven<br><br><br>vinde / vide<br> |
| PRETÉRITO | ANTEPRETÉRITO | PRETÉRITO | INF. CONX. |
| vin<br>viñeches<br>veu<br>viñemos<br>viñestes<br>viñeron | viñera<br>viñeras<br>viñera<br>viñeramos<br>viñerades<br>viñeran | viñese<br>viñeses<br>viñese<br>viñésemos<br>viñésedes<br>viñesen | vir<br>vires<br>vir<br>virmos<br>virdes<br>viren |
| FUTURO | POSPRETÉRITO | FUTURO | F. NOMINAIS |
| virei<br>virás<br>virá<br>viremos<br>viredes<br>virán | viría<br>virías<br>viría<br>viriamos<br>viriades<br>virían | viñer<br>viñeres<br>viñer<br>viñermos<br>viñerdes<br>viñeren | INF.<br>vir<br>XER.<br>vindo<br>PART.<br>vido |

Conxúganse igual os derivados de *vir* (*advir, convir, contravir, desconvir, desavir, devir, intervir, previr, provir, reconvir, sobrevir*), aínda que no tema de perfecto algúns deles tendan a conxugarse polo modelo regular (vide *advertir*, en 17.2.5.2.1).

***Vindes / vides, vido / vindo***. Cf. o indicado para *tendes / tedes* en 17.3.24. Debe sinalarse que a forma *vindo*, que en principio debera ocupar a mesma área que *vindes* (e *tendes*), só se rexistra nun punto do ALGa. Quizais fose a homonimia co xerundio o que motivou a regresión do participio *vindo*, en favor da forma máis regular *vido*, que segue o modelo dos demais verbos da terceira conxugación (*ir: ido, vir: vido*). A pesar do paralelismo entre *vindes* e *vindo*, a situación minoritaria da forma *vindo* na fala aconsella dar preferencia normativamente a *vido*.

***Veñen, vén***. Cf. o indicado para *teñen, ten* en 17.3.24.

***Veu.*** Na fala actual, para a terceira persoa do pretérito (prescindindo de variantes sen importancia neste caso), alternan *veu / viu / vén*. *Veu* ocupa a maior parte de Galicia; é a forma esperada a partir do medieval *vẽo. Viu* existe nunha zona compacta do sur de Pontevedra e nalgúns outros puntos dispersos; é unha forma analóxica moderna baseada na proporción *partir : partiu = vir : viu.* Na zona occidental da provincia da Coruña (onde se di *varriu*, fronte ao máis común *varreu*, conforme vimos en 16.1), esperariamos que *veu* se transformase en **viu*; esta redución non chegou a darse para evitar unha homonimia con *viu* (de *ver*); a homonimia preveuse mantendo *veu*, en contra do esperado, ou apelando á forma *vén*, coincidente coa do presente (*el vén onte*).

Normativamente débese dar preferencia á forma maioritaria e tradicional *veu* [bɛw].

***Virei*** (vide 17.3.1).



# 18. Adverbios e locucións adverbiais

## 18.1. De lugar

| | | |
|---|---|---|
| *á beira* | *ao lado / ó lado* | *diante* |
| *a carón* | *ao pé / ó pé* | *embaixo* |
| *a contramán* | *ao redor / ó redor* | *en fronte* |
| *a rente(s)* | *aquén* | *encima* |
| *abaixo* | *aquí* | *enriba* |
| *acá* | *arredor* | *fóra* |
| *acó* | *arriba* | *lonxe* |
| *acolá* | *atrás* | *ningures* |
| *adiante* | *avante* | *onde* |
| *aí* | *cerca* | *preto* |
| *alá* | *debaixo* | *u?* |
| *alén* | *dentro* | *velaí* |
| *algures* | *derredor* | *velaquí* |
| *alí* | *derriba* | *xalundes* |
| *aló* | *detrás* | |

***Aquí, alí.*** As dúas formas conviven no galego actual con *aiquí, ailí; eiquí, eilí*; e mesmo *equí, elí* (con [ɛ]). No galego antigo non se documentan senón as formas que empezan por *a-*. Por seren as tradicionais e maioritarias e por manteren o paralelismo con outras palabras semántica e etimoloxicamente afíns (da familia dos deícticos: *aquel; acá, alá; acó, aló*), débese dar preferencia a *aquí* e *alí*. No galego moderno entrou a formar parte da serie tamén *aí*, realizada ás veces *eí* [ɛ'i]; normativamente non cabe tampouco senón *aí*. As palabras compostas con algún dos elementos anteriores deben ser consecuentes coas escollas mencionadas: *velaquí, velaí*.

***Aí.*** No galego antigo era *i*, grafado ás veces *hi* (como *u* ~ *hu*) ou *y*. Semanticamente o seu valor era o dun derivado pronominal, máis amplo ca o do actual *aí*, similar ao *y* do francés moderno. O *a-* protético foi gañado polo paralelismo con *aquí* e *alí*, que o teñen etimolóxico. O *-h-* con que se viña escribindo non tiña senón unha xustificación diacrítica. O uso do acento permite diferenciar *aí* de *ai*, co cal resulta redundante e inxustificado o uso castelanizante do *-h-*.

***Preto.*** No galego moderno non se rexistra senón *preto*, que ten unicamente valor adverbial (sinónimo de *cerca*). No galego antigo documéntase *preto* maioritariamente, tanto con valor adverbial ('cerca'), coma adxectivo ('negro'); hai tamén algún testemuño escaso de *perto*. En portugués, a través dunha especialización fonético-semántica, viven as dúas formas: *perto* 'cerca' e *preto* 'negro'.

Normativamente non cabe escoller senón *preto*, por ser practicamente forma tradicional e por ser case a única representada na fala de hoxe.

***U.*** Este adverbio interrogativo só se usa seguido de artigo determinado ou formas átonas do pronome persoal de 3ª persoa en enunciados sen verbo: *u-lo meu sombreiro?; tráeme a chaqueta, e ula?* Pero non **ulos puxeches?*

## 18.2. DE TEMPO

*a cada canto*
*a cada pouco*
*a deshora*
*a destempo*
*a diario*
*a miúdo*
*a tempo*
*acotío*
*agora*
*aínda*
*antano*
*antes*
*antes de antonte*
*antonte*
*ao outro día / ó outro día*
*ao pouco / ó pouco*
*ao raro / ó raro*
*aos poucos / ós poucos*
*arestora*
*arreo*
*ás veces*
*asemade*
*atrás*
*axiña*
*cando*
*cedo*
*cerca*
*daquela*
*de alí a pouco*
*de aquí a pouco*
*de camiño*
*de cando en cando*
*de cando en vez*
*de momento*
*de raro en raro*
*de tempo en tempo*
*de vez en cando*
*decontado*
*decontino*
*decote*
*decotío*
*deica pouco*



*deica un pouco*
*deseguida*
*deseguido*
*despois*
*detrás*
*diante*
*en diante*
*en tempo*
*endexamais*
*endoutro día*
*enseguida*
*entón*
*entrementres*
*hogano*
*hoxe*
*hoxe en día*
*inda*
*logo*
*mañá*
*mentres*
*namentres*
*noutrora*
*nunca*
*o outro antonte*
*onte*
*outrora*
*para o outro día*
*pasadomañá*
*por veces*
*pouco a pouco*
*pouco e pouco*
*preto*
*pronto*
*seguido*
*sempre*
*tarde*
*trasantonte*
*xa*
*xacando*
*xamais*

***Antonte.*** É a forma maioritaria en Galicia para designar 'o día antes de onte'. Para este mesmo concepto rexístranse na fala actual *nantronte* (que predomina na provincia de Pontevedra) e *noutronte, antronte, antontes, antointe, antoite* etc., en puntos illados. As formas *antonte, antontes, antointe, antoite* e *noutronte* son aínda de formación transparente; *nantronte* e *antronte* son o resultado dun cruzamento entre *antonte* e *noutronte*.

Normativamente debe ser preferida (á parte da forma analítica *antes de onte*) a forma maioritaria e máis próxima á orixinaria: *antonte*.

Consecuentemente, para 'o día antes de antonte', ademais de *trasantonte*, recoméndanse as formas analíticas *antes de antonte* e *o outro antonte*, de uso tan frecuente coma a forma sintética.

***Despois.*** É a forma maioritaria no galego moderno xunto coa súa variante fonética *dispois*; escasamente documentadas están *dempois, despós, despous* (e *dispous*). No galego antigo, ao lado de *pois* 'despois', había *depois, despois, depós, depús* e *despós*, documentadas todas desde as orixes do idioma.

Normativamente só cabe escoller *despois*.

***Aínda, inda.*** No galego actual rexístranse as dúas variantes en proporcións case iguais, mesmo a nivel individual. A aparición dunha ou da outra depende do ritmo da frase. Ambas as formas (amais de *eínda*) están documentadas desde os textos do século XIII. Normativamente son aceptables *inda* e *aínda* como absolutamente sinónimas.

***Mentres.*** No galego moderno rexístranse moi abundantemente, case a partes iguais, *mentres* e *mentras*; con frecuencia aparece *mentes*, e de modo moi esporádico *namentres, entrementres, namentes, entrementes, enmentres, namentras, entramentras, mentramentras*. No galego antigo predomina mentre sobre *mentres, enmentre, enmentres*; non hai formas acabadas en *-a(s)*.

Normativamente deben excluírse todas as formas en *-as*; entre as restantes debe darse preferencia a *mentres* e ás acabadas en *-mentres*, que son as tradicionais.

## 18.3. De cantidade e precisión

| | | |
|---|---|---|
| *a medias* | *de sobra* | *moito* |
| *abondo* | *de todo* | *nada* |
| *algo* | *demasiado* | *por aí* |
| *apenas* | *de vez* | *pouco* |
| *bastante* | *logo* | *só* |
| *ben* | *máis* | *soamente* |
| *canto* | *malamente* | *talmente* |
| *case* | *medio* | *tan* |
| *casemente* | *menos* | *tanto* |
| *dabondo* | *mesmamente* | *xustamente* |
| *de máis* | *mesmo* | *xusto* |
| *de menos* | *moi* | |



## 18.4. De modo

| | | |
|---|---|---|
| *a correr* | *ao dereito / ó dereito* | *de repente* |
| *a dereitas* | *ao fin / ó fin* | *de socate* |
| *a eito* | *ao xeito / ó xeito* | *de socato* |
| *a escape* | *ás présas* | *de súpeto* |
| *a feito* | *ás toas* | *devagar* |
| *á fin* | *asemade* | *en balde* |
| *á mantenta* | *así* | *engorde* |
| *á présa* | *ben* | *gratis* |
| *a propósito* | *como* | *mal* |
| *a treo* | *de balde* | *mellor* |
| *adrede* | *de face* | *paseniño* |
| *amodo* | *de golpe* | *peor* |
| *ao cabo / ó cabo* | *de pronto* | *secasí* |
| *ao chou / ó chou* | *de propósito* | |

*Adverbios en* ***-mente.*** Os adverbios de modo constitúen unha serie aberta. Moitos adxectivos inmobilizados na súa forma masculina poden funcionar ocasionalmente como adverbios de modo (*falar alto, correr lixeiro* etc.). Tamén se habilitan adverbios de modo a partir de adxectivos na súa forma feminina seguidos da terminación *-mente: boamente, docemente, caladiñamente.* A mecanización de *-mente* (nas súas orixes substantivo) é total, de xeito que pode mesmo adherirse a palabras que orixinariamente non eran adxectivos; neste caso resultan máis ben adverbios de cantidade (ou precisión): *soamente, talmente, propiamente, mesmamente, outramente, casemente.*

## 18.5. De afirmación

| | | |
|---|---|---|
| *abofé* | *de certo* | *tamén* |
| *así mesmo* | *si* | *xaora* |

## 18.6. De negación

| | | |
|---|---|---|
| *nin* | *non xa* | *tampouco* |
| *non* | *sequera* | |

***Nin.*** No galego moderno só se rexistra a forma *nin.* No galego antigo está documentado case exclusivamente *nen;* pero aparece *nin* xa na *Corónica de Iria.* De todas as maneiras, a vacilación *nen/nin* xa é anterior; doutra maneira non se explicaría como, en palabras derivadas en que entra esta conxunción como prefixo privativo (< NEC), aparece *nin-* desde os textos máis antigos, e non só en posición antevocálica, onde o paso *ne* > *ni* é explicable pola perda do carácter vocálico do *-e* (*ni un, nĩ un, nin un*), senón tamén en posición anteconsonántica (*ninmigalla, nimigalla; ningún; ninguén*). Estas palabras, que no galego antigo tamén podían empezar por *ne(n)-* (*ne un, nẽ un, nen un; nenmigalla, nemigalla; nengún; nenguén*), acabaron fixándose en galego moderno sempre con *nin-* (*ningún, ninguén, ningures*). Xa Sarmiento, que usa indistintamente *nin* e *nen*, non utiliza senón *ningún, ninguén, nin migalla.* Cómpre advertir que a distribución xeográfica port. *nenhum*, gal. *ningún* xa parte da Idade Media, o cal non quita que aínda nos dialectos do N de Portugal se siga dicindo *ninhum* (e tamén *nim*).

A resolución das vacilacións *nengún / ningún, nenguén / ninguén, nemigalla / nimigalla, nengures / ningures* en favor da segunda forma acabou levando tamén a que a vacilación *nen / nin* se resolvese en *nin*. A esta simplificación de variantes axudou, sen dúbida, a transparencia etimolóxica dalgúns dos indefinidos mencionados, definitivamente resoltos en *nin-* (como ao revés, a falta de transparencia etimolóxica mantivo o *ninguém* do portugués a salvo da restauración en *nenguém*).

## 18.7. De dúbida

| | | |
|---|---|---|
| *acaso* | *quizabes* | *seica* |
| *ao mellor / ó mellor* | *quizais* | *talvez* |
| *disque* | *se cadra* | |
| *poida que* | *se callar* | |



***Quizais, quizabes.*** *Quizais,* propia do galego oriental, é a forma que presenta maior vitalidade no galego moderno, fronte a *quizabes,* que ten un uso máis restrinxido. Existen tamén outras variantes de certa circulación, como *quizá, quizás* ou as formas metatizadas *cecais* e *cicais*, pero normativamente recoméndanse *quizais* e *quizabes*.

# 19. Preposicións e locucións prepositivas

*a*
*á beira de*
*a carón de*
*a causa de*
*a diferenza de*
*a forza de*
*a par de*
*á parte de*
*a pesar de*
*a poder de*
*a por de*
*a prol de*
*a rente(s) de*
*a respecto de*
*a son de*
*a través de*
*abaixo de*
*acerca de*
*ademais de*
*aga*
*agás*
*alén de*
*amais de*
*ante*
*antes de*
*ao par de / ó par de*
*ao pé de / ó pé de*
*ao redor de / ó redor de*
*após*
*aquén de*
*arredor de*
*arriba de*
*ata*
*até*
*atrás de*
*baixo*
*baixo de*
*bardante*
*bardante de*
*beira de*
*cabo*
*cabo de*
*canda*
*canto a*
*cara a*
*cas*
*cas de*
*cerca de*
*cima de*
*co gallo de*
*con*
*con respecto a*
*conforme (a)*
*consonte*
*contra*
*contra de*
*de*
*de par de*
*debaixo de*
*deica*
*dende*
*dentro de*
*derredor de*
*derriba de*
*des*
*desde*
*despois de*
*detrás de*
*diante de*
*durante*
*en*
*en canto a*
*en favor de*
*en fronte de*
*en lugar de*
*en par de*
*en troques de*
*en vez de*
*encima de*
*encol de*
*enriba de*
*entre*
*excepto*
*fóra*
*fóra de*
*fronte a*
*lonxe de*



*malia*
*mediante*
*menos*
*no canto de*
*onda*
*para*
*perante*
*por*
*por ante*
*por causa de*
*por cousa de*
*por culpa de*
*por medio de*
*por mor de*
*preto de*
*quitando*
*respecto a*
*respecto de*
*riba de*
*sacado*
*sacando*
*salvante*
*salvo*
*segundo*
*sen*
*senón*
*so*
*sobre*
*sobre de*
*tocante a*
*tras*
*tras de*
*verbo de*
*xunta*
*xunto a*
*xunto de*

***Ata, até***. Trátase dunha preposición común a case todas as linguas iberorrománicas, frecuente en todas as épocas e con múltiplas variantes en cada unha das linguas, non sempre doadas de explicar. O punto de partida é, sen dúbida, o arabismo *ḥáttà*.

Na lingua medieval a forma máis usada era *ata*; séguelle en frecuencia *atra* e moitas outras variantes minoritarias co mesmo significado, mais non sempre da mesma orixe (*aata, ataa, ta, taa, ate, até, atés, atee, atees, atẽes, atẽen, atẽena, ateinas, te, tee, teẽ*), *atro, atroen, atroes, atroena, tro, trões* e mesmo os castelanismos *fasta* e *fata*. Posteriormente introduciuse *asta*, modificado con frecuencia en *astra*. Estes castelanismos tiveron moita expansión, ata o punto de que case eliminaron a forma tradicional, hoxe escasamente documentada; en portugués triunfou a forma *até*, propia do territorio que está ao sur da Beira.

Normativamente admítese a forma tradicional galega, *ata*, e tamén a forma *até*, con tradición na lingua literaria do século XX.

***Desde, dende, des***. A forma máis usada na lingua medieval é *des* (< DE EX), aínda viva hoxe tanto como preposición (moi minoritaria) como parte da locución conxuntiva *des que*. *Dende* (< DE INDE) aparece usada tamén na Idade Media, aínda que daquela non se empregaba como sinónima da anterior. *Desde* é máis moderna, formada sobre *des* (como *dendes de* e outras formacións similares), e practicamente substituíu na lingua actual a forma primitiva. Normati-

vamente calquera das tres é aceptable, se ben debe terse en conta o escaso uso de *des* no galego actual.

